

vilalba

Realizan labores de arranxo en diferentes camiños municipais. **Pax. 5**

a pastoriza

O Concello convocará de novo as axudas a asociacións e a escolares. **Pax. 23**

castro de rei

Instalan 80 contedores marróns para a reciclaxe de refugallos para compostaxe. **Pax. 25**

cospeito

O Concello rescindirá o contrato coa nova adjudicataria do PXOM. **Pax. 31**

abadín

Entrevista ao alcalde, José María López Rancaño, que fala dos proxectos destacados. **Pax. 37**

O Nadal chega a todos os rincóns da comarca



Rehabilitan a antiga reitoral de Suegos

O Concello avanza neste proxecto, que a convertirá nun centro social para a parroquia. **Pax. 21**

Melloras para o Campo da Feira do Viveiró

Aprobado un convenio de colaboración entre Deputación e Concello de Muras para a humanización. **Pax. 33**

Muíño de Barxa



A nova asociación meirega fala dos seus propósitos para este ano. **Pax. 34**

Fundación Manuel María



Alberte Ansede é o novo presidente desta entidade outeirisa. **Pax. 39**

V Carreira de Castro de Rei



O Concello celebrará de novo esta carreira popular, a primeira do ano. **Pax. 45**

A Deputación formou a 760 empregados

Dirixido a persoal da administración pública, foi clausurado coa entrega de diplomas. **Pax. 43**



BO NADAL

Desde Novalux queremos desexarvos un Bo Nadal, ademais de agradecervos a confianza que un ano máis depositastes en nós.

VILALBA · AS PONTES

Nº 8 51 27-000351
Nº 8 51 27-000013

Nº 8 51 25-000024
Nº 8 51 25-001170

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Arranca un Nadal ao completo

O Concello de Vilalba presentou a súa programación de Nadal cunha variada oferta lúdica, cultural e festiva para todas as idades, que se prolongará durante máis dun mes e na que unha das novidades será a pista de xeo que se ubicará na praza da Constitución.

O Nadal comezou en Vilalba co acendido das luces e a inauguración do poboado de Nadal. Este momento tan especial estivo amenizado pola mini banda de Vilalba e os pequenos da Asociación Cultural de Andrade.

“Durante os días seguintes poderemos desfrutar de moitos e variados espectáculos no Auditorio para os que, como sempre, haberá que sa-

car entradas previas tanto a través da web do Concello como na Casa da Cultura”, explicou Antía Rama. Dende o Concello está sinalado en vermello o día 21, un dos máis especiais do ano, pola celebración da Feira do Capón.

O tradicional Concerto da Banda de Música de Vilalba, os hinchables, as danzas, a música vilalbela, e a representación dun dos seus monólogos a cargo de Touriñán, serán outras das propostas deste programa que non esquece por suposto a visita de Papá Noel e dos Reis Magos, tanto no casco urbano como nas parroquias.

“Contaremos ademais na recepción na Praza da Constitución cunhas

personaxes moi coñecidas grazas a Somos Unidos polo Cáncer”, recorda Antía Rama, que anunciou tamén a carreira San Silvestre antes do peche do ano.

O peche do Nadal en canto a espectáculos será o 6 e 7 de xaneiro coa representación do Ballet da Ópera Nacional de Moldavia e un concerto para celebrar os 30 anos de Meigallas xunto aos vilalbeses e vilalbesas máis cativos.

Marta Rouco adiantou as accións que se levarán a cabo para o fomento do comercio na vila nestas datas. Entre estas iniciativas destaca o reparto de bolsas reutilizables entre o pequeno comercio, cunha mensaxe simbólica que esta vez será ‘Merca en Vilalba’ para agradecer á xente a súa compra. “É unha aposta que levamos facendo dende hai tres anos, porque estamos convencidos de que hai que tratar de concienciar aos veciños e veciñas da importancia de mercar no noso comercio e de dinamizar o que é a nosa vila”, asegurou.

Nesa liña tamén avanzou o que será o prato forte no Nadal en Vilalba, a pista de xeo que se vai instalar na Praza da Constitución entre o día 25 ata o 8 de xaneiro. A pista estará funcionado tódolos días de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas. As entradas darán acceso ó recinto durante 45 minutos e en cada quenda poderán entrar 45 persoas.

“Haberá dúas formas de mercalas: a través da páxina web, na que se poden reservar tanto o día como a hora, pero sempre deixando unha cantidade libre para a xente que as queira adquirir presencialmente ou



que teña entradas froito dos sorteos que se van facer nos establecementos Gadís”, detallou.

A organización lembra que é obrigatorio gardar os tickets de compra para xustificar as compras.

Feira do Capón o día 21

A Feira do Capón volverá celebrarse o mércores 21 de decembro na praza da Constitución. O evento arrancará o 21 de decembro ás 10:00 horas coa apertura da feira, onde o capón estará arroupado “por exquisitos produtos do noso concello e arredores: desde queixo de San Simón ou o roscón de Vilalba ata carnes, mermeladas, mel ou as filloas de Muimenta”, explicou Antía Rama.

Ás 11.30 horas chegará o momento máis importante da feira, coa entrega de premios ás criadoras e criadores e o sorteo do mellor par de capóns seleccionados polo xurado. Os asistentes que queiran levarse a casa gratis uns dos mellores capóns da feira soamente terán

que deixar o seu nome na caseta da organización.

Trala entrega de premios, de 12.30 a 14 horas, na foodtruck que haberá na praza repartiranse 300 tapas de capón para que todo o mundo probe e disfrute deste manxar. Haberá tres elaboracións diferentes, feitas con capón e capón da raza por Antonio Díaz, cociñeiro da AUTGA Autóctonas especializado en produtos locais e autóctonos.

A Deputación de Lugo colabora con esta cita na difusión a través da elaboración dun documental, elaborado polo Servizo de Audiovisuais da institución provincial, sobre o proceso de crianza deste produto. O promocional proxectouse no acto de presentación.

COMERCIO. A Asociación de Empresarios Sete Pontes celebrou a presentación da Campaña de Nadal Merca e Gaña no Comercio Local de Vilalba que regresa un ano máis para incentivar a compra nos negocios do termo municipal.

A Campaña arrancará o próximo 9 de decembro e durará ata o 5 de xaneiro. Sortearanse 2000 euros en vales. Haberá un primeiro de 500 euros, dous de 250, cinco de 100 e dez premios e 50 euros cada un.

Para participar é necesario selar 5 casillas en cinco establecementos participantes diferentes e realizar unha compra mínima de 10 euros. Hai 70 que están dentro da campaña.

O sorteo terá lugar o 12 de xaneiro. Poderán participar todos aqueles tickets que fixeran a compra entre esas datas.

ESCAPARATES. Foi convocado o IV Concurso de Escaparates de Nadal en Vilalba co obxectivo de promover a actividade comercial e favorecer un ambiente propio das Festas do Nadal.

Este concurso está aberto a todos aqueles establecementos comerciais situados na vila. Os escaparates deberán permanecer decorados a diario ata as 22.00 horas dende o 12 de decembro ao 8 de xaneiro de 2023.

O tema para desenvolver neste concurso será alegórico ao ambiente propio das Festas do Nadal e sempre combinándoo cos produtos propios do establecemento.

Os criterios de valoración para valorar cada escaparate serán a creatividade, a orixinalidade e a complexidade, a artesanía, o deseño e a calidade, o atractivo comercial e a decoración acorde ao produto

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

TODO PARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES MARCAS

ZEPELIN

ANOVA



RYS
SESACAR

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com



de venda. O xurado determinará os tres mellores escaparates, recibindo un premio de 600 euros no caso do primeiro clasificado, de 400 euros no caso do segundo e de 200 euros para o terceiro. Ademais, concederáse un premio de 100 euros para o escaparate máis votado nas redes sociais, compatible co resto de premios.

FACHADAS. O Concello de Vilalba convoca unha nova edición do concurso de decoración de casas, fachadas e balcóns de Nadal.

“A finalidade desta iniciativa é promover e contribuír a crear un ambiente festivo nas rúas durante a

época de Nadal. A gran resposta da vila e dos veciños e veciñas na primeira edición do ano pasada animounos a repetir a experiencia”, subliña Antía Rama, concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados.

A participación no concurso é aberta a todas as vivendas tanto do casco urbano como do rural, pero só poden inscribirse persoas maiores de idade e empadroadas no concello cunha temática para desenvolver alegórica e propia do ambiente das Festas do Nadal.

Establécense tres categorías: Casas na decoración exterior; Pisos e edificios que inclúe a decoración de fies-

tras, balcóns e portas de exterior (a votación nos dous casos corresponderá ao xurado); e a categoría de decoración interior, tanto de casas como para pisos ou edificios, que será votada a través do Facebook.

No caso da primeira categoría o primeiro clasificado terá un premio de 200 euros, o segundo de 150 e o terceiro de 100 euros, mentres que no caso dos pisos e edificios os galardóns oscilan entre os 150 e os 50 euros. Para os gañadores na decoración interior establécense un único agasallo de 75 euros por ser o máis votado en Facebook con máis ‘me gustas’ ou ‘encántame’ ata o 6 de xaneiro de 2023 ás 23:59 horas. Trátase dun premio non acumulable aos anteriores.

A inscrición prolongarase ata o 18 de decembro de a través da sede electrónica do Concello (<https://vilalba.sedelectronica.es/>) cubrindo a instancia xeral e achegando o anexo de inscrición e documentación complementaria, ou ben presencialmente por rexistro, en horario de 9:00 a 14:00 horas. A folia de inscrición estará dispoñible na web do Concello (www.vilalba.gal) e na oficina de cultura.

As decoracións deben estar visibles dende a rúa, e completamente instaladas dende o 21 de decembro ao 6 de xaneiro de 2023.

A valoración, con puntuación entre 0 e 5 puntos, responderá a criterios

de orixinalidade e complexidade, artesanía, deseño, decoración con material reciclado e iluminación.

CEIP TERRA CHÁ. O Ceip Terra Chá da parroquia vilalbese de Román deseñou un amplo programa de actos do Nadal que se iniciou o 14 de decembro e inclúe diversas actividades ata o xoves 22.

Así, a primeira consistiu na visita do apalpador a través de Anxo Moure, para continuar, ao día seguinte coa participación nun obradoiro de xoguetes no Castro de Viladonga para os de Primaria e unha visita ao Belén de Begonte, para os de Infantil. O venres 16, asistirán á proxección

da película *Valentina*, no auditorio de Vilalba e o luns 19 será a vez dun obradoiro de doces de Nadal, a cargo de Larilandia e a participación nas festas da presentadora de televisión Lucía Veiga.

Dedicarán o martes a unha visita á igrexa de Román e ao seu belén, no Día da Parroquia. O mércores 21 está programada unha viaxe a Viveiro para visitar o Belén a tamaño real, ir ao cine, tomar chocolate con churros na praza e participar nun xantar de Nadal.

Rematará o programa coa festa de final de ano, na que haberá cabalgata de Papá Noel, badaladas de final de ano e chocolate con churros.

San Silvestre vilalbese

O 16 abre o prazo de inscrición da VII Carreira-Andaina San Silvestre Vilalbese 2022, que como cada Nadal servirá para dicir adeus ao ano o próximo día 31.

A proba dividírase de novo en seis categorías: pitufos (nados entre o 2017 ao 2019) cun percorrido de 150 metros; sub 7 (2015 a 2016) con 300 metros; sub 10 (2012 a 2014) que completarán 900 m; sub 13 (2009 a 2011) con 1.800 m; absoluta (2008 e anteriores) cunha distancia de 5.250 m; así como a andaina de 2,5 quilómetros.

A praza da Constitución de Vilalba será o punto de saída e de chegada das carreiras que comezarán ás 16:30 no caso dos máis cativos ata ás 17:30 horas, momento en que lle tocará a quenda ós participantes na proba absoluta e na andaina. As inscricións son de balde e poderán formalizarse ata o luns 26 de decembro ás 20:00 horas na web <https://ccnorte.com>. Non se aceptan as inscricións por teléfono, correo electrónico ou de maneira presencial. Os participantes poden ir disfrazados.

Andaina Cruz Vermella

Un ano máis, Vilalba acollerá a Andaina Solidaria de Cruz Vermella, que ten como obxectivo recaudar fondos para a compra de xoguetes novos para aqueles nenos de familias sen recursos e con risco de exclusión social.

A Andaina Solidaria terá lugar o 18, a partir das 12.00 horas e a inscrición para a mesma xa está aberta e pode realizarse en horario de mañá nas oficinas de Cruz Vermella, situadas no polígono industrial de Sete Pontes e nos teléfonos 620 218 127 ou 982 511 303 de luns a

venres entre as 10.00 e as 20.00 horas. Como o ano pasado, os participantes poderán aportar o que consideren como cuota de inscrición e recollerán o seu dorsal a partir das 11.30 horas. O percorrido, todo urbán, constará de 3,5 quilómetros sen dificultade ningunha para que podan participar persoas de todas as idades con saída e chegada á praza de Santa María. O prazo de inscrición remata o 16. Tamén poderán participar os pequenos da casa coas súas bicicletas, patíns ou patinetes.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

“Sería ideal ter un espazo propio de uso exclusivo do grupo”

Pilar Otero, membro da directiva da Asociación Buxos Verdes da Chaira

A Asociación Cultural Buxos Verdes de Vilalba celebrou a súa festa de 20 aniversario no auditorio, unha reunión de amigos, ex membros e colaboradores deste grupo, na que houbo tempo para todo. Obradoiros para todos os públicos, sesión vermú, xantar e foliada completaron un programa que buscaba festexar a pegada deste grupo durante estes vinte anos.

Cando naceu a asociación e que percorrido tivo nestes anos?

A asociación Buxos Verdes da Chaira nace como asociación propiamente dita en plena pandemia, no 2020, xusto 20 anos despois da creación do grupo que, ata ese momento estaba incluído dentro do lescha. No ano 2000 eramos un grupo de rapazas (en feminino, porque todas as fundadoras de Buxos Verdes eramos mulleres: gaiteras, tamborileira, etc.) que decidimos dar un paso adiante e formar o noso propio grupo de acordo aos nosos intereses e expectativas. E así comezou a andaina de Buxos Verdes, cunha primeira actuación nas festas do Cristo, do barrio dos Catro camiños de Vilalba, que se retomaban despois de varios anos sen facerse. Desde o primeiro momento tivemos apoios indispensables para poder seguir adiante e por iso temos que agradecer a axuda de Aurora, unha das organizadoras daquela festa, veciña e amiga á que lembramos con moito agarimo, que contou con nós para esa primeira actuación, a de Irimia e Araceli, dúas grandes persoas que colaboraron moito neses primeiros pasos, e, por suposto, nunca esqueceremos a acollida por parte do lescha que fixo que se puidese garantir a continuidade

do novo grupo e que chegamos ata o punto no que agora nos atopamos. Tamén hai outros nomes propios moi importantes no grupo: Xan Baamonde (o Xan do Camba), Mónica e Leila, por exemplo.

Cal é o obxectivo da mesma? Con que intención se fundou?

A intención coa que se fundou o grupo inicialmente foi o de poder levar adiante a nosa forma de entender a música tradicional e a súa transmisión ás futuras xeracións, de acordo aos nosos intereses e expectativas, co obxectivo principal de desfrutar facendo o que máis nos gusta: tocar para que outras persoas o pasen ben e bailen, canten ou simplemente nos escoiten. Se falamos da intención de mudar o grupo a asociación, non é outra que a de poder xestionar de maneira máis directa as posibles subvencións ás que podemos optar tendo entidade propia como asociación. O vínculo co lescha xa non é directo máis desde logo si o é e o seguirá sendo desde o punto de vista emocional. Nunca esqueceremos o abrigo que tivemos durante 20 anos.

Como se vive este momento?

Con moitas ganas e moita ilusión. Xa queríamos levar a cabo esta celebración desde hai un par de anos, mais a pandemia fixo que non puidera ser ata agora. Neste momento as emocións, as lembranzas, as anécdotas son moitas e tamén son moitas as ganas de festa e de que todo o mundo recorde este 20º aniversario con agarimo. Por iso gustaríanos que todas as persoas que pasaron por Buxos ou que teñan algún vínculo co grupo estean con nós, celebrando.

Cal é o segredo de manterse activos todo este tempo?

Supoño que certa anarquía, que sempre está presente tanto no funcionamento como no espírito de cada unha das persoas que formamos o grupo. A liberdade, a sensación de círculo aberto e acolledor creo que pode ser unha das claves. Pero tamén a teima de moitas persoas que incluso nos momentos máis baixos seguiron aí, apostando por Buxos.

Que vinculación teñen con Vilalba?

Toda. Somos un grupo que nace e medra en Vilalba. A maioría das persoas que conforman Buxos vive na vila ou nas parroquias do concello de Vilalba. Algunhas de nós xa non vivimos en Vilalba pero seguimos mantendo o fío de unión que nos conecta co pobo precisamente a través do grupo.

Por que o nome de Buxos Verdes?

Pola primeira peza que aprendemos a tocar, que ten ese nome. Pensamos inicialmente en Cova da serpe, dos nosos admirados Xorima, que sempre nos gustou tocar, pero xa había unha asociación que levaba ese nome, así que pensamos nesa primeira peza, sinxela, como as nosas pretensións.

Canta xente pertence á asociación?

Actualmente somos uns 35 socios e socias.

Que actividades realizan durante o ano?

A actividade principal son as aulas de música (gaita e percusión) e canto. Tamén houbo baile e non descartamos volver ofrecelo como



actividade. Aparte diso organizamos algún obradoiro específico (como o de creación de pandeiros) e participamos en diversos eventos ao longo do ano (foliadas, festas patronais, efemérides varias, etc.).

Notaron un crecemento na afiliación da asociación?

Si. Cada vez hai máis socios e socias porque ademais resulta vantaxoso economicamente, pois nas aulas e nos obradoiros tense en conta o feito de pertencer ou non á asociación.

De cara ao futuro que proxectos teñen?

Seguir medrando e ampliando a oferta de actividades. Dar continuidade ao noso proxecto é o noso obxectivo prioritario. Procuraremos organizar algún outro evento, ofrecer máis obradoiros e planificar algún intercambio.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

Si, por suposto. Ademais da propia

axuda das persoas asociadas temos axudas do Concello de Vilalba e da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Non só para a organización deste 20º aniversario senón en xeral para todas as actividades que realizamos. Aparte das importantes axudas económicas por parte de ambas administracións por medio de subvencións, tamén hai que lembrar o apoio loxístico e de medios (por exemplo coa cesión de espazos para os ensaios do grupo).

Que necesidades se lles presentan?

A principal necesidade é a de ter un local propio. Sería ideal ter un espazo de uso exclusivo do grupo para poder deixar alí os instrumentos máis pesados, por exemplo, ou para ter onde poñer os nosos recordos e diplomas, que actualmente están distribuídos nos fogares de varias persoas asociadas, e mesmo para poder dar as aulas sen necesidade de adaptarnos aos horarios marcados. Tentaremos negociar un posible convenio para a cesión dun espazo público con este fin.

Que obxectivos teñen de cara ao futuro?

Como xa dixemos, o feito de dar continuidade ao noso proxecto é o noso obxectivo prioritario. Procuraremos organizar algún outro evento, ofrecer máis obradoiros, negociar un posible convenio para chegar a ter un local propio, aumentar a oferta de aulas e planificar algún intercambio entre asociacións culturais.




REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés



EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
ryramosloures

Unha vilalbesa, recoñecida entre as mellores traxectorias académicas

A Xunta acaba de recoñecer as mellores traxectorias académicas de 12 estudantes de Ensinanzas Artísticas, seis deles cos Premios Fin de Carreira para o alumnado de Ensinanzas Artísticas Superiores de Música, de Deseño, de Arte Dramática e de Conservación e Restauración de Bens Culturais; e outros seis cos Premios Extraordinarios na modalidade de Ensinanzas Artísticas Profesionais nos ámbitos de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño, que remataron os seus estudos no curso 2021/22.

Destes doce premiados tres son alumnos de escolas lucenses. Na modalidade de Premios Fin de Carreira un dos recoñecementos é para Belén Cordero Rodríguez deseñadora gráfica da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo. Nos Premios Extraordinarios de Ensinanzas Artísticas Profesionais dentro da modalidade de música dous alumnos de Lugo foron recoñecidos. Por un lado Carla Gómez Iglesias (clarinete), do Conservatorio Profesional de Música de Vilalba, e Mario Rabanal Freire (violín), do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo.

Realizan labores de amaño en diferentes camiños municipais

O Concello de Vilalba realizou labores de arranxo na parroquia de Goiriz, en concreto en varios viais dos núcleos de Orbazán, Lagüela e Reguengo. O concelleiro de Infraestruturas, Luis Fernández, e a tenente de alcalde Marta Rouco estiveron na parroquia supervisando os traballos. Estas tarefas continuarán noutros camiños da parroquia de Goiriz, en núcleos como Reboiros e Liñares, entre outros.

Estas actuacións son froito dun acordo de colaboración entre o Concello de Vilalba e a Deputación de Lugo.

OUTRAS VÍAS. Por outra banda, adjudicou as obras de pavimentación, rexeneración e sinalización de varias vías de titularidade municipal que discorren polas parroquias de Corvelle, Goiriz, Román, Codesido, Carballido e A Costa.

O Concello viuse na obriga de suspender as obras e rescindir o contrato coa primeira empresa, Asfalgal Técnicas Viarias, por graves incumprimentos na realización dos traballos. A nova empresa comezará os traballos a comezos de ano, cun orzamento de case 170.000 euros.

Os traballos consistirán na limpeza



de noiros e tubaxes de todo tipo; a mellora do drenaxe mediante a colocación de tubaxes adicionais; o recargo e nivelación das capas base, mediante zorra, macadam ou gravillón donde sexa preciso; a pavimentación mediante dobre ou triple rego asfáltico e a sinalización vertical das interseccións.

Este tipo de viais municipais de acceso ós barrios teñen unha importancia fundamental para a circulación de vehículos lixeiros, pesados e maquinaria de todo tipo en dirección ás vivendas, explotacións agrogandeiras e parcelas agrícolas ou forestais.

NETE. Tamén se renovou un vial de titularidade municipal que dá acceso

a vivendas e parcelas agrícolas na parroquia de Nete, mediante a limpeza de noiros, a rexeneración da capa de rodadura e a colocación de sinais verticais.

As obras son no vial principal da parroquia, que parte dende a estrada autonómica LU-541 (P.K. 12+430) e atravesa os núcleos de O Caxigal e O Raño, ata rematar na estrada municipal 065_012, preto do núcleo de Doade. Ten un percorrido de case catro quilómetros.

Os traballos forman parte dun investimento conxunto de 800.000 euros que se destinará ás parroquias de Vilalba nos próximos meses para actuacións de mellora do pavimento dos viais.

Mans Unidas sortea unha cesta de Nadal para recadar fondos

Mans Unidas comarcal de Vilalba celebrará o día 23 de decembro o sorteo dunha cesta de Nadal nunha acción coa que busca recadar fondos para financiar os seus proxectos en activo. Trátase dunha cesta con produtos galegos e de proximidade, doado por varias empresas da contorna entre as que se atopan Tres Fuciños, Representaciones Cabarcos, Champivil, Queixería Daniberto, Cuarto e Metade, Forxamel, Pingas de Gaia, Tres de Maio, Pastelería Ben, Bodegas Baamonde, Carpers, Entrepinares, Jamones e Embutidos Elote.es e outras persoas que prefiren manterse no anonimato. Tamén colabora Imprenta Júnior coa impresión das rifas e José Manuel Alonso Gaute, propietario do local.

A cesta está situada nun local da rúa José María Chao, no mesmo lugar onde se fará o sorteo público, o día 23, ás 12.00 horas.

A venda de rifas avanza a bo ritmo e cada unha delas supón a doazón dun euro para os proxectos de Mans Unidas. Un deses proxectos é a formación integral e profesional de mocidade de risco por violencia no Salvador e a mellora das condicións hixiénico-sanitarias do orfanato Rajmundry, na India.



Mercado de Nadal

concello de
CUITIRIZ



CAMPO DA FEIRA

Do 23 de decembro ao 5 de xaneiro

De 11 a 13 h. e de 17 a 20h.

Haberá postos de artesanía local e de hostalería.

Actividades EAsports, obradoiros de cociña, de decoración de Nadal, de instrumentos, bonecos, como envolver regalos... e moito máis.

O padroado do Hospital Asilo reclama contra o recorte da súa subvención

O padroado da Fundación Hospital Asilo informa que acordou interpoñer reclamación contra o acordo de modificación de orzamento aprobado polo Pleno do Concello de Vilalba (de 27 de outubro, a proposta do equipo do Goberno), no que se decidiu que a subvención nominativa relativa ao ano 2022 para esta Fundación fose de 10.000 euros.

“Esa decisión é contraria a dereito, xa que vulnera un convenio asinado entre o Concello e a FHAV no que se pactou o abono dunha cantidade fixa anual de 30.000 euros. O Concello está obrigado por lei a ter nos seus Orzamentos a partida necesaria para o cumprimento das obrigacións contraídas. O acordo do Concello non respecta esta obriga legal”, explica o padroado.

Afirman que antes do citado Pleno, non houbo comunicación algunha por parte do Concello con esta Fundación. “Posteriormente ao mesmo, pedimos á alcaldesa unha reunión para poder tratar este tema, que a día de hoxe non foi concedida”, din.

“O único motivo desta reclamación é defender os intereses da Fundación co fin de que o Concello cumpra o acordo alcanzado, do mesmo xeito que se fixo dende esta entidade, cumprindo o seu obxectivo social e os seus fins fundacionais, que é no que se basea, precisamente, esta subvención”, aclaran.

“Non queremos prexudicar a ningunha das diferentes Asociacións que teñen asignación nestas subvencións nominativas, que poden ver atrasada a súa cobranza porque o pleno do Concello ten que resolver previamente esta reclamación. Esta situación vén motivada pola ausencia absoluta de diálogo, e pola tardanza en acometer esta modificación do orzamento”, engaden.

O BNG impulsa no Parlamento galego un centro de día

O BNG promove a través dunha iniciativa no Parlamento galego a creación dun centro de día público na localidade chairega. Esta proposta impulsárase a través das emendas aos orzamentos da Xunta para o ano 2023. A iniciativa demanda ao Goberno galego a que se comprometa e destine partidas orzamentarias para a construción do centro de día, coa dotación de recursos precisos, tanto materiais como humanos.

Olalla Rodil, deputada do BNG por Lugo no Parlamento galego, explicou “Vilalba leva máis de 20 anos de espera, con continuos anuncios mais sen ningunha actuación da Xunta para a súa posta en marcha de verdade” e subliñou “desde o BNG levaremos a construción ao debate destes orzamentos para

que se poña en marcha canto antes, é unha débeda histórica con Vilalba e tamén coa comarca da Terra Chá”.

Rodil destacou que Vilalba como cabeceira de comarca, con máis de 14000 habitantes e cunha poboación maior que supón o 30% “é vital contar con servizos públicos para garantir unha vellez digna e facer posíbel a conciliación familiar, xerando máis benestar”.

Neste senso, a deputada fixo fincapé “a veciñanza leva demasiado tempo e nin o PP nin o PSOE dan cumprido as súas promesas para establecer este servizo público, mais o BNG seguirá a traballar para a creación deste servizo crucial; agardamos que o PP á fronte da Xunta non vote en contra desta proposta”.

Vilalba Aberta propón unha rebaixa do ICIO para obras

O Grupo Municipal de Vilalba Aberta levará ao pleno de novembro unha proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 4 co obxectivo de eximir do pagamento do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) a aqueles veciños que aposten por instalacións de enerxías renovables nas súas vivendas ou edificios. Unha nova iniciativa da formación municipalista que, tal e como explicaron hoxe, levará engadida unha segunda proposta de exención naquelas obras encamiñadas á eliminación de barreiras arquitectónicas.

Así, e de aprobarse a proposta de modificación (artigo 1 punto 4 da citada ordenanza fiscal), tanto as obras dirixidas á instalación de equi-

pos de produción de enerxías renovables para autoconsumo, como as dirixidas a reducir a demanda enerxética en vivendas (que quede acreditado na certificación enerxética e sexan vivenda habitual) e as dirixidas á eliminación de barreiras arquitectónicas e de mellora da accesibilidade as vivendas, non estarán suxeitas ao imposto.

Unha opinión compartida pola vicevoceira da formación, M^{ra} Xosé Fernández, quen puntualizou que favorecer o autoconsumo e as enerxías verdes “non é o único obxectivo de VA”. Tal e como explicou, “a mellora na calidade de vida das persoas dependentes é tanto ou máis importante nesta proposta de actuación.”



O PP reivindicou a figura de Manuel Fraga no seu centenario

O presidente do Partido Popular de Galicia, Alfonso Rueda, reivindicou onte a Manuel Fraga como “un home que viviu por e para construír Galicia e facela mellor” e afirmou: “Para ser dignos da súa herdanza debemos ser capaces de seguir o seu legado e aprender das súas ensinanzas desde a austeridade, a firmeza, a convicción e cunha mente aberta”. Fixo estas declaracións no acto organizado polos populares galegos en Vilalba para conmemorar o centenario do presidente fundador do Partido Popular e no que puxo en valor todo o que Manuel Fraga “foi capaz de construír desde a humildade e coas súas profundas crenzas”, referíndose especialmente ao seu papel como “pai” dunha Constitución que “segue plenamente vixente a pesar de que algunhas persoas se empeñen en derrubala” e na que se enmarca o Estado autonómico “no que tanto cría Don Manuel”.

Rueda definiu acto seguido ao Partido Popular como “o gran partido de centrodereita” que Fraga concibiou como “un dos alicerces fundamentais para darlle sentido á Constitu-

ción e para construír todo o que para este texto pensara cando a redactou”. Un partido que “Don Manuel foi capaz de fundar e engrandecer” e do que co tempo pasou a testemuña “cando estimou que era o momento para seguir sendo útil a España”.

En clave autonómica, o líder dos populares galegos puxo en valor a capacidade de Fraga para “identificarse cos sentimentos máis profundos da súa terra” e reivindicou a súa aportación na “construción da sanidade de primeira categoría que hoxe disfrutamos”, así como o seu “empeño por estender e mellorar as infraestruturas educativas, por vertebrar a nosa Comunidade e por poñer en marcha un dispositivo de extinción de incendios que segue a ser un referente moitos anos despois”.

No acto interpretouse o himno galego e Marcha do Antigo Reino de Galicia a cargo do músico Juan Ruibal, fíxose unha ofrenda floral fronte ao busto situado fronte á casa natal de Manuel Fraga en Vilalba e realizouse unha semblanza á súa figura a cargo do historiador Xosé Antonio Pombo Mosquera.

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en

Loterías Alcázar

Administración de loterías dende 1927

17 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 21 ANOS!
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

Chiruca

MEPHISTO
FINEST WALKING SHOES

Timberland

IGI&CO

GUARANTEED TO KEEP YOU DRY
GORE-TEX

CALZADOS
baamonde
Desde 1954

IN EL NATURALISTA

PRIMIGI

Os pequenos do CEIP de Román crían aves de Mos como parte da aprendizaxe

Avimós supervisa este proxecto, que abarca dende a incubación ata a súa saída ao galiñeiro

As pequenas e pequenos do colexio Terra Chá de Román, en Vilalba, participaron este ano no Plan Proxecta + Mestres Gandeiros, que ten como obxectivo central o coñecemento da gandeiría de proximidade de Galicia. Así, en colaboración con Avimós, están a criar pitos da raza de Mos co obxectivo de convertilos en capóns, un dos produtos típicos da contorna.

A idea xestouse o ano pasado. O colexio presentou a iniciativa a

Avimós, que se puxo mans á obra e incluso adiantou a conveniencia de coñecer todo ciclo, comezando coa cría dende a incubación. Así, os pequenos tiveron os ovos na incubadora no mes de novembro durante 21 días. Tras este proceso o centro dispón de 20 polos de raza de Mós, que na actualidade están no segundo proceso de cría, mediante un espazo cerrado con calor continua, para pasar a un galiñeiro ó aire libre, que se está rematan-

do de construír no centro educativo. Durante este proceso estase en continua coordinación con dita asociación.

Os resultados do programa están sendo totalmente satisfactorios, xa que o alumnado está inmerso totalmente na aprendizaxe de proceso de cría de polos, e no seu coidado, dando así resposta a actividades activas e partindo de contornas máis próximas, que son principios pedagóxicos destacados

no artigo 16 do Decreto 155/2022 do currículo de educación primaria en Galicia.

Este proceso de aprendizaxe complementase coa posta en marcha dun invernadoiro, co obxectivo de que o alumnado faga cómo hábito cotiá o de cultivar produtos naturais, e ver o procedemento do mesmo ata que chega ó prato.

O invernadoiro e a cría de polos de Mos vai vento en popa, porque o alumnado está moi ilusionado e

traballando para coidar os froitos que teñen no invernadoiro e os poliños que non paran de medrar.

AVIMÓS. A Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos (Avimós) é a encargada da posta en marcha deste proxecto en Vilalba, pero non é o primeiro xa que están a traballar con colexios desde fai uns seis anos e cada vez ten máis tirón. De feito, este ano teñen todas as incubadoras ocupadas en centros escolares e os colexios están facendo as súas reservas para o próximo ano. “É unha barbaridade a cantidade de colexios que están pedindo para incubar, temos tres incubadoras e está todo reservado para este curso polo que xa estamos recibindo peticións para o que vén”, explica Francisco Monasterio, presidente de Avimós.

O obxectivo deste programa non só é dar a coñecer a raza da galiña de Mos, a única raza autóctona aviar que hai en Galicia, a súa función tamén é achegar aos pequenos o respecto e o coñecemento do rural. “Vemos moitas veces a cara de sorpresa dos pequenos, e moitas veces tamén dos pais, cando vén nacer os polos. Sabemos que o rural estase a despoboar e para moitos deses nenos é toda unha novidade ver as galiñas tan de preto, queremos que a xente teña cariño ás nosas orixes e que sepa de onde vimos”, engade Monasterio.



RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!



O PP presenta a Sandra Vázquez como candidata á Alcaldía

A máxima dirixente do PP provincial, Elena Candia presentou a candidatura de Sandra Vázquez Domínguez á Alcaldía de Vilalba.

Candia asegurou que desde o partido confían na aposta de Sandra Vázquez para recuperar a Alcaldía, “unha vilalbesa comprometida co municipio e os seus veciños, coñe-

cedora das súas necesidades, con moita formación, experiencia e ilusión por mellorar Vilalba grazas a súa vocación de servizo público”. Ademais, Candia explicou que “Sandra é a candidata ideal porque reúne todas as características para dar a estabilidade governamental da que carece Vilalba”. Así o expuxo no acto

de presentación da candidata, baqueira de profesión e que desde o 2015 iniciou a súa actividade política no municipio chairego.

A actual voceira do PP vilalbés asegurou sentirse moi arroupada polos compañeiros de partido, a agrupación onde sempre tentou “unir sensibilidades” de toda a veciñanza.



“O rural é prioritario para o noso Concello e para o noso partido”

Que significa para vostede este cambio de presidenta da Xestora a candidata á Alcaldía?

A finais do ano 2019 recollía con compromiso e con responsabilidade a testemuña para dirixir o PP de Vilalba como presidenta da xunta xestora. Poucos meses despois irrompía unha profunda pandemia mundial, ocasionando que nos centrásemos en combater a crise sanitaria que viviamos. Durante eses meses estivemos en contacto directo cos colectivos que máis o necesitaban en pequenas reunións cumprindo sempre as restricións sanitarias que vivimos durante preto de dous anos e tamén traballando con motivo das eleccións autonómicas. Foi en marzo deste mesmo ano cando celebrábase o congreso local. Teño que agradecer aos afiliados por apoiar a miña candidatura trala que se constituíu o comité executivo e a xunta directiva local conformada por un grupo de medio cento de persoas representativas do termo municipal de Vilalba -tanto do casco urbano como das 29 parroquias que conforman o municipio- e involucradas en diferentes ámbitos, co fin de confeccionar un

grupo forte e amplo centrado nos diferentes ámbitos da sociedade vilalbesa.

Cal é o plan máis inmediato agora mesmo?

Seguimos construíndo o noso proxecto en base ao contacto directo con toda a sociedade vilalbesa. Estamos a desenvolver un intenso traballo para coñecer máis de preto as necesidades reais dos vilalbeses. Mantemos reunións polas distintas parroquias e tamén colectivos de diversos ámbitos coma o social, empresarial, deportivo e cultural. Témonos reunido coa Asociación de empresarios, distintos clubs deportivos, con entidades coma a Cruz Vermella ou Protección Civil e recentemente tamén escoitamos ás asociacións de música e danza. Proximamente temos tamén previsto manter unha xuntanza con representantes de asociacións culturais. Por suposto, estamos tamén en contacto cos nosos afiliados cos que mantivemos recentemente reunións dirixidas a moldear o noso proxecto político de Vilalba contando con todos e todas para traballar por Vilalba.

Houbo varios cambios dentro do PP nestes últimos anos. De cara ás eleccións haberá máis cambios?

O PP de Vilalba quere contar con todos e todas. Neste intre estamos involucrando a moitas persoas válidas e moi necesarias para construír o proxecto político do Partido Popular en Vilalba. Estamos a escoitar e convidamos a unirse a aquelas persoas interesadas en traballar co obxectivo de mellorar a nosa vila, mellorar a calidade de vida dos veciños e de impulsar economicamente o noso municipio.

Que liña de traballo quere levar a cabo para recuperar a Alcaldía?

Levamos meses traballando nese ámbito, temos unha liña de traballo moi centrada en escoitar a todas e cada unha das persoas que queiran aportar ideas e proxectos para conseguir unha vila próspera. Centrémonos en tres piares fundamentais. O primeiro o asentamento de empresas no polígono industrial. A creación de emprego pasa indiscutiblemente polo asentamento de novas empresas e ampliación das xa existentes no pulmón económico

de Vilalba. Os postos de traballo favorecen o asentamento de veciños no noso territorio e repercuten, á súa vez, no comercio, na hostalería e noutros servizos. O segundo é que apostamos por servizos de calidade. Cremos que é fundamental a prestación de servizos aos veciños velando polo seu benestar, tanto dende os máis pequenos ata os nosos maiores. Por suposto, tamén apostamos pola inversión na rede de abastecemento de auga, indispensable en moitas zonas do concello. E o terceiro é que defendemos o noso rural e o seu desenvolvemento. O rural é prioritario para o noso Concello pero tamén para o noso partido. É necesario arranxar as vías municipais, as casas escola, apoiar ao tecido asociativo -tanto cultural, social, veciñal, deportivo-, etc.

Cales son os principais problemas/necesidades que ten Vilalba?

Cremos que neste momento os veciños e veciñas non están vendo respostas ás súas necesidades por parte do goberno local. Estamos ante un goberno socialista autoritario que non escoita e toma as súas decisións sen contar con ninguén, a pesar de que goberna en minoría logo da ruptura de pacto de goberno con Vilalba Aberta. Tamén apreciamos unha nefasta xestión que ocasiona a perda de subvencións concedidas por outras

administracións; ademais do despilfarro de recursos económicos en proxectos que non están a ter repercusións positivas para os vilalbeses, senón todo o contrario. Hai que lembrar tamén que Vilalba non dispón duns orzamentos municipais dende o 2019. O PSOE está a gobernar prorrogando os presupostos aprobados polo anterior goberno antes da pandemia e que, polo tanto, non estaban deseñados para facer fronte ao que se require na actualidade. As necesidades máis latentes para Vilalba cremos que son o fomento da actividade comercial, ao igual que a ampliación do pulmón económico da nosa vila para, consecuentemente, asentar novas empresas que dinamicen a economía municipal. Non podemos esquecer ao noso rural. Hai que traballar claramente para favorecer o seu desenvolvemento e, nese sentido, levamos tempo reclamando unha planificación seria para o arranxo das vías municipais porque é un servizo básico para os veciños e veciñas. Igualmente, tamén é imprescindible xestionar de forma eficiente os recursos para garantir os servizos próximos aos veciños e mellorar a súa calidade de vida. O Partido Popular traballar para impulsar o noso municipio e ofrecer servizos aos veciños dando resposta ás súas necesidades. Non se pode gobernar de costas aos vilalbeses.

MOBELRIAS AGASALLO NADAL

Pola compra de esta CHAISLONGUE DE 3.00 m, CON DESLIZANTES, RESPALDOS ABATIBLES E ARCÓN EN BRAZOS CON MULTIPOSICIÓN

REGALAMOS ESTE ROBOT ASPIRADOR

Bo Nadal!

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Husqvarna Reparación y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

Convocados os premios para a V Gala do Deporte

Convocada a V Gala do Deporte Municipal, que se celebrará o 28 de xaneiro de 2023 no Auditorio de Vilalba a partir das 20:00. O acto busca premiar a deportistas, técnicos/as, entidades deportivas e figuras importantes no labor de fomento do deporte e da actividade física en Vilalba entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 1 de decembro de 2022.

O xurado decidirá a concesión destes premios a partir das propostas dos clubs, institucións, asociacións e outras entidades, así como da propia veciñanza. Será posible propoñer a deportistas, directivos/as, técnicos/as e colaboradores/as no prazo de 10 días hábiles dende a publicación das bases da gala.

As candidaturas buscarán premiar a traxectoria deportiva, o labor directo ou de apoio ao deporte en xeral. Estes méritos deberán estar debidamente xustificadas e as persoas ou entidades deberán ter algún vínculo con Vilalba.

As propostas de candidatura presentaranse cumprimentando a documentación recollida nas bases da gala. Estes documentos entregaranse na sede electrónica do Concello de Vilalba ou presencialmente no rexistro xeral. As candidaturas debe-



rán acompañarse do maior número de datos posibles dos logros acadados na tempada 2021/2022, coa correspondente xustificación.

Os membros do xurado da gala avaliarán as diferentes candidaturas presentadas e acordarán a persoa ou entidade gañadora de cada categoría, que recibirá un detalle conmemorativo de Vilalba no acto do vindeiro 28 de xaneiro.

As candidaturas corresponden ao mellor deportista vilalbés, equipo, deportista promesa, club ou entidade deportiva, adestrador, club no labor no deporte base, labor informativa, traxectoria deportiva, evento deportivo e o mellor equipo/deportista con discapacidade.

O Pleno acorda avanzar no PXOM, na ampliación do polígono e impulsar o comercio

O pleno da Corporación aprobou por unanimidade unha declaración institucional con motivo deste 25 de novembro, a proposta do PP, e tamén aprobou a Conta Xeral de 2021 e a modificación das taxas de abastecemento e a rede de sumidoiros para actualizalos co IPC, que suporán unha subida do 10,20%, uns 2,5 euros.

Tamén foi aprobada a nova ordenanza de venda ambulante, unha das propostas socialistas para este Pleno. A norma anterior, que data do ano 1994, quedou obsoleta na medida en que xa non se adapta ás actuais circunstancias lexislativas, sociais e económicas que inciden na xestión dos mercados.

A nova proposta ten por obxecto a regulación da venda ambulante no termo municipal de Vilalba, a súa tipoloxía de venda ambulante en mercados periódicos, a configuración do seu réxime xurídico, o réxime de autorizacións, os dereitos e obrigacións dos prestadores de tal servizo, así como a inspección, control e réxime sancionador.

As mocións da oposición volve-

ron xerar debate aínda así o pleno aprobou esixir ao goberno local avances sobre a tramitación do PXOM e da ampliación do polígono industrial Sete Pontes; así como desenvolver campañas de impulso económico para pequenos autónomos, comerciantes e hostaleiros. Estas foron as dúas mocións que presentaba o Grupo Municipal Popular pola vía de urxencia.

Sobre o tema do Nadal, a alcaldesa asegurou que estaba prevista unha campaña de impulso do comercio e tamén afirmou que están en vías de solucionarse os atrancos que existían para a ampliación do polígono. Considerou Elba Veleiro de novo que esas mocións deberían presentarse como preguntas, igual que pasou no Pleno anterior, pero ao final votáronse como tal.

No caso da moción coa que pedían a comparecencia da alcaldesa ou do concelleiro responsable da xestión do auditorio ante a falta de coidado das súas instalacións, "a alcaldesa volveu reconvertela nun rogo e pospuxo para o vindeiro pleno, a finais de xaneiro.



Presentan a película 'Valentina'

Vilalba vestirse de gala para a presentación o venres 16 da película *Valentina*, patrocinada polo Concello e que no pasado mes de febreiro gañou o Goya á mellor filme de animación.

A película está moi vencellada a Vilalba tanto polo feito de que conta coa produción de María Barro, natural da capital chairega, como porque a tamén vilalbesa Ana Campos foi a creadora das guías didácticas elaboradas para traballar sobre os contidos da peza.

Ademais, como parte da historia que se narra, destaca que á protagonista, unha nena con Síndrome de Down, o queixo que lle gusta é o DOP San Simón da Costa.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Organizan o II Máster de caza sen morte

Por segundo ano consecutivo Friol será sede do Máster CCPB na que será a edición número XV organizada polo Club Deportivo Jalizar en colaboración co Club de Cazadores Becada. Estes clubs están integrados por amantes da natureza e dos animais, especialmente dos cans.

Con esta xuntanza, e con outras vindeiras, pretenden mostrar un enfoque diferente do aproveitamento cinético dos nosos montes, acorde cos tempos actuais.

As probas do máster desenvolveranse no Téco Cova da Serpe I e II, que colaboran poñendo os terreos a disposición dos participantes, para esta modalidade de caza sen morte, onde só se puntúa o bo facer dos cans que participan.

Para ese fin, un dos seus obxectivos é o de organizar xornadas didácticas, como a que se levará a cabo nesta ocasión. A proba terá lugar o sábado 17 de decembro a partir das 8.00 horas. As inscricións abriron hai tres semanas e hai que facelas a través de Eloy, no teléfono 675 849 923.

Friol volve elaborar o calendario con imaxes da localidade

Un ano máis, o Concello de Friol elaborou un calendario do 2023 para repartir entre os veciños da localidade e no que se recollen imaxes vinculadas ao termo municipal.

Nesta ocasión está composto por imaxes do sector primario, cun guiño aos agricultores e gandeiros que hai no municipio de Friol.

O Concello fai todos os anos o envío do almanaque xunto coa felicitación do Concello aos veciños.

Remata a primeira Poxa de Gando Frisón



Friol acolleu a primeira Poxa de Gando Frisón de Friol, que organizou conxuntamente o Concello de Friol e Africor Lugo.

Vendéronse en total 18 animais, todos os que saíron a pista alcanzándose un volume de vendas de 53.900 euros, cun prezo medio por cabeza de 2.994 euros.

O exemplar subastado polo prezo máis alto foi Carballo de Baixo

Goal Reina, presentado pola gandería Carballo de Baixo SC de Sarria. Foi mercado pola gandería Xesteiro de Zas, na Coruña, por 4.800 euros.

O segundo prezo máis alto foi para Queiroga Goal, presentado por Casa Queiroa do Páramo, adquirido pola gandería Pena Guisande do Páramo tamén por 4.200 euros.

Obradoiro para nenos nas mañás das vacacións

O Concello de Friol organiza un ano máis os seus obradoiros de Nadal para os máis novos. En esta edición poderán participar nenos e nenas de Friol, dende os 3 ata os 12 anos.

Estes obradoiros darán comezo o luns día 26 de decembro e rematarán o mércores 4 de xaneiro. Serán en horario de mañá, dende as 10.00 ata as 14.00 horas.

Durante estas xornadas os participantes realizarán diferentes actividades, tanto manualidades relacionadas co Nadal, como tamén outras

de tipo físico, para facer tamén algo de exercicio.

Levaranse a cabo nas instalacións que ten o Concello ao lado do centro escolar público, e que son as mesmas que albergan o servizo de madrugadores durante os días lectivos.

Para poder participar nos mesmos hai que inscribirse nas oficinas do Concello de Friol antes do próximo mércores 21 de decembro, e hai prazas limitadas, polo que se cubrirán por orde de chegada.

Friol recompila nun libro os cruceiros, cruces, viacruces e esmoleiros



Presentouse no Centro Sociocultural de Friol o libro Cruceiros, cruces, viacruces e esmoleiros do Concello de Friol, realizado por Fernando Arribas Arias.

Á presentación asistiron alumnos do centro escolar de Friol e tamén persoas do pobo, "que estiveron moi atentas ás explicacións que o autor da obra deu ao respecto do laborioso traballo que tivo que levar a cabo para conseguir recopilar nunha obra tan completa todos estes tesouros de Friol", explicou o alcalde, José Ángel Santos.

Este traballo de inventariado dos cruceiros, cruces, viacruces e esmoleiros de Friol comezou no ano 2019, promovido por Fernando Arribas Arias (autor), con quen colaborou Pilar Racamonde, e que tamén contaron coa participación de alumnos do CPI Doutor López Suárez, que é o centro escolar público do municipio. Tamén contou Fernando Arribas coa axuda de veciños que lle botaron unha man coa localización de algúns destes puntos, e con información histórica acerca dos mesmos.

Este traballo levado a cabo, principalmente, por Fernando Arribas, culmi-

nou coa publicación do mesmo por parte do Concello de Friol, que fixo a edición desta obra.

"O Concello de Friol quere, coa publicación de este traballo, seguir coa labor de poñer en valor a cultura e a riqueza etnográfica que teñen en ese municipio", di Santos.

O Concello de Friol, a través do seu alcalde José Á. Santos, quere agradecer a Fernando, a Pilar, ao alumnado do CPI Doutor López Suárez, e aos veciños e veciñas que colaboraron en esta recollida de historias, imaxes, localizacións, e todos os datos necesarios, "para que este completo e interesante traballo puidera ver a luz". O mesmo alcalde de Friol indicou que "desexo que este libro axude a que a nosa veciñanza coñeza un pouco máis a riqueza da que podemos disfrutar tan preto de nós, e dispersa pola inmensa maioría das 32 parroquias que conforman o municipio, e tamén espero que este inventario, de parte da riqueza etnográfica da que dispoñemos os friolenses, xunto con moitas outras cousas que ver, visitar, sentir, e disfrutar en Friol, supoña un incentivo para toda aquela xente que decida visitarnos".





VILALBA



MÉRCORES
21
DECEMBRO

FEIRA DO CAPÓN



2022

11:00h APERTURA FEIRA E POSTOS (CON PRODUTOS TÍPICOS DA ZONA)
11:30h ENTREGA DE PREMIOS A (RIADORAS E RIADORES)
E SORTEO DO MELLOR PAR
12:30-14:00h. FOODTRUCK: DEGUSTACIÓN GRATUITA DE 3 ELABORACIÓNS DE CAPÓN. ATA FIN DE EXISTENCIAS

Concello de Vilalba



PISTA
de XEO
VILALBA

do 25
DECEMBRO
ao 8
XANEIRO
11:00-14:00h.
16:00-21:00h.

Entradas: 5€ - 45 minutos
(presentarse 15 minutos antes da hora)



Obrigatorio
acceder
con luvas
e casco

Concello de Vilalba



Grupo
ENTREPINARES



NADAL
2022



Concello de Vilalba



SABOREA AS PONTES. O Concello das Pontes fixo entrega dos premios da XII edición do concurso de tapas, Saborea As Pontes. A mellor tapa pontesa, eleixida por unha comisión de valoración oficial, recaeu na tapa Ferrero Roche Galego, elaborada polo bar A Segunda Cueva. O premio á tapa pontesa máis valorada polo público foi para Delapiccola Food Bar coa súa tapa Tacos de Pescada con Manonesa de Kimchee.



Presentan a Oficina Acelera Peme Rural

As Pontes acolleu a presentación da Oficina Acelera Peme Rural A Coruña, un proxecto que impulsa Red.es para dar soporte a pemes, persoas emprendedoras e autónomas á hora de incorporar novas tecnoloxías aos seus negocios, con especial atención ás zonas rurais da provincia.

Durante o acto de presentación, que contou coa presenza do alcalde das Pontes, Valentín González Formoso e a concelleira de Industria, Ana

Pena e con representantes de máis de 20 empresas para coñecer en profundidade todas as vantaxes que ofrece a oficina, que prestará apoio de forma transversal a calquera sector e actividade.

“Con esta Oficina búscase que as empresas integren plans estratéxicos empresariais que estean enfocados ao dixital e que contén con desenvolvementos optimizados para prover solucións tecnolóxicas que respondan as demandas do mercado”.

O Concello inaugura a escola do Paraño trala súa rehabilitación

O Concello das Pontes inaugurou a Escola Unitaria do Paraño trala súa rehabilitación.

Durante este acto, no que estivo presente o alcalde das Pontes Valentín González Formoso acompañado por integrantes do goberno municipal, o rexedor local lembrou que “esta escola foi construída pola veciñanza para que os nenos e as nenas da parroquia estudaran, era unha mágoa o seu estado. Hoxe vemos feita realidade unha vella demanda veciñal.

A actuación foi consensuada coa veciñanza tratando de dar



resposta as súas necesidades e suxestións e súmase ao proxecto municipal de recuperación de vellos inmobles en desuso, a través do que buscamos contribuír a

recuperar o patrimonio histórico do municipio, poñelo en valor e impulsar a participación cidadá, amosando o noso compromiso co tecido asociativo de As Pontes”.

Comeza unha nova edición do Programa Integrado de Emprego

Púxose en marcha unha nova edición do Programa Integrado de Emprego de Galicia, en colaboración cos Concellos da Capela e As Somozas subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e cofinanciado polas entidades locais.

O Programa Integrado de Emprego, cunha duración de 12 meses, ten como obxectivo prioritario mellorar a ocupabilidade e inserción laboral dos veciños dos tres concellos con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral. A través deste programa formativo ofrécense ao alumnado participante unha ferramenta de axuda e acompañamento

especializado co que desenvolver as súas competencias persoais, sociais e laborais, acrecentando a súa empregabilidade para situarse, deste xeito, nunha situación máis favorable cara o mercado laboral.

A formación está dirixida a 100 mulleres e homes desempregados, con especiais dificultades de inserción laboral; persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos con baixa cualificación e menores de 30 anos con cualificación.

O Programa Integrado de Emprego das Pontes, cun obxectivo de inserción laboral que se sitúa no

42%, inclúe un amplo abano de accións informativas, asesoramento, orientación laboral, de carácter individual, e un conxunto de sesións grupais organizadas entorno a adquisición de coñecementos sobre elaboración de curriculum vitae, cartas de presentación, entrevistas de traballo así como habilidades sociolaborais e clases de coaching, intelixencia emocional e motivación laboral, entre outras.

Ao mesmo tempo, o alumando adquirirá competencias profesionais demandadas polo tecido industrial e comercial da contorna a través de cursos e obradoiros, con práctica laboral.



VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS
 CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES
 REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE
 PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES
 CAPITULACIONES PATRIMONIALES
 PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎️ 982 228 606
 📷 veiguelabogados 📱 veiguela abogados

Arranca unha intensa programación de Nadal

A programación de Nadal no Concello das Pontes arrancou a primeiros de decembro co acendido da iluminación. As actividades continuaron durante todos estes días con música e circo e seguirá o día 15 de decembro, ás 18:00 horas, o salón de actos da Casa Dopeso acollerá o espectáculo *Que animalíño é?* da compañía Trémola, enmarcado dentro da proposta Xoves na Biblio, unha obra sensorial para bebés que lles fará gozar, coñecer e recoñecer a súa contorna a través de diferentes elementos sensoriais como burbullas de xabón, confeti ou instrumentos musicais.

A programación de Nadal continuará o sábado, 17 de decembro, ás 12:00 horas, na Casa Dopeso, co concerto da pianista Mariana Prjevalskaya, no marco do programa de inverno cultural da Deputación da Coruña, con motivo da celebración de 150 aniversario do nacemento de Alexandre Scriabin, un dos compositores máis innovadores da historia da música. O mesmo día, ás 19:00 horas, no Auditorio Municipal Cine Alovi, o músico Andrés Balado presentará o seu primeiro disco *Entrelazados*.

O día 20 de decembro, a partir das

17:30 horas, na Casa Dopeso, o alumnado do Conservatorio de Música Profesional das Pontes, fará gozar á veciñanza e público asistente co seu concerto PequeNadal.

Xa o día 26 de decembro, dentro da programación dos Xoves na Biblio, o público máis novo do municipio poderá gozar do espectáculo do Mago Román García. Será a partir das 18:00 horas, no salón de actos da Casa Dopeso e ás 19:00 horas, no Auditorio Municipal será a queda para o Concerto de Nadal da Banda Municipal e Recreativa das Pontes.

Para o día 30 de decembro, o Concello das Pontes programou o espectáculo *Distans* da compañía Vol`e Temps, composto por escenas de circo acrobático que conforman un espectáculo visual, sonoro moi divertido e único. A representación comezará ás 19:00 horas no Auditorio Municipal Cine Alovi.

Por outra banda, a partir do día 23 de decembro e ata o día 4 de xaneiro, o Patio do Colexio Santa María acollerá a proposta Tempo de Nadal, dirixida a nenas e nenos, de entre 3 e 14 anos, a través da que poderán gozar de obradoiros de animación, karaoke, inchábeis co

batallas de nerf, entre outras actividades.

Así mesmo, os días 24 e 31 de decembro e os días 2, 3 e 4 de decembro diferentes grupos musicais así como compañías de teatro e de circo animarán cos seus espectáculos ao aire libre as rúas do centro da vila.

Os días 29 e 30 de decembro e os días 2 e 3 de xaneiro, desde ás 16:00 ás 20:00 horas, o Tren de Nadal chegará a As Pontes para facer un recorrido pola vila e ver todo o alumeadado Nadal.

A programación de Nadal terá o seu broche de ouro o día 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata de Reis Magos, que sairá ás 18:00 da Rúa Monte Caxado para facer o seu recorrido habitual e rematar na casa do Concello cunha recepción real. Unha vez rematada, o público asistente poderá gozar da actuación do grupo Rock Kids Le Suite Band e haberá chocolate e churros para todas as persoas asistentes.

Desde o Concello das Pontes animase a toda a veciñanza e persoas visitantes a gozar destas actividades e formar parte delas, aproveitando a ocasión para desexarlles unha felices festas.



O comercio aposta por concursos e campañas

Chega o mes de decembro e con el unha nova edición do Concurso de Decoración de Nadal organizado pola Asociación e Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios ponteses (Cohempo).

O colectivo convocou xa ao concurso no que hai de prazo ata o día 16 de decembro para inscribir no correo electrónico cohempo@cohempo.es. A valoración das fiestras por parte do xurado será entre os días 20 e 23 de decembro.

Poderán participar persoas de calquera idade residentes dentro do termo municipal das Pontes pero a solicitude terá que ser presentada por unha persoa maior de 18 anos. Unha única candidatura por persoa participante.

Establécense tres categorías, casas, edificios e clubs e asociacións con premios de 250, 150 e 100 euros. Na categoría casas repartiranse tres premios para as mellores fachadas, outros tres para xardíns e tres máis para casas e xardíns de forma conxunta. Na de edificios de vivendas haberá

dúas subcategorías con tres premios de tamén (fiestas e balcóns e outra de portas). Finalmente, na de clubs e asociacións, haberá un único premio de 300 euros.

MERCA NAS PONTES. A Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios das Pontes (Cohempo) anima o consumo do Nadal cunha nova iniciativa na que se reparten oito premios por un total de 3.100 euros. Segundo as bases desta campaña, quen compre en calquera dos 43 comercios de distintos sectores que participan nesta iniciativa, entre o 9 de decembro e o 6 de xaneiro, recibirán vales para os sorteos previstos para o día 14 (2 de 300 euros cada un), o 21 (2 de 300 euros), 28 (2 de 300) e o 12 de xaneiro (un de 300 e un de 1.000).

Os premios consisten en vales para gastar no comercio local e os gañadores terán de prazo ata o 31 de xaneiro para realizar as súas compras nos negocios adheridos, que contemplan diversos sectores.

Campamentos de conciliación

Está aberto o prazo de inscrición para participar nos campamentos urbanos de Nadal, que teñen como obxectivo prioritario permitir ás familias do municipio conciliar a vida laboral, persoal e familiar durante as vacacións de Nadal.

Os campamentos, dirixidos a nenas e nenos nados entre 2011 e 2019, desenvolveranse os días os días 23, 26, 27, 28, 29, 30 de decembro 2022 e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro e in-

clúen diferentes propostas de actividades lúdico-educativas orientadas a promover valores como o respecto mutuo, a tolerancia, a igualdade e a colaboración, encamiñados a facilitar a convivencia entre os/as menores.

As actividades levaranse a cabo en horario de mañá, de 09:00 a 14:00 horas. Hai 30 prazas dispoñibles e a cota de inscrición é de 40 euros por cada menor inscrito.



DEIXA QUE O MEGA NADAL TE ENVOLVA

+30 GB EXTRA/mes GRATIS durante 4 meses

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50+30 GB extra

19€ /mes + **30€**

44€/mes

ATÉ O VERÁN!

Tarxeta agasallo

30€

MediaMarkt

adamo
A mega fibra

Chama gratis ao **900 651 679**

Visítanos en **adamo.es**

Oferta válida para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 01/12/2022 e o 05/01/2023, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil limitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 5 meses, 19€/mes, despois 44€/mes. Prezo final con IVE e taxa de liña incluídos. Ademais, leva unha tarxeta agasallo de Media Markt con 30€ de saldo. A tarxeta emírase mediante correo electrónico despois da segunda factura pagada. Tarxetas dispoñibles ata fin de existencias (cantidades limitadas). Promoción suxeita a permanencia con servizo Adamo de 12 meses. Cota de activación de 13,10€ (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se desce de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente. Se contratas desde o 1/12/2022 ao 05/01/2023, leva 30 GB extra durante 4 meses (meses de contratación + 3 meses seguintes). Non existe ningunha vinculación entre ADAMO TELECOM IBERIA S.A.U e Media Markt S.A. ou o seu filial "Media Markt", o uso da marca de Media Markt utilízase con carácter emulativo para describir as características da oferta e as vantaxes de contratar a tarifa seleccionada polo novo cliente.



• PROGRAMACIÓN CULTURAL •

NADAL 22/23

15 XOVES

• CASA DO PESO 18.00 H | TP | 40'

XOVES NA BIBLIO
"QUE ANIMALIÑO É?" DA COMPAÑÍA TREMOILA

17 SÁBADO

• CASA DO PESO 12.00 H | TP | 60'

CONCERTO
PIANISTA MARIANNA PRJEVALSKAYA
PROGRAMA INTERNO CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

• A. M. ALOVI 19.00 H | TP | 75'

CONCERTO
ANDRÉS BALADO

ENTRADAS EN: <https://asportes.sacatuentrada.es>

20 MARTES

• A. M. ALOVI 17.30 H | TP | 60'

CONCERTO DO CONSERVATORIO
PEQUENADAL

21 MÉRCORES

• CASA DO PESO 18.00 H | TP | 60'

CONCERTO DA E. M.
CONCERTO DE ACOUDEÓN

22 XOVES

• A. M. ALOVI 20.30 H | TP | 60'

CONCERTO
CORO INFANTIL E BANDA-ORQUESTRA DO CONSERVATORIO.
ARTISTA INVITADA: MARTA PACÍN

DO 23 AO 4

• STA. MARÍA DE LUNS A VENRES

TEMPO DE NADAL
INCHABEIS, KARAOKE, NEFF BATTLE,
LASER BATTLE, CIRCUITO RC,
OBRADOIROS, ANIMACIÓN

HORARIO • 12.00H - 14.00H // 16.00H - 20.00H

24 SÁBADO

• RÚAS DA VILA 12.30 H / 18.30 H

PASACALLE
CHARANGA NBA, GRUPOS TRADICIONAIS OS TREVILLAS E CANAVELLA

26 LUNS

• A. M. ALOVI 19.00 H | TP | 60'

CONCERTO DE NADAL
BANDA - ESCOLA DAS PONTES

29 XOVES

• CASA DO PESO 18.00 H | TP | 40'

XOVES NA BIBLIO
MAGO ROMÁN GARCÍA

30 VENRES

• A. M. ALOVI 19.00 H | TP | 60'

CIRCO
"DISTANS" DA COMPAÑÍA VOL'E TEMPS

31 SÁBADO

• RÚAS DA VILA 12.30 H / 18.30 H

PASACALLE
CHARANGA OS CELTAS E GRUPO TRADICIONAL NO CÔMBARO

2 LUNS

• RÚAS DA VILA 18.30 H - 19.00 H

PASACALLE DE NADAL
MOC MOC

3 MARTES

• RÚAS DA VILA 18.00 H - 18.00 H

PASACALLE CIRCENSE
TÓTEM

4 MÉRCORES

• RÚAS DA VILA 18.00 H - 19.00 H

PASACALLE
"A LUZ DO CAMIÑO" DA COMPAÑÍA TROULA

5 XOVES

• PERCORRIDO HABITUAL 19.00 H

CABALGATA DE REIS MAGOS
AO REMATE RECEPCIÓN REAL NO CONCELLO DAS PONTES

• CARPA SANTA MARÍA 20.00 H

CONCERTO
ROCK KIDS LE SUITE BAND

CONTAREDES CON CHOCOLATE E ROSCÓN DE REIS

TREN DE NADAL

• SAÍDA DO CONCELLO 18.00 - 20.00 H

XOVES 29 + VENRES 30
LUNS 2 + MARTES 3



VENDA ANTICIPADA
<https://asportes.sacatuentrada.es>

VENDA EN TAQUILLA DO ALOVI
Aberto só os días do espectáculo desde unha hora antes do comezo do mesmo e peche 15 minutos antes do inicio da función.

+INFO — www.asportes.org

SÁBADOS E DOMINGOS
CONSULTE A CARTELEIRA DO CINE



Deputación DA CORUÑA



As Pontes de García Rodríguez



As Pontes



Queixas do BNG polas instalacións deportivas

O BNG manifestou o seu malestar ante a situación actual do polideportivo municipal e o circuíto de karts. Afirmar que o primeiro leva xa case que dous anos sen funcionar. “Despois de catro prórrogas de obra da súa necesaria reparación e cunha subvención pendente de xustificar, o Concello non está de acordo co estipulado no contrato sobre o acabado. Polo tanto, non hai data á vista nin de solución nin de apertura”, din. Pola súa banda, afirman que o Circuíto de Karts, “unha instalación que se vendeu como grande fonte de ingresos para o Concello, está a ser un saco sen fondo de gastos”. Engaden que, ademais, non ten asociada ningunha ordenanza reguladora cara o seu funcionamento e xestión.

O IES Castro da Uz estrea unha aula de emprendemento

Ao IES Plurilingüe Castro da Uz concedéronlle recentemente a creación dunha Aula de Emprendemento, outorgada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade tras presentar un proxecto que ten como fin sensibilizar ao alumnado no emprendemento, tanto empresarial como social, sostible e colaborativo. Dito proxecto, que está enmarcado na Rede Eduemprende da Xunta de Galicia, pretende establecer unha estratexia para impulsar as habilidades emprendedoras imprescindibles no novo marco socioeconómico cara ao que se encamiña a economía. Esta actuación é cofinanciada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea Next-



GenerationEU, dentro do programa de cooperación territorial.

A actividade desta aula comeza co desenvolvemento de distintas propostas para incentivar a creatividade e o traballo en equipo, así como a igualdade no emprendemento, o fomento da economía circular e a

alianza con outros centros educativos e empresas.

Ao longo deste curso, ofrecerá varios obradoiros como o de fotografía orientada ao márketing, o de marca persoal ou o de emprego de redes sociais como elemento de difusión da empresa.

A Deputación inviste en seis obras civís

O Concello recibirá un investimento de 739.614 euros que permitirá a execución de seis obras civís. Entre as actuacións que se levarán a cabo se atopan a mellora de servizos e seguridade viaria na marxe dereita da AC 564, ao seu paso por Goente, cun orzamento de 150.658 euros así como a creación dunha pista multideporte no Poboado da Magdalena e a mellora da contorna, proxecto valorado en 181.427 euros. Destinarase así mesmo unha partida de 116.330 euros á renovación da pavimentación e mobiliario urbano na Avenida das Campeiras.

Unha partida de 116.154 euros irán para a Rúa Real e 103.134 á Rúa A Balsa. Investiranse 123.689 euros ao asfaltado dos viarios en Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramallal-A Louseira.

As Pontes inaugura un servizo de apoio e xestión de axudas

O Concello das Pontes presentou a Oficina de Servizo Integral de Xestión de Axudas e Financiación Pública (SIGAP).

Un servizo, que se pon en marcha coa colaboración de Seara e o respaldo do consultora Impulso, co que se buscar prestar apoio, acompañar e asesorar ao tecido empresarial do municipio, ofrecendo unha ferramenta, completamente gratuíta, que facilitará o acceso aos máis de 77.000 millóns de euros dos Fondos que a Unión Europea dispuxo para España. Durante a presentación desta oficina, que terá a súa sede física no Centro de Dinamización Empresarial Seara, a concelleira de Industria, Ana Pena incidiu na importancia desta iniciativa “nun contexto socio económico tan

convulso como o actual, onde a inflación, a caída da demanda ou os elevados custos enerxéticos están a poñer en perigo a viabilidade de moitas empresas e, onde as axudas europeas constitúen un salvavidas indispensable para moitas delas. Conscientes destas circunstancias e coa vontade de contribuír ao sostemento e crecemento económico do noso municipioponse en marcha, desde o Concello das Pontes en colaboración con Seara, a SIGAP”.

“Estamos convencidos de que esta oficina vai prestar un servizo que redundará nun maior coñecemento e, en moitos casos, na posibilidade de poñer en marcha novas iniciativas empresariais”, engadiu a concelleira de Industria.

Buscan dar cabida a unha central hidroeléctrica reversible

A secretaria xeral de Industria, Paula Uría, e o director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Pablo Fernández Vila, mantiveron unha reunión con responsables da empresa Magtel para avaliar os seguintes pasos que se deben dar por parte da compañía de cara a impulsar o proxecto da central hidroeléctrica reversible que promove nas Pontes.

A empresa, que xa conta coa concesión por parte de Augas de Galicia, amosou a súa preocupación por se a iniciativa contará con permiso de acceso e conexión á rede nas Pontes. A Xunta comprometeuse a incluír este punto na proposta da modificación da planificación eléctrica actual que



se trasladará ao Goberno central coas prioridades para a industria implantada en Galicia.

A Xunta está ultimando o documento que se lle trasladará ao Executivo central e que recollerá

as necesidades de infraestrutura da rede que permitan tanto manter a competitividade de industrias xa instaladas como a viabilidade daqueles proxectos que se queren implantar na Comunidade.

ebos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puenta 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

OPTICALIA
CALLAO

- Más de 45 años trabajando por tu salud visual y tu imagen...
- Estudios optométricos avanzados
- Graduación
- Biomicroscopía (examen con lámpara de hendidura)
- Tonometría (tensión ocular)
- Retinografía
- Audiología
- Garantía de adaptación
- Financiación gratuita

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARÓN | ORTIGUEIRA
www.opticaliacallao.com

Licitan obras en camiños e na rúa Anduriñas

Aprobouse o expediente de licitación das obras de renovación da capa de rodadura dos camiños rurais de Alvarón, Casas Ermas e na parroquia de Marrazón.

As obras, cun orzamento de 64.157,12 euros con cargo á Deputación da Coruña inclúen a limpeza xeral de cunetas e noiros en todo o percorrido dos tres viarios, a roza de maleza e vexetación existente en bordos así como o rebaixe das actuais beiravías.

Rematadas estas tarefas procederase á extensión dunha nova capa de rodadura. Así mesmo, excutírase un reforzo de bordos por ambos os dous lados, dentro da plataforma existente, cunha capa de zahorra artificial. As obras finalizarán coa reposición da sinalización horizontal, coa marcaxe dos bordos e o cabreado de stops.

Tamén se aprobou o expediente de licitación dos traballos de reparación e mellora do firme nos camiños rurais de As Gañidoiras, O Vilar e Os Cadavás-Paipaz. As obras, cun orzamento de 134.944,51 euros con cargo á Deputación permitirán a rehabilitación superficial e estrutural destes viarios, aumentando a súa seguridade.

Entre os traballos previstos inclúese o varrido de superficie e limpeza de marxes e nos entroncamentos con estradas existentes fresarase o firme existente; arranxo das zonas deformadas, extensión dunha nova capa de rodadura de 5 cm de formigón bituminoso e reperfilado de bordos.

RÚA ANDURIÑAS. Por outra banda foi aprobada tamén a licitación do expediente as obras de mellora da pavimentación e os servizos na Rúa Anduriñas así como os traballos de traslado da marquesiña á Rúa Camelias, un proxecto cun orzamento de 191.270 euros, con cargo á Deputación da Coruña.

Este proxecto permitirá a renovación da calzada e beirarrúas do viario co obxectivo de mellorar a súa accesibilidade para o que será preciso unificar a cota así como definir un único sentido de circulación, con espazo para aparcamento na marxe dereita do viario, en sentido da marcha.

As zonas de circulación diferenciaranse mediante o emprego de distintos pavimentos, seleccionándose as baldosas de formigón prefabricado para as bandas laterais para ao tránsito peonil e as lastras de formigón na calzada central para vehículos.

O Concello presenta a bioplanta de Ence



Nun encontro co tecido empresarial local presentouse nas Pontes o proxecto de creación dunha biofábrica de Ence no municipio.

Valentín González Formoso apuntou que “este encontro, no que están presentes representantes de empresas da construción, da loxística, empresas de consultoría ambiental e de enxeñería e, en definitiva todos aqueles sectores involucrados na posta en marcha deste tipo de proxectos industriais, realízase a petición da compañía co obxectivo de presentar, polo miúdo o proxecto, as súas fases, o sistema de adjudicación, os prazos do proceso construtivo, o seu impacto económico, ambiental e social na vila”.

O rexedor local tamén lembrou que “é deber do Concello facilitar este

tipo de encontros e colaboración así prestar todo o apoio necesario para impulsar este proxecto, que se atopa en fase de deseño, que se situará en Saa, no parque de carbón, e que supoñerá un investimento total de 350 millóns de euros e que pode ser xerador de ata 1.200 postos de traballo, 550 vinculados ao día a día da biofábrica e 650 inducidos relacionados con sector da loxística, o sector industrial auxiliar, ou sector servizos entre outros”.

Ao remate deste encontro, as persoas responsables da compañía, trasladáronse ata Saa para para explicarles á veciñanza e representantes da asociación Virxen do Pino o proxecto, o seu impacto na parroquia e coñecer, de primeira man, as súas preguntas e dúbidas sobre a biofábrica.

A Xunta somete a información pública o Plan reitor das Fragas do Eume

A Xunta ten en información pública o proxecto do Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Natural Fragas do Eume, un documento de planificación e ordenación que ten como obxectivo garantir a conservación dos valores, hábitats e especies de flora e fauna polos que este territorio acadou dito recoñecemento e no que máis do 40% da superficie do parque aparece incluído na zona de maior protección.

A tal fin, o PRUX propón modificar e actualizar a zonificación do parque recollida no Plan de ordenación dos recursos naturais do ano 1996 para, por un lado, harmonizala á do resto de espazos recoñecidos con esta figura e por outro, axustar os límites de cada zona en busca da compatibilidade entre a conservación dos recursos naturais e as distintas actividades que se desenvolven nas mesmas. Deste xeito, proponse dividir a superficie do espazo natural en catro grandes áreas.

Terán ata o vindeiro 29 de decembro para presentar as súas achegas, suxestións e comentarios ao contido do documento, que deste xeito dá un paso máis de cara á súa aprobación definitiva.

**COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO**

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

**Hijos de
Ramón Rubal**

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Convocan de novo o obradoiro Mentos en calma

O Concello organiza para o ano 2023 outra edición máis do seu obradoiro Mentos en calma, no que se abordarán técnicas de relaxación, meditación, autocoidado ou autoconhecimento.

Desenvolveranse un total de 10 sesións de 60 minutos nos meses de xaneiro (os días 12, 19 e 26), febreiro (os días 2, 9, 16 e 23) e marzo (2, 16 e 30) sempre ás 18:30 horas na Casa Barca. As persoas participantes profundizarán en ámbitos a relaxación, o Mindfulness ou o autocontrol.

O prazo de inscrición remata o 30 de decembro. As persoas interesadas poden anotarse a través da sede electrónica municipal ou pre-

sencial na casa do concello.

PROGRAMA. O Concello de Guitiriz organiza tamén o ciclo Arredor do miolo, un programa de prevención e información sobre as problemáticas máis comúns de saúde mental que se desenvolve na Casa Habanera e para o que a asistencia será libre e de balde.


Este ciclo divídese en catro xornadas, que xa se impartiron dúas. A terceira está prevista para o luns 16 de xaneiro ás 18 horas e abordará como axudar a unha persoa con depresión. Por último, o luns 30 de xaneiro ás 18 horas falarase sobre a adicción a pantallas e novas tecnoloxías.

Adxudicada a restauración dos frescos da igrexa dos Vilares

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Univerdades adxudicou finalmente o proxecto de restauración dos frescos da igrexa dos Vilares, en Guitiriz.

A empresa que se encargará dos traballos será Crea Restauración, escollida entre as catro que optaron a este contrato e que conta cun orzamento de 62.867 euros e un prazo de execución de seis meses.

As decoracións murais atópanse na nave do templo de San Vicenzo, localizado na parroquia dos Vilares, lugar das Reixas. Pertence ao arceprelado de Begonte-Parga, diocese de Mondoñedo-Ferrol na provincia de Lugo. As decoracións murais conservadas na igrexa dos Vilares se



dispoñen ó longo dos paramentos norte e sur da nave do templo. En liñas xerais, o ciclo pictórico de San Vicenzo dos Vilares está emarcado dentro dos canons do gótico hispano-flamenco. Estudos puntuais indican que aínda que o estilo gótico

hispano-flamenco se introduce en Galicia en torno a mediados do século XV, practicamente toda a pintura coñecida ata o momento nesta zona do noroeste peninsular parece cingirse ás primeiras décadas do século XVI.

Solicitan ao Concello un gran mural na honra de Díaz Castro

O Colectivo Nova Poesía Guitirica propón ao Concello de Guitiriz a realización dun gran mural dedicado ao poeta Díaz Castro.

A proposta foi realizada á alcaldesa Marisol Morandeira no acto de presentación do libro de Man Castro por Antón de Guizán, que propuxo tamén versos de Díaz Castro para os pasos de peóns da vila. A proposta foi presentada tamén polo rexistro electrónico municipal.

A Xosé María Díaz Castro adicáronse as Letras Galegas 2014 e “é o persoeiro máis relevante da historia recente de Guitiriz e un dos poetas máis destacados da literatura galega”, explica o colectivo.

“Un gran mural contribuirá ao orgullo das xentes de Guitiriz do seu baro máis importante, inspirador da Nova Poesía Guitirica NPG e tamén ao que sexa percebido polos centos de visitantes que se achegan a Guitiriz”, engaden.

Como eles explican tamén, a actividade poética promovida dende os centros de ensino, Xermolos e Nova Poesía Guitirica NPG configuran a Guitiriz como un concello poético con Díaz Castro como figura referencial.

Outra das propostas manifestadas á alcaldesa foi incluír nos pasos de peóns da vila e tamén de Parga, versos do poeta local.

O Goberno local adquire un punto limpo móbil

O Concello vén de adquirir, a través dos fondos da Unión Europea do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, un punto limpo móbil para dar servizo de recollida de residuos nas distintas parroquias do municipio. O automóbil, solicitado conxuntamente con Concello de Xermade, consta dun camión e dous contedores para dividir os diferentes residuos e facer unha correcta reciclaxe.

Así, o sistema permite recoller pilas e baterías; pequenos aparellos eléctricos; lámpadas e tubos fluorescentes; téxtiles e calzado;



voluminosos aparellos eléctricos e diversos aveños.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, tras recibir as chaves do novo camión destacou que “este punto limpo móbil permitirá, moi pronto, dar un servizo transversal de reciclaxe e complementar ao futuro punto limpo fixo do polígono”.

Arranca unha nova edición de Btteando

BTTeiros Cova da Serpe e o Concello de Guitiriz puxeron en marcha unha nova edición do programa BTTeando por Guitiriz, a quinta, unha iniciativa que integra unha serie de rutas en bici abertas para todos os públicos. Realizan un percorrido ao mes ata o día 14 de maio de 2023. En todas se disporá dun itinerario alternativo para os nenos e nenas a partir dos sete anos que queiran participar, os cales deberán ir acompañados por unha persoa adulta. En xaneiro irase ao Muíño da Ruxida, en febreiro farán a ruta da Pedra do Poeta Díaz Castro nos Vilares, en marzo tocarán as Canteiras de Miraz e en abril o Muíño de Baxoi. Rematarán en maio coa visita á Cova da Serpe.

el Rey del Colchón

SOMOS LOS ÚNICOS FABRICANTES DE COLCHONES A MEDIDA EN LUGO
Fabricamos todo tipo de colchones, en todas las medidas para caravanas, camiones...
¡A PRECIOS DE FÁBRICA!

Tolda de Meilán, 23 (Ctra. Coruña, detrás de Comercial Cereijo) Lugo. Tel.: 982 265 248

VISITANOS TAMBIÉN EN SARRIA
Calvo Sotelo, 14 Bajo - Sarria (Lugo). Tel.: 627 474 777

www.dormeenflex.es

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓVIL
NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS
SEGUROS GENERALES

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin
Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo
628 126 720 - info@valireylugo.com

Instalarán un circuío de pump track ao lado da nave do Senpa

O Concello de Guitiriz destinará 48.395,04 euros para a construción dun circuío de pump track que estará situado na zona de almacenamento exterior na contorna da antiga nave do Senpa, onde agora se sitúa unha pista de pádel e a escola de música municipal.

Para levar a cabo este proxecto o Concello recibiu unha subvención de 40.000 euros da FEMP, a través da Red Española de Ciudades Saludables, a través da liña para a 'realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables' con fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.

O pump track asfaltado, que estará ao aire libre e que contará cunha superficie total de 450 metros cadrados, permitirá o seu uso tanto por parte de ciclistas como por prac-



ticantes de calquera deporte sobre rodas de calquera idade e de diferentes niveis.

Trátase dun circuío pensado e deseñado para que poida ser usado e rodado por todos os públicos, desde o que se inicia ata o máis experto, podendo englobar público patinador e ciclista, monopatín, skate, BMX, MTB...

Os traballos para a súa construción implican, en primeiro lugar, o mo-

vemento de terras para preparar o terreo, o asfaltado e, por último, a realización das marcas viarias e a execución da sinalización pertinente. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explica que "nos últimos anos en Guitiriz aumentaron, de xeito notable, as persoas que practican ciclismo e con esta instalación que-remos responder ás súas demandas, dándolles un lugar axeitado e seguro para practicar este deporte".

A Deputación aporta 130.000 euros para crear unha senda

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto coa alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira Morandeira, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta ao Concello 130.000 euros para mellorar a seguridade e a accesibilidade da rúa Manuel María coa creación dunha senda peonil. Esta vía conecta o centro da vila con servizos básicos como o Centro de Saúde e o instituto. A chegada da Deputación representa máis do 98% do investimento necesario para sacar adiante esta actuación, á que o Concello dedica 2.000€, polo que o importe total ascende a 132.000€.

O acto de sinatura do convenio celebrouse na propia rúa Manuel María, coa presenza do deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, concelleiros e concelleiras da Corporación muni-

cipal e tamén veciños e veciñas do municipio.

José Tomé subliñou que se trata "dunha actuación realmente importante" porque esta rúa non conta a día de hoxe cun espazo específico para o paso dos viandantes, e ten moito tránsito, xa que dá servizo a vivendas e comunica co ambulatorio e o instituto. Polo tanto, o paseo peonil "redundará na mellora da seguridade e da comodidade dos veciños e veciñas". Puxo en valor o presidente a axilidade coa que traballa a Deputación de Lugo, sinalando que "hai xusto unha semana acordamos na Xunta de Goberno colaborar con Guitiriz para facer un paseo peonil nesta rúa Manuel María, e hoxe estamos aquí asinando o convenio que fará realidade esta colaboración". Agora o Concello xa pode licitar as obras de inmediato.

O Concello ampliará en 15 prazas a oferta do PAI

O Concello de Guitiriz ampliará a súa oferta do PAI en 15 prazas de educación infantil (0-3 anos) a través dunha axuda no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

A concesión desta axuda, que ampliará a oferta para fomentar a conciliación da vida familiar e laboral no municipio, está dentro do programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas pra-

zas de titularidade pública e suma un total 92.780,25 euros.

Tras a concesión, a alcaldesa de Guitiriz Marisol Morandeira, destacou que "seguiremos insistindo ante a Xunta de Galicia para obter a financiación necesaria para poder cubrir todas as prazas de 0-3 anos que fan falta no noso Concello. Visto que ata agora non obtivemos resposta, o PAI non quedará sen ampliar, a parte de financiación que non chegue con esta axuda será aportado con fondos propios do Concello".

Instalados dous puntos de carga de vehículos eléctricos

O Concello de Guitiriz vén de instalar no Campo da Feira dous puntos de carga de vehículos eléctricos, co obxectivo de fomentar e facilitar a mobilidade sostible entre os veciños e veciñas do municipio.

Calquera persoa pode facer uso destes puntos de carga a través da aplicación móbil ACCIONA recarga VE na que se fai a reserva de hora. Hai un tempo límite de uso e unha vez acabada a carga é obrigatorio retirar o vehículo, podendo recibir unha multa no caso de non facelo. O prezo estipulado é de 0,25€ por



Kw/h. e fíxase en base ao prezo unitario da enerxía eléctrica. Para o pago deben seguirse as instrucións da pasarela habilitada.

Luz Campello presenta novo poemario

O 17 de decembro ás 12:30 horas terá lugar na Casa Habanera a presentación do 3º poemario de Luz Campello, a poeta de Labrada. O acto está organizado pola AC Xermolos e a NPG Nova Poesía Guitirica e ademais da autora participarán o presidente de Xermolos Alfonso Blanco, a escritora Marica Campo e a autora de *Lareira de soños* e fundadora da NPG Pastora Veres.

O poemario *Ben sabe o mar que posúo o botín das piratas* está editado na colección Dombate da Editorial Galaxia sendo o terceiro de Luz Campello despois de *Do corazón da terra* e *O inventario do prohibido*.

CULTURA • HISTORIA • TRADICIÓN • NATUREZA

A PASTORIZA,
MOITO QUE OFRECER

Vive o Nadal connosco!

Concello
A PASTORIZA

O PP inaugura a súa nova sede

O PP abriu a sede da agrupación local, unhas instalacións situadas no entrechán do número 26 da rúa Boa Veciña de Guitiriz, nun acto de inauguración ao que asistiron o presidente da xestora, José Manuel López Rodríguez 'Portolamas'; o deputado provincial e voceiro do Grupo Municipal Popular, José María Teixido; o coordinador do PP da provincia e deputado autonómico, José Manuel Balseiro; membros da xestora, concelleiros populares e unha trintena de afiliados e simpatizantes. Tamén se achegaron a Guitiriz outros compañeiros do PP coma o deputado provincial e alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao; o presidente do PP de Xermade, Antonio Rivera e o secretario xeral do PP de Muras, Julio Díaz.

O novo responsable da agrupación local sinala que "o PP pon este local a disposición dos afiliados e dos veciños en xeral que queiran facernos consultas ou achegar propostas e suxestións. Trátase dun espazo amplo -á altura do que merece o Partido Popular e Guitiriz- que dispón de despacho, sala de xuntas e servizos". O local permanecerá aberto de luns a venres en horario laboral, de mañá e tarde. As persoas que estean interesadas en acudir ou en manter algún encontro poden contactar tamén co teléfono 629 15 17 58.

Organizan unha excursión a Vigo

O Concello de organiza para o martes, 20 de decembro, unha excursión a Vigo para ver as coñecidas luces de Nadal da cidade olívica.

Esta visita está destinada ao público en xeral e a hora de saída será ás 12 horas desde a praza do Campo da Feira de Guitiriz, con regreso previsto para as 23 horas do mesmo día. O prezo por persoa é de 18 euros e inclúe xantar e transporte.

O prazo para anotarse rematará o 16 de decembro, e as persoas interesadas deben inscribirse na casa do concello, na oficina de Turismo ou por teléfono no 982 370 109.

Manuel de Lea, premio Trapeiro de Honra a título póstumo

O colectivo Os Vilares Lareira de soños vén de conceder o premio Trapeiro de Honra na súa oitava edición a título póstumo a Manuel Fernandez Corral (Manuel de Lea). Nado no lugar de Lea nos Vilares, Manuel foi unha das persoas máis queridas e respetada tanto na súa parroquias de nacemento como na de residencia, Momán, no concello de Xermade.

Labrego, zoqueiro e comerciante, foi un dos principais informantes de Pastora Veres para o seu libro Lareira de soños debido á súa prodixiosa memoria e sabedoría da contorna. O acto de entrega será a finais do mes de xaneiro e terá lugar na capela ao pé da feira de Momán, un lugar preto da súa casa, onde será entregada á familia unha peza exclusiva elaborada pola artista Viki Rivadulla. En anteriores edicións este premio recaeu en Xosé María Díaz Castro (tamén póstumo), Romaría Labrega da Chaira, Pepe de Cristos, Asunción dos Ares, Raúl Río, Sara das Reixas e



Germán Castro.

"Manuel de Lea representa a unha xeración de homes que sufreron a guerra, a posguerra, a emigración nas súas familias e outros traballos para sacar adiante a súa tribo, e no seu caso queda do viúvo con un grande número de fillos. Home afable e agarimoso, sentimos unha grande mágoa por non poder entregarlle o premio en vida, aínda que queremos trasladar a quen os tratan a nosa sentida homenaxe", din dende o colectivo organizador.

Xorima gaña o Festival de cine de Roca na fase galega

O documental Xorima vén de gañar o premio á mellor curtametraxe galega no Festival de Cine de Roca.

A asociación Xermolos e os veciños de Roca celebraron a fin de semana o primeiro festival tralo parón da pandemia, a novena edición que se festexa nesta aldea de Guitiriz.

Este ano presentáronse dous curtas na categoría de galegas, O Fia-deiro presenta: 25 anos fiando, de Rafa Crespo e Xorima, de Sofía Naiseiro, que abriron as proxeccións do concurso o sábado.

Na categoría de curtametraxes internacionais había sete aspirantes ao premio: Malakooti; Crema dura, quemadura; Cientos de intentos; Maldita. A Love Song To Sarajevo; Bésame Mucho; Uno más, e En el



balcón de mi dama. As proxeccións destes foron a partir das 20.30 horas. O primeiro, Malakooti, de Javier Gómez Bello, foi o gañador nesta categoría. Nesta peza descríbese a loita da cantante de ópera iraniana Anahita para dedicarse a unha profesión que no pode exercer no seu país polas convencións relixiosas existentes.

Regresa a Cabalgata de Reis de Mulleres Rurais



A Asociación Mulleres Rurais Olvido anunciou que este ano volverá ocuparse de celebrar a Cabalgata de Reis tras tres anos sen celebrarse, concretamente dende o 2020.

Aínda que o programa está a desenvolverse, dende a directiva confirmaron que se seguirá co modelo tradicional que tanto éxito tivo antes da covid.

A cabalgata será o día 5 pola tarde cun percorrido polo pobo para pasar despois á recepción oficial e a parte máis esperada, a entrega de agasallos aos pequenos do municipio. Ademais dos pequenos, os maiores do Concello tamén son protagonistas este día xa que habitualmente reciben a visita dos Reis Magos pero estudárase este punto e farase en función das recomendacións sanitarias.

BAILE. A Asociación Mulleres Rurais Olvido de Pol vén de poñer en marcha unha nova actividade. Trátase de sesións de baile de salón que se desenvolven todos os venres de mes que coinciden feira.

Non se dan clases, trátase dunha tarde de esparcemento ao ritmo da música na caseta do polbo da Carballeira a partir das 17.30 horas.

A primeira sesión tivo un gran éxito de público entre a veciñanza polo que teñen previsto continuar con esta actividade.

Ademais o colectivo anunciou que o próximo ano se abrirán novos obradoiros. Volverá celebrarse o de restauración, que tivo moito éxito e tamén outro de ganchillo e calceta, que se suman aos que xa están en marcha.

Progamas dúas obras de teatro como previa ao Nadal

O centro sociocultural de Mosteiro, en Pol, acollerá este sábado, 17 de setembro, a representación da obra *Contos*, a cargo do grupo de teatro Chimchiribote, a partir das 18.00 horas, dentro do ciclo Gargalladas.

Trátase dunha historia ao carón do lume mentres o caldo ferve. Unha familia estrambótica e realista vai atopando na súa vida cotiá situacións extremas que só o lume pode solucionar.

Obra de creación dropia do colectivo, dirixida por Ero Vázquez Cabrera cunha duración de 50 minutos.

VIXIANTE DOS SOÑOS. A obra de teatro con monicreques *O Vixiante dos soños* da compañía Ubú teatro chega CEIP Rosalía de Castro de Pol o vindeiro 21 de decembro ás 12.00 horas dentro do ciclo Monicreques.

Esta obra de teatro con monicreques que se dirixe a un público familiar a partir de 3 anos ten unha duración de 45 min e conta coa actuación das titiriteiras Marga Portomeñe e Ana Carreira. A autora da obra é Ana



Carreira e o seu director José Campanari.

A obra conta a historia de Sonólicus, unha personaxe que quere chegar á lúa dende pequeno. Busca no reflexo das pozas e dos espellos, sube ás caixas amoreadas e aos tellados, e tantos esforzos fai por conseguilo e tanto estira os brazos cara á lúa, que lle medran ata a deformidade. O seu empeño semella unha fantasía infantil da que a nai é testemuño.

Unha noite acaba de medrar e, non só acada o seu obxectivo de acompañar á lúa, senón que se converte para sempre no vixiante do sono e dos soños infantís.

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

Preparan a rehabilitación da reitoral de Suegos

O Concello de Pol avanza na posta en valor e rehabilitación da antiga casa reitoral de Suegos, que se converterá nun centro social para a parroquia polense. Últimanse os detalles para comezar coa transformación deste emblemático edificio que contará cunha axuda de 195.054 euros do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) dentro do Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos para Entidades Locais (PIREP Local).

O obxectivo desta obra é por unha parte ofrecer un acceso a servizo culturais e sociais á veciñanza de Suegos e pola outra traballar no mantemento e renovación do parque inmobiliario en concellos rurais ou con moi baixa densidade de poboación, como é o caso de Pol.

A casa de Suegos, ubicada no lugar de Vigo, está en desuso desde os anos 90 e para dar cabida ao equipamento social que serva aos veciños como punto de control, reunión e acceso ás novas tecnoloxías, farase unha actuación integral, que ademais de poñer atención en cuestións de eficiencia enerxética, centrarase na accesibilidade, a conservación e a habitabilidade da construción.

Estas actuacións beneficiarán directamente aos máis de 1.600 veciños e veciñas que viven neste municipio, que contarán cun novo local social que servirá como punto de encontro e reunión.

As obras consistirán no apuntalamiento, consolidación, reforzo e substitución dos elementos estruturais do edificio, xerando no baleiro central un patio exterior pechado. Así mesmo, acondicionarase a envolvente térmica da edificación coa instalación de illamento térmico e renovarase toda a carpintería.

No que se refire ás instalacións térmicas do edificio, implementárase un sistema combinado de xeración fotovoltaica e caldeira de biomasa. Isto, engadido á recuperación da auga da choiva faría posible que durante moitos meses do ano o edificio fose autosuficiente enerxéticamente, sendo necesario o uso da biomasa unicamente nos meses máis fríos de inverno. Por último, na parte traseira do inmoible recuperarase a galería histórica, coa instalación dun invernadoiro que permita a regulación de entrada de luz e ventilación, incorporando, ademais, vexetación como recurso bioclimático. A obra deberá estar rematada en setembro de 2024. Esta obra non implicará unha ampliación do edificio, senón reposicións puntuais en elementos que se atopan deteriorados.

“Con estas actuacións demostramos, unha vez máis, a aposta deste Goberno polo rural e a loita contra o despoboamento, achegando infraestruturas e servizos esenciais”, subliña o alcalde, Lino Rodríguez.

LUMINARIAS. A axuda percibida en Suegos súmase á aportación de máis de 600.000 euros para o cambio de luminarias en todo o termo municipal. Un total de 1.700 lámpadas e 72 cadros eléctricos que modernizaron todo o sistema para adecualo aos tempos actuais e fomentar o aforro enerxético coa implantación da tecnoloxía LED.

Pol convértese deste xeito no primeiro Concello da provincia en facer este cambio “mediante obras e servizos, o que nos permite aforrar moitos cartos na fase de canon de conservación”, explica Ónega. O aforro está establecido en 50.000 ou 60.000 euros ao ano.



Área de lecer e deportiva

Continúan ultimando as obras da área de lecer e deportiva que se está a rematar na zona inmediata ao colexio.

O proxecto, impulsado polo Concello de Pol, consistiu na construción dunha nova área de lecer e deportiva en Mosteiro nun terreo de preto de 40.000 m². As instalacións inclúen unha área de xogos e un campo de fútbol de herba natural.

A zona de xogos consta de pistas de billarda, bolos, petanca, chave, pista cuberta de pádel, xogos de mesa e unha tirolina.

O campo de fútbol ten unhas dimensións de 105x68 metros de terreo de xogo, máis de 1,5 metros de bandas nos laterais e 2,5 metros



nos fondos e se están agora a rematar as obras de construción das gradás.

Trátase dunha nova dotación que permitirá dinamizar a vida social, deportiva e económica deste municipio ao concentrar diferentes pistas e outras instalacións para as

diferentes prácticas deportivas. Este novo espazo pode servir para xuntar ademais xeracións de mozos e maiores, incentivando así a convivencia e a creación de comunidade. Con esta dotación, dase un impulso aos xogos tradicionais, unha promesa do Concello coa veciñanza.



Invisten na mellora dos depósitos e na captación

O concello da Pastoriza, con fondos FCA2022, executou obras por un importe de 41.437,52 euros na mellora da rede de abastecemento de auga potable.

A finalidade das obras consistiu na mellora de determinados depósitos da rede de abastecemento de auga potable municipal.

A actuación consistiu basicamente na subministración e instalación nestes depósitos de equipos de cloración mediante a instalación de bombas e contadores de fluxo que regulan a achega de cloro en función do consumo; a instalación dun sistema de xestión mediante a implantación de autómatas con sensores de presión para o control de mantementos do nivel de auga asociados ao sistema de control do que xa dispón o concello.

A necesidade desta actuación estímose de crucial importancia dado que coa implantación destes sistemas (xa instalados noutros depósitos con moi bo resultado)



permítese controlar dun modo máis eficaz, máis concreto e fiable o cotexo do caudal nos depósitos e unha cloración adecuada en función do consumo.

Este labor ten á súa vez un aforro enerxético do servizo e a posibilidade de poder xestionar dun modo programado a capacidade de almacenamento de auga acomodada ás necesidades solicitadas polos abonados o que implica unha mellora substancial do servizo co engadido dun máis que posible aforro no mesmo.

A Deputación inicia os traballos na Avenida Principal da Pastoriza

A Deputación iniciou os traballos de mellora na avenida Principal do concello da Pastoriza. Trátase dunha obra na que a institución provincial inviste preto de 350.000 euros, que conta cun prazo de execución de 3 meses, e que afecta á estrada provincial LU-P-4401, ao seu paso polo centro da vila, dende o inicio da vía ao punto quilométrico 1,550.

O proxecto suporá a remodelación integral da rúa, coa dotación de novas beirarrúas, a rehabilitación do firme, a instalación de nova sinalización mediante marcas reflexivas brancas e a mellora do alumeadado público.

Esta actuación complementa outro proxecto valorado en máis de 300.000 euros, xa en execución, para arranxar o pavimento de preto de 11 quilómetros nesta mesma estrada, que conecta á Pastoriza con Muiñenta por Reigosa.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, sinalou que a LU-P-4401 é unha estrada cunha



importante relevancia social porque atravesa o núcleo da localidade. “É unha vía moi empregada pola veciñanza da Pastoriza, pero tamén pola de Cospeito e Castro de Rei, así como por aqueles que se desprazan pola comarca chairrega”, sinalou. Ademais, a vía dá servizo a varias instalacións deportivas, como o polideportivo, as piscinas municipais da Pastoriza e o campo de fútbol do Acebreiro, onde xoga habitualmente o UD Pastoricense.

“A mellora das comunicacións é unha prioridade para este Goberno”,

subliñou Tomé Roca, que detalla que a institución provincial defende a mobilidade “como un dereito básico dos veciños e veciñas da provincia, porque unha boa rede de estradas é fundamental para o equilibrio territorial e para o desenvolvemento do rural”. A institución provincial destina 17,3M€ dos seus Orzamentos para o 2022 ás tarefas de mellora do firme, roza de maleza, conservación e mantemento da rede viaria provincial, a máis extensa de todo o Estado e tres veces maior ca da Xunta en Lugo.

O CIN de Bretoña dedica este decembro aos nenos e ao Nadal

As últimas actividades do CIN de Bretoña prepara antes de dar paso ao 2023 terán lugar os días 18 e 23 de decembro. Despois de varias propostas ao longo do 2022, chega o mes de decembro, dedicado especialmente aos nenos e nenas e á celebración do Nadal e do final de ano. O sábado 23, ás 11.30, Bretoña preparará a praza para o Nadal con decoracións feitas a man. O taller comezará coa elaboración das decoracións no centro e despois todos xuntos adornarán a praza principal da vila. Esta actividade estaba prevista para o día 10 pero tivo que ser adiada. A segunda actividade farase xa o 18 de decembro as 11:00 no centro.

Baixo o nome Que pasou no 2022? nenos e nenas de entre 10 e 18 anos poderán gravar o seu propio programa de radio e noticiario de información. O tema serán os grandes descubrimentos en historia e arqueoloxía que ocorreron no ano 2022, pero tamén recordar os aniversarios máis importantes nesta materia, como por exemplo, o centenario do descubrimento da tumba do faraón exipcio Tutankhamón.

As actividades son gratuítas pero é necesario inscrición previa. Podes facerse no CIN, a través do teléfono (636 836 250), mail (cinbretona@gmail.com) ou Instagram (@cinbretona).

Instalan tres contedores para reciclar roupa usada

O Concello implantou o servizo de recollida selectiva de roupa usada e outros residuos téxtiles no municipio co obxectivo de fomentar as actuacións que melloren a xestión do medio ambiente no concello.

Entre estas actuacións, inclúese a recollida de residuos susceptibles de valoración, cuxa xestión non diferenciada pode ser causa de prexuízo para o medio ambiente.

Os 3 colectores localízanse nas localidades de Bretoña, Carrizal e Reigosa e completouse a súa instalación con charlas informativas nos colexios locais. O Concello lembra a necesidade

de depositar nestes colectores roupa de vestir, zapatos, roupa do fogar e complementos de todo tipo independentemente do estado no que se atopen.

O Concello busca avanzar dunha economía lineal a un modelo circular. Neste tipo de esquemas, redúcese o consumo de recursos naturais, aproveitando os residuos e permitindo o peche do ciclo de vida dos produtos e servizos.

Ademais, esta medida adianta ao Concello da Pastoriza na obrigatoriedade imposta por lei.

Os elementos depositados nos con-



tedores pasaran por varios procesos de clasificación. Así, separarase a roupa susceptible de ser reutilizada en mercados internacionais de segunda man con poder adquisitivo baixo, da que non se poda usar, que se destinará a materia prima para a produción de panos de limpeza.



NOSOTROS ELEGIMOS
LA TIERRA

O Concello convocará de novo as axudas a asociacións e a escolares

O Concello da Pastoriza vén de aprobar as bases para unha nova convocatoria de subvencións para a realización de actividades culturais, educativas, deportivas, de comercio e promoción turística e desenvolvemento rural.

Estas bases tramítanse en réxime de concorrencia competitiva sen prexuízo das subvencións nominativas previstas no presuposto xeral. Estas axudas económicas van dirixidas a asociacións e persoas xurídicas-privadas debidamente constituídas e a agrupacións de persoas físicas ou xurídicas todas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento da vida cultural no concello nas distintas variables, como teatro, imaxe, danza, artes, plásticas, festas tradicioais e folclore, formación cultura, etc.

Dentro destas subvencións inclúense tamén actividades relacionadas co medio ambiente, a xuventude e a terceira idade e o patrimonio en todas as súas variables. Afectan ás actividades desenvolvidas durante o ano en curso (ata o 30 de novembro).

O Concello disporá de 20.800 euros que se distribuirán en 5.000 para



actividades culturais, 3.000 para deportivas, 1.800 para educativas, 5.000 para comercio e promoción turística, 3.000 para desenvolvemento rural e do sector agropecuario e outros 3.000 euros que irán dirixidos ao resto de grupos.

Cada asociación ou entidade só poderá presentar unha solicitude por un proxecto ou actividade e faise un baremo entre elas para recabar a axuda que se estime oportuna en función das peticións.

A contía máxima que conceda o Concello será de 600 euros para todas as asociacións agás as vincu-

ladas a actividades de comercio e promoción turística, que recibirán un máximo de mil euros.

MATERIAL ESCOLAR. O Concello da Pastoriza abrirá tamén proximamente o prazo de solicitude das bolsas de material escolar e libros de texto dirixidas a nenos e nenas do Concello, e tamén as de transporte para alumnos que estudan fóra do municipio.

No primeiro casos, esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello e escolarizado para o curso 2022/2023 en educación infantil (3-6 anos), educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Así con esta subvención, os solicitantes poderán mercar libros escolares, material escolar funxible, material de debuxo e mochilas e estoxos. As axudas poderán solicitálas aqueles que se atopen escolarizados no Concello en calquera dos niveis e que estean empadroados no tempo municipal.

Como sempre nestes casos, a con-

tía das axudas irán en función da renda per cápita familiar e oscilará entre os 120 e os 20 euros de axuda. Ademais, serán compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade concedidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo total dos materiais subvencionados.

TRANSPORTE. O Concello da Pastoriza tamén abrirá o prazo para presentar as solicitudes para as axudas no transporte escolar dos nenos censados no Concello pero que cursan estudos fóra. O obxectivo desta axudas é sufragar parcial ou totalmente o custo no traslado do alumno ao seu centro educativo. Polo tanto é necesario cumprir os requisitos como que a unidade familiar esté empadroadada no concello, e que algún dos fillos estea cursando educación postobrigatoria (1º e 2º curso de bacharelato) ou cursos de formación profesional.

Estas axudas oscilan entre os 467 euros e os 167 dependendo da renda con cargo ao orzamento de 8.500 euros que dispón o Concello para este fin.

Piden a reparación dunha pista que forma parte da ruta do transporte escolar

“O mal estado das infraestruturas viarias é unha das causas de accidentes de tráfico”. Así o sinalan no PP de A Pastoriza, para urxir a reparación dunha pista na parroquia de Álvare, que nalgúns tramos está totalmente desfeita.

As causas do mal estado da estrada son varias, aínda que algunha ten especial incidencia no seu rápido deterioro. Esta pista forma parte dunha ruta do transporte escolar no concello de A Pastoriza. Por este motivo, é aínda máis importante, din os populares, que o Concello xestione a reparación desta vía, ben con fondos propios ben cos que poida conseguir doutras administracións. Días pasados, debido a como se encontraba a estrada, o vehículo do transporte escolar tivo que recorrer un tramo marcha atrás para seguir por outra pista.

Os populares instan ao goberno local a tomar as medidas necesarias para proceder canto antes á reparación da estrada, así como para evitar o seu deterioro.



A Granxa Gayoso Castro recibe nova maquinaria

A Granxa Gayoso Castro recibiu unha nova maquinaria adquirida pola Deputación para o gando vacún. A institución provincial adquiriu un novo carro mestrador que mellora a eficiencia das instalacións, así como a alimentación dos animais, que é agora máis variada e apetecible, e polo tanto, o seu benestar, saúde e tamén a súa produción. Este contrato de subministro foi adxudicado á empresa Farming Agrícola SAU por un importe de 230.000€.

O equipamento, que xa está en funcionamento para substituír o antigo, permitirá garantir unha calidade óptima da ración que se lle subministra aos animais, logrando unha maior eficiencia e produtividade, e contribuíndo ao seu benestar. O carro mestrador dá servizo a uns 200 animais -100 vacas de leite, 160 rubias e unhas 30 vacas cachenas- e servirá para substituír outra xa obsoleta coa que contaba



a instalación provincial.

A Granxa Gayoso Castro recibe cada curso lectivo a máis de 500 alumnos e alumnas da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior do Campus Terra, das materias de Enfermidades Parasitarias, Cría e Saúde Animal, Nutrición e Alimentación, e Reprodución e Obstetricia, que realizan as súas prácticas cos animais que se atopan nas instalacións provinciais.

Sinde continúa cos encontros coa veciñanza

A candidata do PSdeG á Alcaldía de Castro de Rei, Alba Sinde, está percorrendo tódalas parroquias do concello para coñecer de primeira man as necesidades dos veciños e veciñas, e estar aí para eles. “Quero que dende o minuto un a veciñanza poida ser partícipe do noso proxecto progresista, e ao mesmo coñecer de primeira man tódalas propostas que se presenten en cada recuncho do noso municipio”, asegurou a candidata.

Comezou as xuntanzas nos locais sociais de Loentia e Anselmar, e estivo tamén no Centro Cultural Xosé Manuel Carballo e a Escuela de Prevesos, para continuar pola Escola de San Julián e na Escola de Triabá.

Volven licitar a xestión da escola infantil

O Concello de Castro de Rei volveu iniciar por quinta vez o proceso de licitación para adxudicar a xestión da escola infantil municipal Manuel López Besteiro.

O proceso incíuse tras rematar o contrato anterior polo que volveu saír a licitación, no pasado mes de xuño, cun orzamento de 161.855,67 euros. Xa a finais de xullo volveuse licitar, malia que nesta segunda ocasión subíuse o prezo case un 10%, 178.041,23 euros, pero reafirmouse a mesma situación, non se presentaron ofertas.

Así, o Concello chairego volveu a iniciar a licitación, por terceira

Remataron as obras dos locais sociais en dúas parroquias

A Xunta apoiou con preto de 33.000 euros as obras de recuperación de dous inmobles como locais sociais no concello de Castro de Rei, situados nos núcleos de Barxa (parroquia de Santa Loeaia) e A Anoca (San Martiño de Goberno). Así, a asociación Corazón de Jesús obtivo unha achega de 16.100 euros para reformar por completo a antiga escola de Barxa, incluídos novos baños, tabiques, portas e pavimentos, a renovación da instalación eléctrica e o pintado interior e exterior.

En canto á agrupación veciñal de San Martiño de Goberno, a Xunta concedeu 16.600 euros para acometer unha restauración integral do vello teleclub da Anoca, coa substitución da cuberta, as portas e as fiestras por outros elementos que proporcionan mellor illamento e incrementan a eficiencia enerxética do local. Tamén se acondicionou o chan e pintouse o inmobile



por dentro e por fóra.

Javier Arias gabou a iniciativa das asociacións veciñais, “en especial nas zonas rurais, porque con este tipo de actuacións recuperan velhas construcións que perderon o seu uso orixinario para convertelas en lugar de encontro e convivencia”.

Nese sentido, o delegado subliñou

o apoio da Xunta ao asociacionismo veciñal con medidas como esta liña de axudas para acondicionar e equipar locais sociais, que en 2022 incrementou o seu orzamento nun 20% con respecto ao exercicio anterior, ata acadar os 3 millóns de euros. Na provincia de Lugo, este ano beneficiáronse 31 agrupacións que percibiron 433.500 euros.



que compoñen a Escola Infantil Municipal, tanto nos seus aspectos educativos, coma de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola. Son actualmente 40 pequenos e pequenas os que hai que atender na escola infantil.

Francisco Balado asegurou que a dificultade para atopar empresa que xestionara o servizo estivo

condicionada pola alza de prezos e a inflación. “A xente está preocupada por cal vai ser o prezo final da enerxía polo que dá un pouco de medo por si logo os prezos non lles cubren”, explica.

O alcalde afirmou tamén que a intención do Concello é ampliar esta escola cun aula máis para o próximo curso debido á demanda que teñen.

FP

Ferretería Puentes, S.L. FERRETERÍA EN GENERAL MATERIALES PARA LA CONSTRUCCIÓN

Artículos de regalo - loza - cristal - vidrios - electrodomésticos - material eléctrico pinturas - tuberías - saneamientos - hierros - mobiliario de baño y complementos

Polígono Industrial, Parcela 4
Tfno.: 982 511 115

Rúa da Pravía, 25/27
Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503

VILALBA - LUGO / fpuentes@infonegocio.com

Integrada en:



Grupo Alcongal



Alfonso Rueda visita o novo polígono agroambiental

O presidente da Xunta destacou os proxectos estratéxicos que combinan innovación e sustentabilidade coa posta en valor dos piares tradicionais da economía galega. Alfonso Rueda resaltou este apoio á iniciativa privada respectuosa co medio ambiente na visita que fixo ás instalacións de Agroamb para coñecer o proxecto de desenvolvemento dun polígono agroambiental.

Alfonso Rueda botou man da memoria para loar a figura de Severiano Ónega, fundador dunha empresa que agora continúa nas mans dos seus herdeiros e que hai máis de dúas décadas comezou a comercialización de fertilizantes a partir dos residuos orgánicos das granxas. Hoxe, Agroamb é unha compañía punteira que quere dar un paso máis no eido da economía circular coa creación dun polígono agroambiental da man de Enagás Renovables e Genia Bioenergy. “Son grandes empresas



que están unindo as súas forzas e estamos convencidos de que o resultado vai ser moi bo”, indicou o presidente da Xunta, quen animou tamén a aproveitar “o gran potencial” que Galicia ten na industria agraria.

Alfonso Rueda fixo fincapé no apoio que Agroamb tivo sempre da Administración autonómica e confirmou

ese compromiso resaltando que a planta de biometano, que é o primeiro pilar do proxecto agroambiental, conta xa coa declaración de Iniciativa Empresarial Prioritaria por parte do Consello da Xunta. “En Galicia temos moitas posibilidades coas enerxías renovables e os primeiros que o fagan irán con vantaxe”, subliñou.

Os monicreques fan parada en Castro Ribeiros de Lea

A casa da cultura de Castro Ribeiros de Lea acollerá o domingo 18, ás 18.00 horas, a representación da obra de teatro de monicreques *Saga de Flin Havaror*, a cargo de Trécola Producións. Unha obra orixinal representada por marionetas de fíos e música en directo.

Eran as sagas unha cantiga á heroidade de grandes guerreiros viquingos fortes e valentes, que abandonaban as súas terras ermas e secas polo clima nórdico e partían nos seus drakar para conquistar outros pobos na procura de alimento e tesouros.

O BNG propón á Xunta o arranxo na estrada LU-113

O Bloque Nacionalista Galego impulsará no Parlamento galego o arranxo da estrada LU-113, en concreto a súa conexión coa N-540 á altura de Rozas. Esta actuación inclúese dentro das emendas do BNG aos orzamentos da Xunta de Galiza para o exercicio do 2023.

Digna Lagarón, concelleira do BNG en Castro de Rei, declarou “esta estrada é a principal vía de conexión coa cidade de Lugo e vertebrada a parte sul do noso concello, co que é fundamental garantir a seguridade”. Neste senso, a concelleira desta-

cou o mal estado do acceso do vial “na altura de Rozas, quilómetro 0 da LU-113, o firme está totalmente deteriorado, facendo difícil a circulación e supoñendo un perigo grave sobre todo cando chove”

Por todo isto, Digna Lagarón sinalou “non é normal a pasividade da Xunta no mantemento da estrada, mais tamén a inacción do goberno municipal, por isto desde o BNG impulsamos este arranxo a través das emendas dos orzamentos da Xunta para o vindeiro ano para solucionar esta deficiencia”



Instalan 80 contedores marróns para a reciclaxe de lixo para compostaxe

O Concello de Castro de Rei sumárase ao proxecto de implantación da recollida separada de bioresiduos para o que vén de recibir unha subvención de 13.239 euros repartidos en dúas anualidades, a primeira de 10.503 neste ano 2022 e a segunda, que será o ano vén, ten 2.646 euros de concesión.

O custe do proxecto é de 7.799,10 euros, explicou o alcalde, Francisco Balado. Nesta primeira quenda chegarán ao Concello un total de 80 contedores marróns, só para residuos orgánicos “co obxectivo de ir implantando esta recollida separada, é difícil pero primeiro hai que ir concienciando á xente, para que faga esta separación e pouco a pouco ir traballando”, explicou.

Explicou Balado que veñen de rematar coa entrega de composteiros pero non notamos unha gran redución no volume de lixo recollido. De cara ao próximo ano seguiremos a estudar este dato “porque ten que ser a empresa a que nos faga ese estudo”.

A gran maioría de cidadáns galegos teñen asumida a separación

dos residuos que xeran nas súas vivendas e a súa división en catro grandes bloques: papel e cartón, vidro, plásticos e resto de lixo, grupos que tamén se coñecen polas cores dos contedores onde se recollen: azul, verde, amarelo e gris. Con todo, aínda non está tan xeneralizado no conxunto da comunidade o cubo marrón encargado de recoller os residuos orgánicos, un procedemento que ademais debe estar garantido en todo o territorio da Unión Europea, como moi tarde, o 31 de decembro do 2023 e que busca optimizar os servizos de recollida de residuos urbanos e ademais impulsar a economía circular desde o ámbito local.

A implantación definitiva do contedor marrón é un dos obxectivos da estratexia autonómica, pero non o único: outro dos puntos destacados é concienciar á cidadanía da correcta eliminación de refugallos domésticos especiais, como poden ser os aceites e o material téxtil; así como a instalación de novos puntos verdes (actualmente coñecidos como puntos limpos).



A Deputación aportará 52.000 euros ao Club Fluvial

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou un convenio de colaboración a través do que o ente provincial aporta máis de 52.000 euros ó Centro de Iniciativas e Turismo do Club Fluvial de Begonte para que poida realizar melloras nas súas instalacións deportivas. O investimento inclúe a redacción do proxecto e a execución das obras, que consistirán na mellora das pistas multideporte e no subministro e instalación da rede e pintado nas pistas de tenis. Con esta actuación, o Club poderá contar cunhas renovadas insta-

lacións para a práctica deportiva e a celebración de eventos que o centro desenvolve nestas pistas, e que son de gran importancia e repercusión, como pode ser o Torneo Nacional de Tenis que reúne a deportistas de todo o país. Esta aportación económica “é unha nova mostra do apoio que dende a Deputación de Lugo lle prestamos a esta entidade, que contribúe de forma significativa á dinamización da vida social de Begonte”, apuntou a voceira socialista.

A localidade acollerá a segunda edición do Mercado de Nadal

O Concello de Begonte contará esta fin de semana, 17 e 18 de decembro, co anunciado Mercado de Nadal, na súa segunda edición, que se celebrará o sábado e o domingo na praza Irmáns Souto Montenegro aumentando con respecto ao primeiro ano. Xa está confirmada a participación de máis de 40 expositores, case o dobre do ano pasado que foron 25, que ofrecerán todo tipo de produtos, principalmente orientado a estas datas que nos ocupan pero tamén doutro tipo. Así poderá mercarse artesanía, agasallos, alimentación, produtos naturais, manualidades, cosméticos naturais, roupa e moitas outras cousas. O mercado estará aberto entre as 12.00 e as 21.00 horas os dous días e ao finalizar a feira, o domingo pola tarde, sortearase unha cesta de nadal entre todos os compradores. Ademais, haberá atraccións gratuítas para os pequenos durante todo o día. Tamén contarán con postos de



polbo e churrasco para completar a oferta. Con motivo da celebración do mercado, o acceso á praza Irmáns Souto Montenegro permanecerá pechado ao tráfico dende o xoves ás 8.00 horas ata o luns 20, polo que tanto a praza como a rúa de acceso deberán quedar libres de vehículos antes desá hora.

Aproban unha addenda para continuar coa reforma do colexio de Baamonde

O Consello da Xunta autorizou a addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o Concello de Begonte para a reforma das edificacións do antigo colexio CEIP de Baamonde como escola de música e conservatorio, así como para a construción dun auditorio no concello.

O convenio asinado en xaneiro de 2022 ten como finalidade resolver a necesidade de novas instalacións por parte do Concello de Begonte, que solicitou ao Goberno galego un reaxuste das anualidades previstas no convenio, dado que aínda que están rematadas as obras da fase I do proxecto, a reforma e o acondicionamento das instalacións para escola de música-conservatorio, estaban pendentes de licitación e adxudica-



ción as obras correspondentes á fase II, a do auditorio, debido aos problemas actuais de subministración de materiais que provocaron un atraso na execución da primeira fase das obras obxecto do dito convenio. As obras foron adxudicadas finalmente á empresa Gau Arquitectura y Urbanismo SLR.

Así, o orzamento estimado para

estas actuacións é de 1.047.938 euros, dos cales a Axencia de Turismo de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegan, cada unha, 457.368 euros; e a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, 133.202 euros, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Rematan obras subvencionadas para mellorar o impacto visual

Durante unha visita ás actuacións levadas a cabo no concello de Begonte, no que estivo acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, a a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, lembrou que esta liña de subvencións se convocou inicialmente cun orzamento de 600.000 euros, pero que “dada a boa acollida das axudas” se ampliou en 200.000 euros máis para levar a cabo 53 actuacións. De feito, segundo aseverou Ángeles Vázquez, non se puideron atender máis peticións porque o crédito esgotouse o mesmo día de apertura do prazo para a presentación de solicitudes. No caso concreto do Concello

de Begonte, leváronse a cabo un par de actuacións ao abeiro das dúas liñas de financiamento. Por unha banda, tal e como explicou a conselleira, restaurouse a antiga escola municipal coa limpeza de fachadas, a instalación dun revestimento tipo SATE e de pezas de remate nas carpinterías, a substitución de baixantes existentes por outras de aluminio lacado e o revestimento da escaleira con morteiro e cun pavimento de gres. E, por outra banda, actuouse nunha fonte de pedra catalogada e na súa contorna. Neste caso construíuse una nova soleira para solventar o desnivel existente e revestíuse con pezas de pedra as pías da fonte e do lavadoiro anexo.

Isabel Rodríguez destaca o éxito do Plan de Convivencia

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, confirmou, nunha charla celebrada no CEIP Virxe do Corpiño de Begonte, o éxito de participación na programación de actividades do Plan Director de Convivencia e Seguridade nos centros educativos e as súas contornas que desenvolven as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Participou nunha charla para as familias impartida pola Garda Civil na que se advertiu sobre o acoso escolar e os riscos relacionados co mal uso das novas tecnoloxías e os videoxogos por parte dos adolescentes. Isabel Rodríguez advertiu ás familias da importancia de que os máis novos “utilicen de forma intelixente as ferramentas e aplicacións tecnolóxicas, aproveitando todo o que nos ofrecen para aprender”.

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA
NUESTRA CARTA
HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIAS
ALGO PARA
COMPARTIR
TAPAS
NUESTROS DELICIOSOS
SABOREAR
TORTILLAS
ALGO PICAR
RAXO PATATAS

Asesoría Enerxética
Terra Chá



CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORIAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)

Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

Arranca o 50 aniversario do belén

Abriu as súas portas o día 2 e conta de novo cos concursos así como con varios actos especiais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, foi o encargado de inaugurar este ano o Belén de Begonte, declarado de Interese Turístico Galego, e que celebra este ano o seu cincuenta aniversario nesta vila chairega co obxectivo de obter a distinción de Interese Turístico Nacional.

Rueda asistiu á inauguración desta instalación, da que resaltou a súa singularidade e orixinal sistema de animación que fai que se teña convertido nun referente do Nadal galego. Así, salientou que o Belén de Begonte transcende a súa orixe relixiosa e forma parte do patrimonio cultural de Galicia, ata o punto de que atrae cada ano ao redor de 40.000 visitantes.

O mandatario galego tamén considerou que o Belén de Begonte reflicte valores cos que facilmente se poden identificar todos os galegos e galegas. Entre eles, apuntou o traballo en equipo de toda a veciñanza, que cada ano fan novas pezas de xeito voluntario; a aposta pola tradición e innovación que se percebe na actualización do seu mecanismo de funcionamento e o interese por



seguir mellorando e actualizándose. O acto inaugural tivo lugar, coma sempre, no salón de actos do centro cultural José Domínguez Guizán, a partir das 19,00 horas pero ademais contemplou este ano outras accións, como foi a inauguración dunha escultura do artista lucense César Lorenzana, na praza Irmáns Domínguez Guizán, á beira do belén, como primeiro dos elementos que van situarse en cada unha das parroquias do Concello como símbolo de que todos os camiños de Begonte conducen ata o Belén.

A apertura ao público do Belén fíxose, como é tradicional, o primeiro sábado do mes de decembro, despois da misa polos amigos do belén falecidos, que se celebrará na igrexa parroquial de Begonte ás 18.00 horas. Ata o día 23, o nacemento poderá visitarse só as fins de semana e festivos en horario de 11.00 a 13.00 e de 16.00 a 19.00 horas. Durante as festas de Nadal abrirá todos os días e a partir do 7 de xaneiro e ata o 28, que será cando peche, volverá estar só aberto as fins de semana.

CINCUENTA ANIVERSARIO. A organización quere que este cincuentenario sexa especial polo que teñen previsto realizar unha serie de actividades e lembranzas deste tempo, que se iniciou no ano 1972, cando foi fundado polo crego local, José Domínguez Guizán, e o artista José Rodríguez Varela.

En entre outras das accións que se organizarán para celebrar este aniversario está a elaboración dun mural a través de Diego As que se situará na N-VI.

O belén de Begonte volveu abrir o ano pasada tras unha edición pechada pola pandemia. Aínda que se volveu á presencialidade, as visitas fixéronse en grupos reducidos, rexistrados previamente a través de internet ou telefónicamente, atendendo tamén a quen acudía sen reserva na medida en que as disponibilidades de espazo o ían permitindo.

Estímase en algo máis de 14.000 visitas as recibidas nos case dous meses de funcionamento do belén o ano pasado, ás que hai que sumar as 12.500 (algo máis de 200 diarias) visitas á páxina web desde diversos puntos do mundo, sendo maioría os españois e, dentro deles, os galegos.

Por outra banda, trinta membros da Asociación de Mulleres de Paradelas, desprazáronse este venres a Begonte para participar nos actos de inauguración do Cincuentenario do Belén de Begonte.

Esta viaxe enmárcase dentro das actividades extraordinarias desenvolvidas en Paradelas con motivo do Bicentenario da institución municipal, que se ven celebrando desde o pasado mes de xullo.

A presidenta da asociación paradelense, Rocío Domínguez, entregou ao presidente da Xunta, no nome do alcalde, José Manuel Mato, o agasallo institucional do Concello alusivo ao Bicentenario.

OUTRAS ACTIVIDADES. Nestes case dous meses nos que estará aberto o belén de Begonte están previstas

diferentes actividades, entre as que figuran dúas retransmisións televisivas e a apertura de dúas exposicións. Estas estarán na sala da Delegación Territorial da Xunta de Galicia entre o 2 e o 17 de decembro e na Biblioteca Nodal de Lugo entre o 19 de decembro e o 6 de xaneiro.

Unha delas será 50 anos do belén de Begonte, 1972-2022, que reflicte en 13 paneis a historia deste medio século, deténdose no seu nacemento, o carácter galego do belén e o impulso ás artes.

Na segunda mostra, No Belén de Begonte, imaxes e palabras, as fotos de Miguel Calvo, Miguel Fraga, Fernando Gago, José Manuel Guisasaola, Gerardo Méndez e Eduardo Ochoa combínanse con anacos de poemas premiadas no certame.

CONCURSOS. Un ano máis convocaranse os catro concursos vinculados ás distintas artes. Así volverá convocarse o de Arte, premiado con 1.500 euros; o de poesía, con 600 euros para o gañador e 300 para o segundo e o de periodismo, cos mesmos premios. Todos estes son para adultos.

Ademais, tamén se convocou outro de debuxo infantil, con dúas categorías, ata 10 anos e de 11 a 15 anos. O prazo de presentación de candidaturas xa está aberto e rematará o día 6 de xaneiro, agás no de arte, que finaliza o 25 de decembro.

O Papa recibe un agasallo

O Papa Francisco recibiu de mans do alcalde, José Ulla, e do tenente de Alcalde, Luis Luaña, un recordo e tamén unha explicación sobre o Belén de Begonte, declarado de Interese Turístico Galego, que cumpre este ano 50 anos de vida, cando no 1972 foi fundado polo crego local, José Domínguez Guizán, e o artista José Rodríguez Varela.

Unha comisión formada por persoeiros da localidade, á fronte da que estaba o alcalde, fixo entrega ao Papa dunha escultura do artista lucense César Lorenzana, que non é outra que unha maqueta do monumento da praza Irmáns Domínguez Guizán, á beira do belén, como primeiro dos elementos que van situarse en cada unha das parroquias do Concello como símbolo



de que todos os camiños de Begonte conducen ata o Belén.

Durante a breve charla co pontífice, aproveitaron para invitálo a visitar Galicia, entregáronlle ampla información sobre o Belén: O libro publicado na colección Everest, libro con traballos premiados nos certames, programas, sinaladores de lectura e un pen coa gravación.

Nomearanse socios de honra, por primeira vez dende 2001

O Belén de Begonte, con motivo deste Cincuentenario, nomeará tres Socios de Honra que recibirán as súas distincións na xornada de clausura desta efeméride, o próximo 28 de xaneiro, no salón de actos do Centro cultural José Domínguez Guizán.

José Ulla Rocha, alcalde de Begonte, será Socio de Honra polo seu permanente apoio ao Belén e as súas actividades, contribuíndo de xeito continuo e decidido a fortalecer o papel desta cincuentenaria iniciativa en Begonte e en toda Galicia.

A Carlos Torres Lamas, do equipo técnico e de atención do Belén, no-

méase Socio de Honra pola colaboración de tantos anos e dedicación e entrega para que o Belén estea permanentemente vivo e aberto a todos.

E co título de Socio de Honra, lembrarase a José Antonio Abelleira, O alemán (así chamado por ter sido emigrante en Alemaña), falecido en 2011, que durante moitos anos se encargou da parte eléctrica e electrónica da infraestrutura do Belén begontino. A título póstumo, a súa familia recibirá este nomeamento.

Son estes os primeiros Socios de Honra que o Belén de Begonte nomea desde o ano 2001.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalbo@gmail.com 982 887 932/604 049 938 • caracol.plus

CARACOL +

Convocado o concurso de decoración de Nadal

O Concello continúa este ano o concurso de decoración de Nadal. Nesta terceira edición establécense dúas grandes categorías, a de vivendas por un lado e a de negocios pola outra. Na primeira haberá diferentes premios, ao mellor árbore de nadal, ao mellor nacemento, á mellor decoración interior e á mellora decoración exterior. Na segunda categoría, exclusiva para negocios, só haberá un premio para a decoración xeral do mesmo.

As persoas participantes poderán elixir libremente as técnicas de es-

tilos da súa decoración pero o xurado valorará a creatividade, orixinalidade e vistosidade, así como o uso de materiais naturais e reciclados ou a introdución de elementos representativos do Concello de Xermade.

Os interesados en participar neste segundo concurso poden inscribirse no 678 744 178 ou no correo educadora.familiar@xermade.org antes do 21 de decembro. O premio en cada unha das cinco categorías será unha cesta valorada en 130 euros.

Quedan tres citas da Invernada de Cine de Cabreiros, unha adiada

A organización da Invernada de Cine, a cargo da asociación de veciños de Cabreiros, que este ano chega á súa décima edición con proxeccións durante os meses de novembro e decembro, anunciou o aprazamento da actuación do monologuista Lois Pérez prevista para este sábado 3 de decembro. Segundo indican este cambio de data prodúcese por causas alleas á organización e en canto se poda escollerase unha nova data. O programa conta este ano con cinco actividades, das que xa se celebraron dúas proxeccións, *A mestra da Escola* e *A Virxe Roxa*.

O 17 de decembro toca sesión infantil con Teatro Infantil Ghazafhellos e

a peza *Iriña Bailarina*. Un pirata, un xogador de fútbolín, unha bailarina de caixiña de música e un único desexo; xogar sen límites para medrar sen "medidas".

Rematará a invernada o día 30, ás 19.30 horas con outro espectáculo infantil, neste caso *Peter Punk-Punkdemia*. Peter Punk convértese no doutor Punkdemia, con un espectáculo viral no que ofrece a súa particular visión da Pandemia.

Punkdemia céntrase en novas rutinas, descubriremos como se viste un paiaso para protexerse da covid-19, uso de mascarillas, vacinas e o equilibrio necesario para facer fronte á desescalada.

O Pleno aproba un orzamento de 1,95 millóns de euros

A Corporación xermadina reuniuse co gallo de aprobar a modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo e o orzamento do exercicio 2023.

A modificación da Relación de Postos de Traballo foi un compromiso adquirido co persoal durante a negociación da RPT en vigor, a finais do 2020. Desde xeito, créanse tres novos postos de administrativo (dous de administración xeral e un de administración especial para a biblioteca), e mellóranse as retribucións do persoal que se encarga dos servizos básicos (auga, sumidoiro, etc.). Por último, increméntase a xornada do posto de técnico/a de urbanismo,

ata o 60% (actualmente era do 48%). O proxecto de orzamento de 2023 contempla este incremento retributivo no Capítulo 1, ademais de dar cobertura aos servizos básicos que se están prestando e os de nova creación. Entre os primeiros cabe destacar o Servizo de Axuda no Fogar, que na actualidade conta con 125 usuarios e un gasto de 744.886,40 euros destinado á adxudicataria do servizo, sen contar os medios persoais municipais (persoal dos servizos sociais). Entre os servizos de nova creación está a Atención Temperá, que comezou en xullo de 2021 mediante a agrupación cos concellos de Vilalba e Guitiriz e ten como destinatarios

ás crianzas de 0 a 6 anos. O presupuesto de licitación deste servizo é de 179.600,00 euros do 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023, dos cales se agarda obter de novo axudas por parte da Xunta de Galicia. No capítulo 7 prevese a achega municipal (53.492,80 euros) para a construción da depuradora do Campo da Feira, en Momán, que executará a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Actualmente o Concello de Xermade está en proceso de adquisición das parcelas necesarias para ubicar a depuradora.

O orzamento ascende a 1.952.656 euros, cun incremento de 58.088,18 euros respecto ao 2022.

O belén reivindicativo de Momán quéixase da situación sanitaria

Un ano máis, a parroquia de Momán conta co seu tradicional belén reivindicativo, realizado polos veciños baixo a dirección do cura Patiño.

Xa abriu as portas ao público e volven facer unha reclamación respectuosa, de protestas e de homenaxe onde as principais reivindicacións xiran en reclamar máis centros de día "moi necesarios para os nosos maiores" e unha sanidade pública gratuíta e de calidade para todos.

"Queremos que haxa máis axudas á cociña económica e ás familias con poucos recursos, sen esquecer



tamén a protección necesaria aos desprazados polas guerras", engade Patiño. Dous grandes carteis colgan do nacemento, un referente a Sanidade, na loita das aldeas para que non pechen os centros médicos e

outro celebrando o día de Nadal con unha serie de valores "amor, respecto, tolerancia, empatía, etc". O de Momán está situado na Capela de San Antón e para visitalo hai que falar con Amador.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

rábade

Rábade prepárase para o Nadal

O Nadal arrancará o día 16 co acendido do alumeado, que precederá a un dos actos máis tradicionais na localidade, o Recheo de Nadal, que se fará o 23 no centro sociocultural con agasallos e chocolate con churros, só para adultos.

Os nenos volverán ser os protagonistas con numerosas actividades para eles. Así, o día 26 dará comezo un taller de construción de cabezudos, que se prolongará ata o día 30 de decembro, todas as mañás, de 10.00 a 14.00 horas no centro sociocultural. Esta actividade está dirixida a nenos e nenas de 8 a 16 anos, que realizarán o seu propio cabezudo. Tamén haberá un campamento de Nadal, *Campa Rabadelandia*, durante todas as vacacións escolares para conciliar vida laboral e familiar. Centrarase na creatividade nestas datas e durante as mañás, os asistentes, pequenos e pequenas de 4 a 12 anos terán talleres, xogos e cancións para desfrutar das mañás, xa que o horario será de 10.00 a 14.00 horas do 26 ao 30 de decembro.

En xaneiro, os días 2, 3 e 4 haberá outra sesión de campamento cun horario diferentes. Será de 12.00 a 13.30 horas para facer teatro, dirixido a nenos de 6 a 12 anos. A actividade leva o título, *Empeza o ano facendo teatro*.

Paralelamente terán lugar outras actividades, como unha sesión de con-



tacontos, o día 27 de decembro, ás 17.00 horas no centro sociocultural. Representarase Un paxe real en apuros, dirixido a público infantil e familiar. Para os adultos, terá lugar o baile de Nadal, que se celebrará o día 30 de decembro, a partir das 22.30 horas, con actuacións en directo e o concurso *Móvete a ritmo* cun xamón de premio.

Rematarán o ano coa carreira de nenos e adultos *Don Silvestre*, que se celebrará a partir das 11.15 horas na Prazaela. Será, coma sempre, non competitiva e aberta á participación de nenos e adultos con premios para os catro mellores disfraces. Para participar requírese inscrición previa en *championchipnorte*.

Para o mes de xaneiro están previstas dúas actividades. O día 4, martes, haberá un concerto de Nadal a cargo de Eladio y los seres queridos, a par-

tir das 22.00 horas no centro sociocultural. E finalizarán coa Cabalgata de Reis, o propio día 5 de xaneiro con saída ás 17.00 horas.

A organización pide aos pequenos que esperen no seu balcón ou ventá xa que farán un percorrido por toda a vila. Previamente, enviarán unha carta con información e os horarios. As persoas interesadas en participar nos obradoiros poden inscribirse no Concello en horario de mañá.

CASA DAS INSUAS. Un ano máis terá lugar en Rábade unha nova edición da Insuascola da Nadal, un espazo de formación en mediambiente especial pensado e deseñado para as nenas e nenos de 6 a 12 anos de idade que se levará a cabo na Casa das Insuas.

Seguiranse primando as actividades no exterior, realizando actividades e formación ao aire libre dun xeito lúdico e divertido en grupos. O campamento é de balde e as prazas son limitadas.

As prazas están limitadas a 15 nenos e nenas que tratarán diferentes contidos como unha andaina invernal para o primeiro día, unha sesión de preparación de alimentos para nenos e paxaros e a busca dos tesouros da natureza pechará o programa. O campamento será do 27 ao 28 de decembro de forma continuada entre as 10.00 e as 14.00 horas.

Queixa veciñal do estado de Camiño José Pardo

Varios veciños de Camiño José Pardo manifestaron o seu malestar polo estado no que se atopa a vía, que forma parte do entramado urbano desta localidade.

Son varias as casas unifamiliares desta zona que teñen como único acceso e que se atopan chegas de fochancas que se enchen de auga nos días de choiva.

Os veciños reclaman que se repare esta zona, como se fai no resto de vías.

A rúa está composta dunha zona pavimentada máis recentemente e doutra que non ten saída, que está en moi mal estado.

A esta rúa accédese dende a rúa José Pardo, unha das máis emblemáticas da localidade chairega.



Emprendemos un novo camiño xuntos

E REIGOSA & VARELA ECONOMISTAS

Plaza da Mina Nº4 Bajo - 27002 Lugo
Tel. 982 255 026 - Fax 982 220 266
asesoria@reigosayvarela.com
www.reigosayvarela.com

TAR ASESORES

Campo de Puente Nº27-29 Ent. B
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982 510 300
www.tarasesores.com

JRoca INMOBILIARIA

ROCA & PRADO ABOGADOS

Conde Polares, Vilalba
Local | 188m² **30.000€**
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta o alquiler un local, que hasta hace poco estuvo destinado a taller. Tiene en planta 114 metros y una planta primera de unos 74 metros cuadrados.

Belesar, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 6 Dorm | 3 Baños | 354m² **220.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto, en la parroquia de Belesar, se vende chalet de tres plantas, en el sótano tiene el garaje y la caldera, en la planta baja tiene la sala, la cocina, tres habitaciones y dos baños y en la planta alta, tres habitaciones y un baño y varios trasteros. El chalet está ubicado en una finca de unos 5.000 metros, en la que hay una piscina. La casa está a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña.

Foz, Vilalba
Casa / Chalet Adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 126m² **62.000€**
En Vilalba (Lugo), a escasos metros del centro se vende vivienda unifamiliar de planta baja y piso, de una superficie de unos 126 metros cuadrados, que se distribuyen en sala, tres dormitorios, un baño y cocina. A lo que hay que sumar la planta superior, que tiene placa y está sin acondicionar. La casa tiene un terreno a la espalda de unos 250 metros cuadrados.

Avenida Terra Cha 112, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 115m² **110.000€**
En Vilalba (Lugo), Avda. Terra Cha, en el edificio situado delante del cuartel de la Guardia Civil, se ofrece en venta una vivienda de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. El piso se vende amueblado. Dispone de calefacción individual, ascensor, trastero y garaje en el mismo edificio.

Novo Cazón, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m² **50.000€**
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 4 habitaciones y sala, cocina amueblada y 2 baños. El piso dispone de calefacción de gas ciudad, orientación Sur y tiene ascensor con cola cero.

Carrizo s/n, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 4 Dorm | 1 Baño | 140m² **110.000€**
En la parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar de unos 140 metros. En la planta alta hay 4 habitaciones, cocina y un baño. En la planta baja hay un garaje, un trastero y un tendadero y a mayores tiene un bajo cubierta, que de momento está en placa. La casa dispone de agua de traida, calefacción y tiene dos fosas sépticas. Se encuentra a un kilómetro de la autovía Ferrol-Vilalba y está a unos 10 minutos de esta última localidad y a otros tantos de As Pontes.

Mondoñedo s/n, Vilalba
Terreno / Urbanizable | 382m² **7.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende parcela de 382 metros cuadrados, con unos 11 metros fachada a calle con acera. La parcela se encuentra en estudio de detalle.

Alcalde Fraga Bello 30, Vilalba
Local | 278m² **91.000€**
Además del bajo, tiene un entresuelo de 103 metros.

Calle Lameirón Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 650m² **90.000€**
Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.

Xosé María Chao Ledo, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m² **79.995€**
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso céntrico, de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor y un trastero.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Maurizio Polsinelli gaña o certame de poesía Torre de Caldaloba

O pasado venres, 11 de novembro, celebrouse a xuntanza do xurado do V Certame de Poesía Torre de Caldaloba, que convocan o Concello de Cospeito e a Asociación Recreativo Cultural de San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ e a Xunta de Galicia. Acordaron conceder por maioría de votos o primeiro premio a *Cartografía dos Tránsitos*, de Maurizio Polsinelli.

O segundo premio correspondeu á obra *Caero*, de María Mercedes Rodríguez Bolaño

Da obra gañadora, o xurado salientou que se trata dun traballo artesanal da palabra poética, dentro dunha proposta desenvolvida con técnica e elegancia. Ademais de destacar "a súa riqueza en recursos expresivos e referencias cultas e evocadoras, acaídas con moi acertada habilidade. Estructuralmente

equilibrado e cunha excelente musicalidade".

De *Caero* o xurado citou a súa plasticidade e emprego de imaxes poderosas. En ocasións presenta un ritmo sincopado, e unha contención que evita a saturación ornamental, cunha forza metafórica suxestiva.

O xurado estivo integrado por Adolfinia Mesa, artista multidisciplinar; Andrea Fernández Maneiro, escritora e gañadora da pasada edición do certame; Armando Requeixo, escritor, profesor e crítico literario; Beatriz Dourado, escritora e profesora, e Xosé Otero Canto, escritor e profesor.

A entrega de premios terá lugar este sábado, 19 de novembro, no local social de Pino, onde previamente se realizará a inauguración da Biblioteca Rural de San Martiño de Pino.

Arranca en Muimenta unha nova edición do Mercado de Nadal

A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta, a cal engloba a gandeiros, profesionais e autónomos da Vila, sigue desenvolvendo actividades, en especial encaminadas a estas datas navideñas.

Un ano máis, o Mercado de Nadal de Muimenta, que alcanza a súa XIV edición arranca hoxe, xoves 1 de decembro e rematará o xoves 5 de xaneiro do 2023 (en ambos días, celébrase a feira mensual da vila).

Participarán un total de 28 negocios, repartíndose unhas 19.000 rifas entre os seus clientes e que serán Aseoría Suliña, Bar Alvariño, Café Bar A Praza, Calzados Iglesias, Desexos, Discoteca Hermo, Docería Anllo, Estación de Servicio Lagas, Estanco José Raúl Rodríguez Vázquez, Far-

macia Castaño, Fisioterapia Nancy Maseda, Froitería Novo, Librería Díaz, Mercedes Abelleira Riveiro, Mercería Teresa García, Óptica Filo, Panadería Hermo, Parrillada Bañal, Perruquería Ofelia, Perruquería Raquel, Perruquería Velica, Pienso Germán Naval Lage, Reparaciones Agrícolas y Recambios Paris, Super Setti, Supermercado A Tenda, Talleres Álvaro Engroba, Talleres Morán e Veterinario José Pena Peteiro.

Os premios serán 19 vales de cen euros cada un para aos donos das papeletas que coincida cos tres últimos números do primeiro premio da Lotería de Reis, que se celebrará o vindeiro venres 6 de xaneiro do 2023.

Os gañadores terán que informar antes de que remate o luns 16 de xaneiro, de que posúen a rifa ga-



ñadora. Non será válido todo o que apareza despois dese día, así como se se gaste o valor do premio antes da entrega do pertinente vale.

Ditos vales deben ser consumidos, coma sempre, nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial, nos trinta días posteriores a súa entrega.

Esta iniciativa xurdiu no ano 2009, como unha maneira de incentivar as compras de Nadal nos negocios da parroquia.

Armando Castosa, reelixido presidente do PP municipal

O PP de Cospeito reelixiu a Armando Castosa como presidente da agrupación local durante o congreso que a formación celebrou coa participación dos afiliados e ao que tamén asistiu o secretario xeral do PP da provincia de Lugo, Javier Vázquez Nodal; o coordinador xeral, José Manuel Balseiro; os deputados provinciais e alcaldes de Castro de

Rei e Outeiro de Rei, Francisco Balado e José Pardo Lombao, respectivamente; o presidente da xestora do PP de Guitiriz, José Manuel López Rodríguez 'Portolamas'; e o secretario xeral do PP de Muras, Julio Díaz.

Trátase dunha "directiva ampla", foramada por 19 persoas, que "conxuga experiencia e renovación"

O TSXG confirma que o Concello debe indemnizar a unha muller que caeu

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) confirmou a sentenza do Xulgado do Contencioso administrativo número 1 de Lugo que lle impuxo ao Concello de Cospeito o pagamento de 32.069 euros a unha muller polos danos e prexuízos que sufriu tras caerse o 1 de xullo de 2015 nunha rúa do municipio.

Os maxistrados destacan que está "plenamente acreditado coas fotografías do lugar, cuxa autentici-

dade ninguén pon en dúbida", o feito de que as baldosas estaban "levantadas e soltas ao pé da árbore en que se produciu o sinistro, e que iso foi o que provocou a caída da demandante porque estaban na súa zona de paso unha vez que aparcou o seu automóbil e trataba de acceder ao supermercado".

"O abandono no mantemento da vía pública por parte do concello

non era algo incidental ou esporádico, e de feito as baldosas existentes ao pé da árbore en que se produciu o sinistro levaban tempo en estado deficiente, polo que tal incumprimento non pode ser minusvalorado, como agora se pretende, ao pasar os estándares de seguridade esixibles", salienta o alto tribunal. Contra a sentenza cabe presentar recurso de apelación ante o Tribunal Supremo.

Construtora Promotora
Sistemas Obras Públicas
Fundada en 1971

Multiservicios InterGallego sl

Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional

- PINTURA • DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN
- FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • PLADUR
- PISCINAS DE OBRA Y FIBRA • PLAYAS DE ARENA
- CARPINTERÍA • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA • MOVIMIENTO DE TIERRA
- REFORMAS INTEGRALES • REHABILITACIÓN
- ESPECIALIDAD EN CASAS DE PIEDRA • RETRO Y MINI EXCAVADORAS
- ALBAÑILERÍA • OBRAS PÚBLICAS
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS

C/ Trastoi 3, Santaballa - Vilalba - Lugo.
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919

construferr

Saneamentos, construción
y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

MATERIALES
DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

O Concello rescindirán o contrato coa nova adxudicataria do PXOM

O Pleno de Cospeito aceptou a notificación do Concello da rescisión, de mútuo acordo, do contrato coa nova empresa adxudicataria do PXOM. Esta decisión tomouse tras os traballos preliminares levados a cabo cando se produxo a nova adxudicación e a empresa asegurou que a situación coa que se atopou requiría máis traballo do previsto, o que non cubre a cuantía da adxudicación.

Este punto foi tratado no Pleno a instancias do PSOE, que recibiu en días previos á celebración a comunicación da rescisión do contrato por parte do grupo de Goberno. Durante o debate, o alcalde lembrou que esta foi a única empresa que concursou na anterior adxudicación e segundo avanzou, o obxectivo é volver a licitalo pero aumentando a cuantía. Os tres partidos presentes coincidiron en sinalar o urxente de volver a facer esta adxudicación para poder acelerar o proceso.

O Concello de Cospeito xa rescindira o contrato á empresa redactora do PXOM na primavera do ano pasado polo incumprimento dos prazos, tras unha aprobación provisional por unanimidade e unha quenda de información pública coa presentación por parte da veciñanza das pertinentes alegacións. Tras unha nova adxudicación e trala revisión da documentación, a nova empresa afirmou ser insuficiente o orzamento destinado a tal fin polo que acordaron dita rescisión.

COMPENDIO DE PREGUNTAS. Outro dos temas de actualidade que se trataron foi a xestión do Servizo de Axuda no Fogar. Os socialistas preguntaron se o Concello se daba por satisfeito coa contestación da empresa sobre os traballos e melloras realizadas no servizo ao que o grupo



de Goberno contestou afirmativamente.

“Ben é certo que a base de insistir conseguimos que esta empresa incorporase servizos que prometera e non tiña, como o de podoloxía. Agora afirman que está todo correcto e que están cumprindo co contrato aplicando as subas no salario do persoal necesarias”, explica Morán. O alcalde afirmou estar satisfeito pero ambos acordaron seguir vixilantes.

En temas sanitarios volveuse falar da consulta do soto do centro de saúde da Feira do Monte, que tras varias intervencións en diferentes plenos, existe o compromiso do alcalde de arranxar a estancia un venres deste mes. Será unha solución provisional mentres non se acometan melloras por parte do Sergas. Tamén chegaron a un acordo unánime para que se instase á Xunta a non perder o servizo de pediatría que leva funcionando uns vinte anos na localidade. “Temos á titular de baixa e queremos que se cubra a súa praza porque a baixa vai ser longa e non queremos quedarnos sen consulta”, dixerón.

O PSOE volveu levar ao Pleno a si-

tuación da empresa Biocompost en Cospeito. Este tema lévase arrastrando dende o ano 2017, cando os socialistas alertaron de que esta empresa non estaba pagando o IBI como o resto. A partir desa situación seguiron investigando e descubriuse que no Catastro está rexistrado ao seu nome unha gran parte do monte comunal, “situación que aínda non se correxiu”. Solicitaron por tanto a documentación de que a empresa fixera algún avance sobre esta xestión e que o Concello tome parte nesta situación como parte interesada para axudar aos veciños.

No relativo a temas de traballos pendentes, o Concello informou a preguntas do PSOE de que non se repuxeron contedores nalgúnhas parroquias e que en breve se arranxarán os cristais da Escola de Cospeito que non se repuxeron na última intervención, realizada tamén a instancias dos socialistas.

Tras facer unha análise das accións que se desenvolveron polo 25N e contra a violencia de xénero en xeral, rematouse a sesión falando do estado das pistas polo traballo dos madeiristas.

Abre a biblioteca de Pino, que programou un contacontos para o 23



Esta fin de semana a Asociación Recreativo Cultural San Martiño de Pino abriu as portas dunha biblioteca rural na escola de Pino que a partir de agora terá de horario os venres de 18.00 a 20.00 horas e os domingos de 10.30 a 13.00 horas.

Para poñer en marcha esta iniciativa, a asociación contou co doazón de libros por parte do CEIP Virxe do Monte da localidade. Son títulos que xa non se empregaban na biblioteca do centro e que aportan á futura biblioteca dende grandes clásicos a enciclopedias e outros libros de consulta para todas as idades. Tamén contaron coa aportación da Mancomunidade de Montes A Corva para esta iniciativa.

O primeiro acto oficial que acolleu foi a entrega do premio do Certame de Poesía Torre de Caldaloba pero a intención é ter un programa cultural. Así xa teñen previsto un contacontos de Nadal da man da Profe Alba Infantil.

Será o venres 23, ás 17:00 no local social da Escola de Pino. Trátase dunha actividade gratuíta e aberta a todos os nenos e nenas, socios ou non da Asociación Recreativo Cul-

tural de San Martiño de Pino.

Para participar hai que poñerse en contacto coa asociación chamando a calquera dos membros da directiva ou por mensaxe privada nas redes sociais.

VIAXE A VIGO. A Asociación volve organizar este Nadal unha viaxe a Vigo para ver a iluminación. Nesta ocasión contan coa colaboración da Asociación Cruceiro de San Pedro de Seixas.

Nesta viaxe visitarán Padrón e a súa feira, para logo achegarse á cidade de Vigo e ver o seu alumeadado. Realizarase o día 18 de decembro, domingo.

O programa arranca coa saída ás 8.00 horas de camiño a Padrón, con parada para almorzar. Tras visitar esta localidade coruñesa e a súa feira, comerán na mesma localidade para chegar a Vigo onde está previsto visitar os mercados ata as 18.00 horas, cando de acenden as luces.

O regreso está previsto ás 20.00 horas. No prezo, que é de 40 euros para socios e 50 para non socios, están incluídas as comidas e traslados.



O Concello aproba de novo as axudas da luz e a estudantes

O goberno local de Muras levou a pleno unha nova edición das bases de axudas ao pago da factura da luz e as de estudantes.

Nesta ocasión, ofrecen unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así haberá de novo dúas liñas de axudas, unha destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. Para chegar á máxima cuantía o tope cobrarase en fogares con rendas inferiores a 15.000 euros.

Estas novas axudas volverán convocarse no mes de febreiro, como vén sendo habitual no Concello, para cubrir os gastos do ano 2022.

O alcalde da localidade, Manuel Requeijo, manifestou que “estas axudas é o sexto ano que se porán en marcha e está claro que están

para quedarse e supoñen nestes momentos que vivimos unha axuda importante xa que por exemplo para un negocio pode supoñer a axuda o custe de dous meses de electricidade”.

De feito, varias universidades de fóra de Galicia manifestaron o seu interese en coñecer o funcionamento das axudas da luz, concretamente de Madrid e Valencia. Ademais, estas xa foron tamén motivo de atención pola USC e a UVigo.

ESTUDANTES. Por outra parte, tamén se buscará a aprobación das bases das axudas destinadas aos estudantes e neste sentido, manteranse as contías do ano pasado, cunha liña de axuda de 100 euros, destinada a subvencionar a contratación de internet nos fogares, posto que é necesario que os estudantes conten cunha conexión de velocidade media-alta, para combater a fenda dixital, e garantir que todo o alumnado de Muras matriculado en calquera nivel educativo conte con este tipo de conexión.

Abrirá en decembro unha oficina para atender sobre o Catastro

Na semana do 19 ao 23 de decembro, comezará en Muras a atención ao público relacionada co proxecto A Finca, que pon en marcha a Dirección Xeral do Catastro, o proxecto deseñado no plan de acción do Goberno fronte ao reto demográfico e que está incluído dentro das medidas do Plan de Recuperación.

O horario de atención será de 9.00 a 14.00 en horario de mañá e de 16.00 a 19.00 de tarde nas oficinas da planta baixa do Concello.

Para asistir será preciso solicitar cita previa no teléfono 982 500 001 polas mañás. Para solicitar cita deberá aportarse nome e apelidos, número de parcelas a tratar e número de teléfono.

Muras é o único concello de Galicia seleccionado polo Ministerio de Facenda e Función Pública para desenvolver este proxecto pioneiro e ten como obxectivo reforzar a seguridade xurídica dos bens inmoables e facilitar o posterior investimento en territorios con problemas de despoboamento. Precisamente un dos criterios determinantes na elección de Muras para a posta en marcha do



proxecto é a súa baixa densidade de poboación, pois ten 3,8 habitantes por quilómetro cadrado.

O proxecto enmárcase nun reforzo ao investimento no territorio rural actuando en cada municipio a través de empresas, preferiblemente locais, para actualizar a información territorial co obxecto de crear un marco de seguridade xurídica para garantir o sostemento e a mellora da competitividade do sector agroalimentario, elementos esenciais para manter a poboación, o emprego e a actividade económica nas zonas ru-

rais.

O obxectivo principal deste proxecto é dotar ao territorio rural da seguridade xurídica necesaria no ámbito inmobiliario para fomentar o desenvolvemento sostible en municipios con problemas de despoboamento. Mediante actuacións para facilitar aos veciños a correcta descrición dos seus inmoables no Catastro e iniciar, no seu caso, os trámites para a obtención dos títulos ante notario e a posterior inscrición no Rexistro da Propiedade, coa súa xeorreferenciación.

Muras contará este ano de novo cun campamento para a cativada

O Concello de Muras contará este Nadal cun campamento de Nadal para a cativada co obxectivo de axudar a conciliar a vida familiar e laboral.

Este campamento terá lugar os días laborais das vacacións escolares, entre o 23 de decembro e o 5 de xaneiro.

Este campamento terá lugar todas as mañás entre as 10.00 e as 14.00 horas na Casa do Médico con actividades para todos.

Este campamento será gratuíto



e contará con dúas monitoras para acompañar aos pequenos. As persoas interesadas poden inscribirse no Concello.

Previamente, o día 18 haberá unha obra de teatro co título Poeta en Nova York, de Teatro Baixo da Area, con dirección e dramaturxia de Paloma Lugalde. A directora forma parte do elenco, no que tamén están Dani Lago e Raquel Velasco.

A sesión será ás 18.00 horas tamén na Casa do Médico.



FEIRA DO MEL. A Feira do Mel de Montaña de Muras volveu cun intenso programa de actividades e a celebración do concurso de calidade do mel, no que participaron este ano 11 empresas apícolas locais. A programación combinou actividades de todo tipo para nenos e maiores con relatorios especialistas, obradoiros de cociña e actuacións musicais ademais dunha degustación.



Unha achega de 409.000 euros irá para o Campo da Feira do Viveiró

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un convenio de colaboración co Concello de Muras mediante o cal a institución provincial alcanzará 409.000€ en dúas anualidades para acometer o proxecto de mellora e humanización do Campo da Feira do Viveiró. Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que detallou que o importe total para acometer as obras é de 460.000€, aportando o municipio chairego o 10% restante.

“A colaboración económica que

aprobamos hoxe servirá para darlle unha nova imaxe e para facer máis accesible e cómodo para a veciñanza un espazo social tan importante como o Campo da Feira do Viveiró, que acolle eventos importantes para este municipio e para a comarca como pode ser a Feira do Mel”, sinalou García Porto. Unha actuación que se suma ás obras de reordenación e acondicionamento xa acometidas na Praza da Galeguidade desta vila, que financiou integramente a Deputación con

220.000€.

Un exemplo máis, segundo destacou a Deputada, “da continua colaboración que dende a Deputación de Lugo prestamos ós 67 concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos ós seus veciños co obxectivo de fixar poboación no territorio”.



Arranxada a ponte que une Samil e Lousada

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, anunciou o final dos traballos de reparación da pontiga de Samil a Lousada, unha tarefa que se levou a cabo cos cartos municipais. Esta ponte sufrira o ataque duns vándalos e quedara totalmente cortada polo que tiveron que volver a unir as dúas beiras e remozar a madeira.

Trátase dunha ponte peonil moi

utilizada polos veciños sobre o río que atravesa a zona.

“Este acto vandálico supuxo un importante transtorno para a veciñanza da zona e tamén implicou un gasto de cartos que non era necesario polo que queremos que a xente teña en conta o que supón este tipo de accións, que ao final se pagan cos cartos de todos”, explicou Requeijo.



RENTA A CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de:
AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS
TURISMOS

☎ 722 376 219 - 664 797 776   

Rúa Castiñeiro P-11. Pol. Industrial Sete Pontes - Vilalba - Lugo

PROGRAMA DE VISITAS DAS ANPAS A PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO NO RURAL




 DEPUTACIÓN DE LUGO  Medio Rural
COORDINADORA

O Pedregal de Irimia incorpórase á rede de reservas hidrolóxicas

O Consello de Ministros, a proposta do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco), declarou 67 reservas hidrolóxicas en todo o país, entre as que se inclúen 26 novas reservas naturais fluviais e, por primeira vez, 19 reservas naturais lacustres e 22 reservas naturais subterráneas.

A declaración de 26 novas reservas naturais fluviais e a ampliación de dous tramos de ríos, cunha lonxitude de 518,37 km, eleva o número total de espazos protexidos deste tipo a 248, cunha extensión de 3.848,51 quilómetros. Ademais, agregáronse 19 reservas naturais lacustres cunha área de 12,34 km² e as 22 novas reservas naturais subterráneas, de 1.077,11 km² de superficie. Identificáronse e incluíronse no novo plan varios tramos de ríos, lagos e augas subterráneas que cumpren coas características necesarias para ser reserva hidrolóxica. O Catálogo Nacional de Reservas Hidrolóxicas conta na actualidade con 222 reservas naturais fluviais: 135 en concas intercomunitarias e 87 pertencentes a concas intracomunitarias. Con estas incorporacións, o Catálogo pasa a contar con 289 reservas.

O documento inclúe 6 novas reservas hidrolóxicas, 3 delas catalogadas como Reservas Naturais Fluviais, Río Xares e San Xil, en Galicia, e Río Ancares en Castela e León, que abarcan 76 km. 2 Reservas Naturais Subterráneas, o Pedregal de Irimia en Galicia, e Fonte da Leiteira en Castela e León, que abarcan 4,2 km². Por último, unha Reserva Natural Lacustre situada en Castela e León, o Complexo lagunar dos Lagos de A Baña, de 80.000 m².

“Muíño de Barxa é unha Asociación con 3 apelidos: Cultural, Agraria e Ambiental”

Jesús Castro, responsable de comunicación da nova asociación meirense, creada este ano

Cando naceu a asociación?

A asociación constituíuse hai uns meses, aínda está comezando a coller forma. É aínda un grupo moi reducido, e o propósito é que a partir de agora, que xa botou a andar, se vaia involucrando a poboación da contorna, o sector privado e as autoridades locais. Con esta colaboración entre os diferentes sectores, agardamos que se propicie un diálogo para impulsar o rural.

Cal é o obxectivo da mesma? Con que intención se fundou?

Muíño de Barxa é unha Asociación que leva tres apelidos: Cultural, Agraria e Ambiental. As súas liñas de acción son o desenvolvemento rural, a diversificación da actividade nese medio e a conservación do patrimonio natural. Un dos obxectivos polos que se quería comezar era pola oferta de actividades relacionadas coa formación, e por iso comezamos coa exposición para escolares e desenvolvendo ao mesmo tempo charlas e obradoiros nos que tratar eses valores da Reserva da Biosfera.

Cal é o segredo de manterse activos todo este tempo?

Aínda acabamos de comezar, en realidade, así que é cedo de máis para falar diso. Si que temos intención de seguir adiante o tempo que se poida, e que no traxecto se vaia unindo xente e entre todos compartir o esforzo e os resultados.

Que vinculación teñen con Meira?

Os membros que fundaron a Asociación vivimos e traballamos na contorna, é unha zona que engloba moita actividade dos concellos veciños: de Castro de Rei, da Pastoriza, da Ribeira de Piquín... É un territorio que conta cun importante patrimonio natural e que está coma quen di a caballo entre a Reserva das Terras do Miño e a Reserva do Eo e Terras de Burón, o que dá moitas posibilidades. Á fin e ao cabo, desta zona saen eses dous ríos que abrazan Galicia e acaban definindo as súas fronteiras.

Por que este nome?

O Muíño de Barxa atópase nas inmediacións da lagoa de Fonmiñá, onde aflora o caudal do río Miño, e dá testemuño do patrimonio natural e etnográfico da zona, así como dun pasado non tan distante aínda moi presente no imaxinario colectivo. Muíños coma ese foron eixos arredor dos que se estruturou a agricultura e a vida socioeconómica galega durante séculos, e polo tanto, tamén resultaron lugares decisivos para o desenvolvemento da cultura e da identidade. Tendo iso en conta, coas mesmas intencións e desta vez botando a vista cara o futuro, pénsase no Muíño de Barxa como símbolo da Asociación por ostentar estes significados.

Canta xente pertence á asociación?

De momento é un grupo pequeno, máis ou menos unha vintena de persoas e varios axentes implicados, pero segundo se vaia dando a coñecer coas actividades, contamos con que a xente da contorna se implique, e invitamos a que quen estea interesado a que se poña en contacto (<https://www.facebook.com/muinhodebarxa/>) para unirse ou propoñer calquera



cousa que se poida encadrar na asociación.

Que actividades realizan durante o ano?

Polo de agora a exposición sobre as Terras do Miño foi a primeira actividade. Xa estivo en varios concellos e queremos seguila levando por máis centros escolares, e tamén a outros sitios que non só sexan colexios e institutos, e aumentar os contidos relacionados con ela. Pensamos que é de interese para a poboación xeral e non somos conscientes do valor do noso territorio tanto como deberíamos.

Que obxectivos hai en canto á afiliación?

Sabemos que a vida hoxe en día é moi ocupada e a xente ten pouco tempo máis alá das súas ocupacións, pero encantaríanos ir sumando socias e socios, e ver que se pode conseguir un impacto positivo facendo as cousas cun pouco de iniciativa.

De cara ao futuro que proxectos teñen?

Gustaríanos poder seguir traballando para ofrecer un programa formativo que impulse as actividades emprendedoras e innovadoras. Sobre todo pensando, por exemplo na xente que se dedica á agricultura, e

ver que se pode facer para reducir o impacto ambiental nas súas prácticas, ou axudar a imaxinar vías para diversificar a actividade.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

Non polo de agora. Un dos retos a perseguir é o fortalecemento das colaboracións público-privadas, contando co apoio dos Concellos, de xeito que se favoreza a transmisión de coñecementos para mellorar a situación dos habitantes e traballadores de pequenos municipios, da investigación e das institucións vinculadas ao rural.

Que necesidades se lles presentan?

Ademais diso que xa mencionamos, sería desexable chegar a lograr a rehabilitación do Muíño, crucial para impulsar todas as actividades formuladas. Suporía unha mellora cualitativa e cuantitativa: é necesario dotar a edificación da capacidade de albergar un centro de operacións que sirva como espazo de exposición, lugar de reunións e para acoller visitantes, e como non, edificio con valor propio, demostrativo á súa vez da tradición arquitectónica da nosa historia e do acervo etnográfico do país. Pero iremos facendo aos poucos.

ZAFIRO TOURS VILALBA

Disponemos de tarjetas regalo y los mejores precios para Papa Noel, Reyes y día de los Enamorados. No dudes en solicitarnos información. **REGALA ILUSIÓN, DIVERSIÓN Y ALEGRÍA.**

Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

ESTE NADAL, FAI A TUA CESTA AGASALLO CON NÓS

CUARTO E METADE
ALIMENTACIÓN E HIXIENE A BORNEL
ECOLÓXICO, COMERCIO XUSTO E PROXIMIDADE

982 89 23 03 | 628 559 799 | Rúa Mallo 3, baixo, Vilalba

@cuartoemetaide | Cuarto e Metade

Meira inicia o programa de Nadal

Meira recibe un ano máis o Nadal por todo o alto e cun programa de actividades que xa se abriu coas actividades de ACEA Meira coa apertura do concurso de decoración.

Incluíuse no programa o último acto dos organizados con motivo do aniversario de Avelino Díaz, como a charla coloquio de César Camoira o sábado.

Tamén o domingo 15 tiveron lugar algunhas actividades festivas como o mercado benéfico que se organizou con motivo da feira.

O sábado 17 continuarán as actividades coa celebración do concerto solidario de Nadal a cargo da Escola de Música local, actuación coa que se pretende recoller alimentos para Cáritas. A actuación será ás 21.00 horas na casa da cultura con entrada de balde ata completar aforo.

O domingo 17 está previsto celebrar unha nova concentración en contra dos macroeólicos e pola tarde terá lugar unha gala benéfica pro Adriana e a asociación CTNNB1 organizada polas anpas do CEIP Poeta Avelino Díaz



e o IES Pedregal de Irimia. O día 22 haberá chocolatada, sobre ás 22.00 horas no Cabanós, organizada pola confraría Nosa Señora do Pedregal. Meira contará este ano novamente cun belén vivente e coa cabalgata tradicional como actos centrais da celebración das festas de Nadal, or-

ganizadas en colaboración coa anpa do colexio e a confraría local.

O belén vivente terá as súas representacións os días 25 de decembro e o 6 de xaneiro, como todos os anos na igrexa de Santa María ás 13.00 horas. Formarán parte deste belén os rapaces do colexio, que encarnarán as diferentes personaxes do nacemento, que volverá ter unha temática que unirá a todos. O día de Nadal será feira tamén en Meira.

Ademais, o día 5 de xaneiro terá lugar de nova a cabalgata de Reis, que sairá pola tarde dende a praza do Concello e paseará polas rúas de Meira ata o pavillón, onde os Reis Magos se sumarán á festa que se organiza para poder recoller as cartas dos pequenos e escoitar as súas peticións.

Como todos os anos, os Reis percorreren o camiño ata o pavillón sobre as súas carrozas.

Completa a programación o día 30, ás 20.30 horas, o concerto de Nadal da banda de música de Meira na casa da cultura.

Escolares participaron nunha xincana educativa



O CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz participou nunha xincana organizada polo Concello de Meira, por medio da Oficina de Turismo, e en colaboración coa parroquia de Meira.

A proba estivo organizada en dúas modalidades distintas: unha na que participou o alumnado de educación infantil centrada no outono, buscando follas e froitos das árbores autóctonas, así como graffías das mesmas e xogos de sons, cores e

cancións. Ao remate, o alumnado levou unha ficha co rosetón da igrexa a modo de mandala para traballar na clase de múltiples formas artísticas e plásticas. A segunda modalidade, orientada para o alumnado de primaria, consistía na busca de pistas agochadas con información sobre Meira, o mosteiro, o nacemento do río Miño, xeografía de Galicia, respostas en inglés, algunha adiviñanza e un experimento químico.

Primeiro aniversario da residencia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, compartiu os actos do primeiro aniversario da apertura do Centro de Atención a Maiores Santa María de Meira cos residentes, traballadores e familiares desta residencia da institución provincial. “Estou moi satisfeito de poder estar hoxe aquí, compartindo esta celebración tan especial, como é o primeiro aniversario da apertura desta residencia”, sinalou José Tomé, que estivo tamén acompañado polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, e o alcalde do municipio, Antonio de Dios Álvarez.



Destacou o presidente o esforzo conxunto dos usuarios, traballadores e familiares para facer deste centro un fogar e convidoulles a falar con el para contarlle como están

e trasladarlle propostas. “Porque o centro construíuno e manteno a Deputación de Lugo, xunto co Concello, pero este centro é das usuarias e dos usuarios”.

Meira recibiu unha coitela quitaneves para o inverno

Os concellos lucenses de Cervantes e Meira recibiron cada un unha coitela quitaneves. A Xunta investiu 51.600 euros neste material de emerxencia para actuar no caso de nevadas nos municipios cunha altitude media superior aos 800 metros, segundo o establecido no Plan NEGA.

Trátase de coitelas dotadas de reforzos traseiros e con rodas integradas para facilitar a súa montaxe e desmontaxe. Cunha anchura de limpeza de case dous metros, dispoñen ademais de mando a distancia e sistema de mans libres, así como dun siste-

ma de autodiagnóstico que permite identificar calquera problema que lle afecte ao funcionamento.

Con esta entrega complétanse as dotacións concedidas ao abeiro da orde de 2021 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias aos concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos galegos que contén con agrupacións de voluntarios de Protección Civil. Nelas tamén se inclúen 19 vehículos pick-up, seis remolques, 26 tendas de campaña para atención ás emerxencias e oito espaxaredores de sal.



6-DECEMBRO AO 6-XANEIRO	- CONCURSO DE DECORACIÓN DE ESCAPARATES, PORTAIS, BALCÓNIS, ... ACEA MEIRA.
19-DEC	- 12.00H. CHARLA-COLOQUIO, COMO INTERPRETAMOS AVELINO DÍAZ? POR CÉSAR CAMOIRA VIGA, 125 ANIVERSARIO AVELINO DÍAZ.
11-DEC	- FEIRA. - 12.00H. CONCENTRACIÓN DIANTE DO CONCELLO, DÍA MUNDIAL DAS MONTAÑAS. PLATAFORMA ALTO MIÑO, EÓLICA ASÍ NON. - TODA A MAÑÁ, RASTRILLO BENÉFICO. IGREXA DE MEIRA, COFRADÍA NOSA SRA. DO PEDREGAL.
17-DEC	- 21.00H. CONCERTO SOLIDARIO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEIRA. RECOLLIDA DE ALIMENTOS PARA CÁRITAS PARROQUIAL, CASA DA CULTURA, ESMU MEIRA.
18-DEC	- 10.00H. ROTONDEO REVINDICATIVO CONTRA OS MACROEÓLICOS POLA POLIGONAL DE MONZÓN. PLATAFORMA ALTO MIÑO, EÓLICA ASÍ NON. - 18.00H. GALA BENÉFICA POR ADRIANA E A ASOCIACIÓN CTNNB1, ANPA CEIP POETA AVELINO DÍAZ E ANPA DO IES PEDREGAL DE IRIMIA DE MEIRA.
23-DEC	- 22.00H. CHOCOLATADA NO CONVENTO, COFRADÍA NOSA SRA. DO PEDREGAL.
25-DEC	- FEIRA - 13.00H. REPRESENTACIÓN DO BELÉN. IGREXA DE MEIRA, COFRADÍA NOSA SRA. DO PEDREGAL.
30-DEC	- 20.30H. CONCERTO DE NADAL DA BANDA DE MÚSICA DE MEIRA, CASA DA CULTURA.
5-XAN	- 17.00H. CABALGATA DE REIS, DA PRAZA DO CONCELLO AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES.
6-XAN	- 13.00H. REPRESENTACIÓN DO BELÉN. IGREXA DE MEIRA, COFRADÍA NOSA SRA. DO PEDREGAL.

Nadal meirego 2022



CONCELLO DE MEIRA

Arliodias ASOCIACIÓN



ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEIRA

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEIRA

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP POETA AVELINO DÍAZ DE MEIRA

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO IES PEDREGAL DE IRIMIA DE MEIRA

PLATAFORMA ALTO MIÑO, EÓLICA ASÍ NON

O concello de Meira deséxalles un Bo Nadal!

Concedida a licenza para a planta de transferencia de residuos comarcal

O Concello de Riotorto concendeu a licenza para a construción dunha nova planta de transferencia de residuos por parte de Sogama. A planta ubicarase no lugar de Vilseca, preto da Cruz da Canela, nunha finca adquirida polo Concello a tal efecto xa que os veciños de Aldurfe, lugar escollido inicialmente para a planta, negáronse á súa construción.

O novo centro de recollida de lixo, para o seu posterior traslado á planta de tratamento en Cerceda, conta con orzamento cercano aos 2 millóns de euros. O seu obxectivo era a necesidade de mellorar o servizo da actual microplanta situada no Concello ao lado do punto limpo.

O complexo de recollida dará servizo aos concellos que xa usan a actual, Meira, Pol, A Pastoriza, A Pontenova e Ribeira de Piquín. Ademais, prevese que recolle residuos FORSU de Abadín, Baleira, Castro de Rei, Castrovirde, Cospeito, A Fonsagrada, Trabada e Vilalba, pero poderían utilizalo máis xa que o proxecto estima que pode asumir ata 6.500 toneladas de residuos.

O Concello rematou neste mes varias obras de asfaltado e o cambio de luminarias que se fixeron con cargo ao Plan Marco da Xunta e Plan Único da Deputación. Así, finalizaron os traballos na parroquia de Aldurfe, onde se fixeron os accesos da carretera da Deputación ao barrio de Pereiro, no seu límite coa Pastoriza. Trátase dun treito de dous quilómetros que requiriu un investimento de 48.000 euros. Os traballos, xa rematados consistiron na limpeza de cunetas, debroce e unha capa de rodadura de

Rematan obras de asfaltado e o cambio de cen luminarias



aglomerado en quete. Con este mesmo material fixéronse as obras en Praducelo, na parroquia de Órrea, obras tamén con cargo ao Plan Marco da Xunta. Consistiron tamén no acondicionamento dos accesos principais do centro urbano. Con cargo ao Plan Único fíxose a nova acción de cambio de luminarias para pasar das lámpadas de socio ás de LED. Cambiáronse unhas cen na recta de Valverde, vivendas comunitarias, campo de fútbol, Cachan, Torrentas e Teixeira.

aglomerado en quete.

Con este mesmo material fixéronse as obras en Praducelo, na parroquia de Órrea, obras tamén con cargo ao Plan Marco da Xunta. Consistiron tamén no acondicionamento dos accesos principais do centro urbano.

Con cargo ao Plan Único fíxose a nova acción de cambio de luminarias para pasar das lámpadas de socio ás de LED. Cambiáronse unhas cen na recta de Valverde, vivendas comunitarias, campo de fútbol, Cachan, Torrentas e Teixeira.

Volverá o tradicional baile de fin de ano

O Concello de Riotorto programou de novo este fin de ano o seu baile tradicional que se celebrará a partir da 1.00 horas do día 1 de xaneiro do próximo ano. A entrada para esta festa será de balde os asistentes poderán desfrutar da animación musical do dúo Estrellas no centro sociocultural da localidade.

Durante a festa haberá servizo de bar e ás 5.30 horas servirase chocolate gratis para todos. Esta festa está organizada polo Concello en colaboración coas asociacións de veciños.

Viaxe a Xuvenilugo para o día 28

Un ano máis, o Concello de Riotorto organiza unha viaxe para nenos e nenas ao espazo infantil Xuvenilugo no Nadal prevista para o mércores 28 de decembro con saída do colexio ás 15.30 horas.

As actividades diríxense a rapaces e rapazas de entre 3 e 16 anos e terán que ir acompañados dun adulto.

Os interesados e interesadas poden contactar co Concello para inscribirse e coñecer máis detalles antes do 25 de decembro. O prezo da viaxe é de 10 euros por persoa para os acompañantes xa que os pequenos irán gratis e terán merenda. O horario de apertura de Xuvenilugo é de 16.30 a 21.00 horas.

Os usuarios dos centros sociais celebrarán un xantar

O día 21 de decembro, mércores, o Concello de Riotorto organiza unha comida de Nadal especialmente dirixida a todos aqueles que participan nas actividades dos centros sociais.

O menú consta de callos, terneira asda con patacas fritas e ensalada e sobremesa caseira ademais de café. O prezo desta comida é de 15 euros por persoa e terá lugar no centro sociocultural de Riotorto a partir das 14.30 horas. Os interesados en inscribirse poden facelo nos propios centros sociais ou no Concello antes do 18 de decembro. Terán preferencia as persoas inscritas nas actividades dos centros veciñais.



Entregados os premios da quinta Ruta das Tapas

A veciñanza desfrutou un ano máis da súa tradicional ruta das tapas que se celebrou os días 2 e 3 de decembro. Esta quinta edición da Ruta das Tapas de Riotorto contou cun total de cinco establecementos hostaleiros participantes que ofreceron as súas propostas aos veciños.

Entre as persoas participantes sorteáronse ata cinco premios: o primeiro de 200 euros, correspondeu

a Lola Martínez, de Meira; o segundo de 100 euros, foi para Paco Hernández, de Riotorto; o terceiro será un vale de 50 euros de queixos Don Hilario que lle corresponde a Roque, tamén de Riotorto; o cuarto da mesma cantidade por produtos cárnicos O Mazo foi para Óscar de Bretoña, e o quinto, tamén de 50 euros para a Panadería Cartiere, correspondeu a Patricia Leivas, veciña de Riotorto.

O PSOE rexeita os orzamentos por “reflectir unha parálise”

Os socialistas de Riotorto criticaron o proxecto de orzamentos do PP para o 2023. Advirten de que as contas municipais “non presentan nin un só proxecto novo para o municipio”, e explican que “a única partida que medra é o soldo do alcalde, que ascende a máis de 61.000 euros (que inclúe dietas, quilometraxe e seguridade social), para gobernar un concello de 1.000 habitantes. E sen esquecer que a muller do noso alcalde tamén recibe un salario do Concello xa que traballa como administrativa, como xa denunciámos no seu día”.

O voceiro do PSdeG, José García Freije, sinalou na sesión plenaria na que rexeitaron as contas municipais, que o Concello esta enchendo as arcas públicas á conta do incremento nos recibos de recollida de lixo, que subiron un 100%, ou mesmo cos recibos do IBI (contribución), así como do imposto de construción, cando o Concello esta ingresando dos impostos dos veciños 355.000

euros (lixo, contribución e licencia de obras). “Non podemos impoñer ás familias a carga económica da nosa vila, porque entendemos que agora é o momento de axudar ás familias e non de subirlles os impostos. Todo o mundo ten que apretar o cinto e o Concello tamén debe dar exemplo”. Nesa liña, lembrou o gasto de 682.000 euros adicado ao persoal laboral do Concello.

García tamén lembrou o investimento de preto de 300.000 euros da Deputación de Lugo, a través do Plan Único. “Esta cantidade é a que ano tras ano está concedida dos fondos provinciais para o Concello de Riotorto, segundo criterios públicos e obxectivos. Uns recursos que son destinados para realizar obras de mellora nos viais municipais, manter o Servizo de Axuda no Fogar ou impulsar o turismo, entre outros moitos obxectivos. Aquí hai un compromiso real para mellorar a calidade de vida da veciñanza, e non o fume que vende o PP”, recalcou.



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS



R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

“Estamos a piques de firmar o convenio para facer a residencia”

José María López Rancaño é o alcalde de Abadín, un dos máis lonxevos

Pode empezar por facernos un balance desta última lexislatura?

Eu entendo que é un balance positivo, fixéronse varias cousas importantes, seguíuse arranxando camiños, fixéronse e mantivemos o servizo de médicos en Abadín, que foi unha cousa importante con todo o que esta caendo, e fixéronse moitas xestións, sobre todo este último ano co tema da residencia. Estamos a piques de asinar o convenio coa Consellería, que achegará un pouquiño máis do cincuenta por cento do custo total que está valorado en dous millóns de euros. Segundo a última noticia que teño, asinarase nun curto espazo de tempo porque xa nos pediron información para o compromiso formal da achega dese 48% municipal. E iso é unha obra das máis importantes independentemente de que o centro de día de Abadín para a terceira idade está funcionando moi ben e temos ademais unha axuda para o SAF, o Servizo Axuda no Fogar, tamén moi importante xa que temos 160 usuarios e entre 50 e 60 traballadoras actualmente.

Envócase moito no tema do asfaltado, non?

Si, invéstese independentemente do que somos quizais o primeiro concello en volume de aglomerados asfálticos na rede viaria municipal. Empregouse tamén moito diñeiro, uns dous millóns e medio de euros, na estrada que é unha arteria principal para nós, Abadín-Moncelos, para acceder a Lugo e a verdade é que falta o pintado e uns detallíños moi pequenos pero quedou moi ben. Fixéronse máis cousas, comprouse maquinaria este último ano, unha moto niveladora de 257.000 euros para arranxar eses camiños e sobor de todo os camiños forestais e os camiños de saburra para acceder ás leiras.

En que fase está o proxecto da senda que vai do Concello ata a futura residencia de maiores?

Está en fase o secretario de formalizar a compra, o terreo está pedido, está deslindado e falta que o secretario dea o visto e prace para os cambios necesarios de compra e escritura. Prevese un investimento de 240.000 na compra, deixando aparte

o arranxo. A cousa é facer unha vía peonil. Facer un acceso directo desde o Concello ata a residencia, unha zona de espaxamento para a xente maior e a do pobo e un aparcamento para que a xente que accede ao Concello teña un sitio cómodo para aparcar. Estamos a falar de arredor de dúas hectáreas.

Que máis proxectos hai agora mesmo en marcha?

O máis importante é o da residencia e o día a día, o que vaia xurdindo de acondicionamento de camiños. E se podemos traer algunha empresa para Abadín, facilitándolle todo o que son permisos, impostos e demais, en especial da rama agraria.

Afirma que o Concello está ben e saneado.

Teño que dicir que estamos moi ben porque somos moi bos xestores. Tamén facilitan moito os cartos que entran dos parques eólicos, que son un ben para o concello evidentemente e tamén están moi ben para os veciños e sobre todo para as comunidades de montes. Independentemente da achega económica, que é moi importante, para eles, os accesos que teñen despois para ir ver aos animais e os medios de acceder ás súas propiedades supoñen un valor engadido.

De cara ao futuro, que outros proxectos a parte da residencia?

O que nos vaia demandando a xente. A residencia é o que máis tiñamos de demanda pero tamén algunha traída de augas, que nos queda por exemplo facer a de Cambia, que recibín un escrito dicindo que nos achegan mananciais que existen no monte comunal e que facilitarían o paso co menor dano posible polas súas propiedades. É unha cooperación con eles importante porque é un acordo achegando mananciais a pesar de que son da Confederación Hidrográfica que hai que pedir permiso, pero están nas súas propiedades e permite o paso de tubaxes e depósitos e demais servizos. Sería para levar auga á parroquia de Cambia e ás demais parroquias que cooperan, como coopera neste caso Cambia, para ir mellorando.

Hai moitos problemas e queixas polo tema do servizo médico que

non cubría todas as demandas.

Si, pero neste caso creo que había preocupación de que quedara moi reducido o servizo en Abadín e non, hai dous profesionais todos os días e cubriuse a demanda que reclamaban os veciños. Houbo sempre dous profesionais atendendo. Si que houbo un problema no mes de agosto pero xa se solucionou e tivemos sempre dous profesionais atendendo aos pacientes de Abadín.

Como definiría o concello?

É un concello eminentemente rural con dous partes diferenciadas, o que é a parte norte que é zona de montaña, onde están os nacementos dos ríos Eume, Masma, Adra, onde está a fraga Vella e o Xistral; e a parte sur, que é o que é a Terra Chá e que Abadín representa o que é a porta grande dá Terra Cha. Somos un pobo máis gandeiro que agrícola, sobre todo de gando de carne.

A nivel industrial, que proxectos hai?

Os que veñan, benvidos serán e facilitárolles o que é a implantación, os impostos e todo o que se lle poida axudar desde o Concello para que se instalan, como achega de terreos, se é unha empresa importante, como traballadores. Non está mal Abadín, temos Vázquez Portela, que ten 130 empregados, ou Loran, con 50, despois hai outras empresas con dez ou 15 empregados. É bo para os negocios instalarse no alto da xesta, pois lles facilitan todos os servizos por estar á beira da autovía.

Visto xa cos anos, prexudicou a Abadín cando deixou de ser zona de paso trala apertura da autovía?

Non, non ten que ver. A xente de Abadín non é xente de paso no aspecto dos restaurantes, a hostalaría e os bares seguen funcionando a pleno rendemento. E o que está na Xesta, como son as estacións de servizo, tamén. Nunha viaxe recente, dinme conta de que temos máis xente na Xesta que a que ten Guitiriz, porque está moi ben situada. Cando ves de Asturias, non hai outro sitio grande onde parar ata chegar aquí, é que non tes nada de Oviedo, Xixón ata Coruña tes en Guitiriz, non hai outra sitio onde parar. É o único apropiado desde Oviedo ata Coruña.



Que tal o funcionamento do sistema antinéboa que instalaron?

Ben, redución os cortes nun 90% o que significa un cambio moi drástico e tamén necesario porque supoñía un problema importante que vemos que se está a solucionar cun gran acerto.

Como está o proceso das parcelarias?

Das parcelarias está Moncelos en pleno funcionamento, esperando a visita do conselleiro para que lles explique o funcionamento e o desenvolvemento previsto. Hai que elixir a comisión de xestión, da que forma parte o Concello, os veciños e ao meu entender este primeiro paso é importante para que o desenvolvemento salga ben, que se saiba elixir ben a comisión, que é prioritario elixir unha que vele polos intereses da parroquia.

O servizo de Secretaría recuperou a normalidade?

Coa secretaria xa se recuperou normalidade. O Concello, antes da xubilación da secretaria fixo xestión en Santiago, publicouse a oferta pero non se presentou ninguén para facerse cargo de Abadín. A deputación tampouco tiña xente e entón fíxose no Concello de forma provisional para o máis urxente, como o pago das nóminas. Seguiu o proceso de busca e ao final apareceu un secretario, que leva outros concellos tamén e que funciona moito telematicamente.

Como está a situación dos gandeiros, porque ultimamente houbo moitas queixas?

Falamos disto no último pleno e recoñeceu o labor realizado no Concello sobre esta cuestión. Vemos que se solucionou parte do problema. Creemos que lle deron outra formulación e a Administración non acertou na forma de enfocalo, non acertaron no de querer facer todo o concello en moi pouco espazo de tempo non tendo persoal para facelo, tendo

cuadrillas contratadas. Pero agora están a reconducir o tema.

De que proxecto se sente máis orgulloso de todo este tempo?

Todo o que consegues para os veciños é un éxito e é un orgullo propio pero bo porque son cousas necesarias. O que pasa é que se fixo de todo un pouco, desde o centro médico, dous colexios, o centro de día, deporte de todo tipo, a área de descanso, estradas (xa dicía que temos a maior rede de estradas, que pasamos de 1000 km de aglomeradas), de todo un pouco. Agora se se consegue a residencia pos ao concello a nivel dos maiores de Galicia. Síntome orgulloso de cada unha e de todas as obras que se fixeron. Pasei polo cambio de teléfonos, a reelectricación, lembro que cando cheguei había un transformador para tres, catro ou cinco parroquias e agora cada parroquia ten catro ou cinco transformadores. Cambiou o conto para ben e para mal.

Conta xa con 71 anos é un dos alcaldes máis lonxevos da provincia. Volverá presentarse o ano que vén?

Si, voume presentar. Sentireime cómodo mentres sexa útil e mentres os veciños digan que sigo sendo útil. Que se un día aos veciños din o contrario tamén entendo e sei que existe outra vida fóra da política. E ten que gustarte a política, porque se non te gusta vaste ou fas o posible para que te boten.

E cal é o segredo para manterse tanto tempo co respaldo popular, a proximidade?

Certamente, a proximidade, a proximidade, esa é a palabra chave. Os veciños teñen que ver que estas aí, que falas con eles, que atendes as súas demandas. Con esa proximidade tento solucionar o problema, unhas veces conséguese e outra non pero polo menos téntalo. Hai que atender rápido as demandas urxentes e saber que non tes horarios e sempre proximidade.

<p>MILAR ALBOSAT tu tienda de electrodomésticos</p> <p>Avda. de Galicia, 42 17800 Vilaalba (Lugo) Telf.: 982 510 581 655 470 030 info@albosat.es www.albosat.es</p> <p>Servicio propio de reparación</p> <p>Venta y reparación</p>	<p>HORNO GRUNDIG GEBM11301XC Cocción 3D 9 Funciones Limpieza por hidrólisis</p> <p>319€</p>	<p>LAVADORA BEKO WT8612X5WR 15 Programas Programa express 10 años garantía</p> <p>399€</p>	<p>LED 32" JVC LT-32VH31005 HD Ready • Smart TV • HDR10</p> <p>159€</p>	<p>BARBERO BRAUN MGK3921 Sin cable • 3 cabezales</p> <p>39€</p>	<p>DEPILADORA PHILIPS BR920/00 LUMEA Año extra de Garantía</p> <p>269€</p>
---	---	--	---	---	--

Supervisan a obra nos accesos ao parque empresarial



Estase a executar no parque empresarial de Outeiro de Rei a mellora das infraestruturas viarias levada a cabo co apoio da Xunta de Galicia. En concreto, a Administración galega achegou máis de 114.000 euros (o 80%) para un proxecto no que se investiron máis de 143.000 euros. O de Outeiro de Rei foi un dos 42 proxectos apoiados

en Galicia para a mellora de infraestruturas en parques empresariais.

A actuación enmárcase no obxectivo da Xunta de mellorar e crear novas infraestruturas sostibles nas áreas industriais e impulsar a atracción de novos investimentos. Estes programas contan con 6,1M€ nos orzamentos para 2023.

O BNG afirma que o alcalde impediu tratar unha moción

Os concelleiros nacionalistas fixeron chegar a súa protesta polo sucedido no pleno de outubro, “o alcalde dun xeito totalmente arbitrario e sen dar ningunha razón, decidiu que non se debaterá, e polo tanto que tampouco se votara, o cuarto punto da orde do día, unha moción do BNG”.

“O señor Pardo non xustificou en ningún momento tal actuación, senón ao contrario, tan só manifestou que ese punto non se trataba e que se pasaba ao punto seguinte. Trátase dun intento máis de acalar á oposi-

ción feita polo BNG, pois xa levaba varios plenos queixándose que presentábamnos demasiadas propostas e iniciativas”, aseguran.

Explican que só se celebran seis plenos ordinarios ao ano, que é onde os grupos da oposición poden presentar mocións. “Se o alcalde, arbitrariamente, tan só nos deixara presentar unha moción por pleno serían só seis propostas as que poderíamos facer en todo o ano, número totalmente insuficiente para poder facer o noso traballo de oposición”, din.



Avd de la coruña 39 , lugo



648.739.473

Producións Excéntricas gaña o premio de Proxectos Teatrais

A 3ª edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais convocado pola Fundación e Casa-Museo Manuel María recaeu na compañía Produccións Teatrais Excéntricas polo seu proxecto Auto do Castromil realizado sobre a obra homónima de Manuel María. A obra será dirixida por Quico Cadaval e o elenco está composto por Víctor Mosqueira, Evaristo Calvo, Patricia Vázquez e Rocío González acompañados de Carlos Alonso na escenografía, Piti Sanz no espazo sonoro e Octavio Mas na iluminación.

O xurado tomou a súa decisión por unanimidade e cualificou o proxecto como “brillante e imaxinativo, recuperando propostas contidas no Teatro de Máscaras de Otero Pedraio, un dos textos máis visionarios no deseño dun teatro de van-



guarda propiamente galego”. Resaltou, ademais, que “a obra presenta unha gran capacidade de chegar a un espectro de público moi amplo, incluído o público escolar, pola súa mistura de estilos, o xogo cos obxectos e os materiais propostos, aventurando un espectáculo singu-

lar que promete poética e humor”. Tamén valorou o xurado que a proposta gañadora “presenta unha estética con capacidade de intervir na sociedade contemporánea recollendo os valores da obra de Manuel María que combina a vangarda coa cultura popular.”

Convocado o certame de recitado poético

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 11 de marzo de 2023 na propia Casa-Museo.

O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O obxectivo do concurso é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura. Así, os traballos gañadores da pasada

edición pódense ver no portal web da Casa-Museo.

O concurso establece catro categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a 6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria e a cuarta a de Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. Na primeira escolleranse dous traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente. Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade.

Organizan o primeiro concurso de decoración de Nadal

O Concello convoca o I Concurso de decoración de Nadal de Fachadas e Xardíns de Outeiro de Rei.

A temática a desenvolver na decoración será exclusivamente relativa ás Festas de Nadal e poderán participar no concurso todos os veciños e veciñas censados neste Concello. A decoración deberá estar instalada en funcionamento antes do 20 de decembro.

A inscrición será gratuíta. Os participantes terán que enviar unha foto actual da decoración da fachada e/ou xardín ao correo electrónico xuventude@concellodeouteiroderei.org. O prazo de envío rematará o día 20 de decembro de 2022.

Premiarase a decoración que proporcione un mellor ambiente festivo. O primeiro serán 150 euros, o segundo 100 e o terceiro 50.

**RESTAURANTE DE
VILALBA PRECISA
PERSONAL PARA COCIÑA**

TEL.: 627 065 019

“A orixe da Fundación reside ao calor da homenaxe a Manuel María”

Alberte Ansede é o novo presidente da Fundación Manuel María

O falecemento de Saleta Goy, viúva do Manuel María, trouxo cambios na dirección da Fundación que leva o nome do poeta chairego. Así, Alberte Ansede, antes secretario da asociación, accede ao cargo que deixou vacante Saleta. Profesor de Filosofía, leva moitos anos vinculado ao traballo que tenta poñer en valor a obra e vida do escritor.

Como foi o paso dende a Secretaría á Presidencia da Fundación?

Realmente o meu traballo como secretario estaba moi unido ao de Saleta como presidenta. Como é lóxico, nunca dabamos un paso sen consultar coa outra parte, todo o traballo se facía man con man. Tiñamos unha unidade de criterio moi grande criado e consolidado con moitos anos de relación moi próxima e, moi particularmente, arredor do proxecto da Casa-Museo Manuel María. Por tanto, asumir agora o mandato do Padroado de ocupar a vacante de Saleta é un proceso bastante natural. Por outra parte, o feito de que o Padroado valorase unanimemente que isto debía ser así reforza o meu ánimo para asumir o novo reto.

Chega con outros obxectivos?

Xa digo que viñamos traballando moi de acordo non só Saleta e eu senón tamén con todo o equipo que conforma a “familia” da Casa-Museo. Por tanto, o cambio na presidencia coído que non vai supor excesivas modificacións mais aló de que sempre notaremos a falta de Saleta, persoa intelixente, sabia, coñecedora da obra de Manuel María e tamén do País no que vivimos. Eu vouna relevar na presidencia mais eu non podo pretender substituíla. Cada quen ten as súas características e eu unicamente pretendo poñer as miñas ao servizo do equipo que xa vén traballando con afán. Nese traballo, sen dúbida, irán xurdindo novas iniciativas, sempre dentro da fidelidade ao legado do grande escritor chairego e dos valores que el e Saleta defendían.

Que proxectos quere poñer en marcha?

Gostaría de darlle un encaixe apropiado ao legado de Saleta que ten máis importancia do que moitas persoas podan supoñer. Isto precisa dun traballo previo de ordenación e inventariado para o que xa está en marcha un bo equipo do noso voluntariado coordinado por Xosé Manuel Pérez. De todos os xeitos, son consciente de que buscallo e acomodo apropiado é un reto difícil pois temos xa un problema grave de espazo na Casa-Museo.

Estivo desde o principio da creación da Fundación?

Efectivamente, a orixe da Fundación reside no diálogo con Saleta ao calor das numerosas actividades de homenaxe a Manuel María que se puxeran en marcha moi pouco despois do falecemento deste e nas que eu participara como coordinador. A boa resposta recibida aconsellou, aínda máis, que o legado de Manuel María se reunise nun lugar visitábel, a poder ser, na súa casa natal de Outeiro de Rei. O proceso foi difícil, pois coincidiu coa crise do 2008. Aínda así, en setembro de 2013 xa estabamos inaugurando a actual Casa-Museo. Un pequeno milagre que lle debemos fundamentalmente á relevancia da figura do grande escritor chairego.

Que relación lle unía ao poeta?

Eu lin a súa obra desde moi novo mais non comecei a tratalo persoalmente até os 20 anos nunha visita que lle fixen a Monforte. Desde ese momento sempre mantivemos unha cordialidade mutua que se foi convertendo en aprecio e amizade segundo pasaron os anos. Cando el e Saleta se veñen residir á cidade da Coruña esa relación de confianza pasou a ser moi íntima, relación que se mantivo con Saleta nos 18 anos que van desde o falecemento de Manuel María no ano 2004.

Cales son os obxectivos da Fundación?

Como é lóxico, nós debémonos a quen orixina o legado, Manuel María, e o primeiro obxectivo ten que ser conservalo debidamente e o segundo dalo a coñecer entre a sociedade galega. Con ese fin promovemos as visitas á Casa-Museo, editamos as súas obras, impulsamos que a súa obra literaria chegue ao público mediante expresións artísticas diferentes como a música, o teatro, o audiovisual, o recitado poético público... Ademais, está a promoción da cultura galega en xeral e da literatura en particular.

O traballo de recompilación da obra e legado do escritor está rematado?

Tivemos a grande sorte de que a Fundación se constituíse pouco despois da morte do escritor e así evitar que o seu legado se dispersase como ten sucedido en outros moitos casos. A outra grande sorte foi a de contar coa colaboración máxima e xenerosa de Camilo Gómez Torres, biógrafo do escritor. Desta maneira, a biblioteca, a documentación e os obxectos recibidos de Manuel María están debidamente ordenados, inventariados e, na maioría, xa descritos. Houbo un traballo de voluntariado moi importante que nós agradecemos infinitamente. Mais tamén é certo que a obra literaria de Manuel María é moi ampla e a súa vida social moi intensa, polo que sempre se poden reunir máis documentos, algúns de moito interese, que posúen particulares e que enriquecerían o coñecemento de aspectos concretos da obra do escritor. É un traballo difícil mais irémolo abordando.

Con que respaldo conta a Fundación?

O maior respaldo é o do voluntariado pois habería que preguntarse canto custaría pagar o traballo que leva feito. Mais ben sei que non te refires a iso. Por tanto, no que toca ao apoio económico, a achega máis firme e continuada provén da Área de Cultura da Deputación de Lugo que se mantén desde a apertura da Casa-



Museo e mesmo antes, para levar a cabo a súa remodelación. Ademais, recibimos unha axuda moi pequena da Xunta de Galicia. Por suposto que tamén acadamos ás convocatorias en réxime competitivo, particularmente da Deputación da Coruña. Finalmente, non é cousa menor o achegado polas “Amizades da Casa-Museo”, particulares que realizan as súas doazóns regulares para o sostemento do proxecto.

Fáganos un breve percorrido polo feito pola fundación desde a súa orixe.

Somos relativamente novos mais xa resulta difícil facer unha síntese do feito. A Fundación foi constituída o 20 de marzo de 2007 e declarada de interese galego en xuño dese mesmo ano. As dúas primeiras tarefas importantes foron a unificación do legado do escritor e a adquisición da súa casa natal para convertela en Casa-Museo. Tiñamos claro que, de non lograr isto, non continuaríamos co proxecto. Despois seguimos coa súa remodelación e acondicionamento para inaugurala en setembro do ano 2013, un fito importante. Desde a inauguración, o volume da nosa actividade interna e externa foi continuamente en aumento. Internamente eu destacaría o traballo de organización do arquivo e a biblioteca. Xa máis cara fóra eu destacaría, cando menos, tres cuestións. Por unha parte o logramos que a Casa-Museo manteña un

bo ritmo de visitas, tanto do público adulto como dos escolares. Por outra, a publicación progresiva da obra do escritor que posibilite volver a atopala nas librerías, aínda que é certo que, dada a súa extensión, queda moito por facer. E xa por último, o manter un conxunto importante de actividades que contribúen a que a obra de Manuel María se difunda a través de outras expresións artísticas. Así, por exemplo, o noso Certame Manuel María de Proxectos Teatrais -que premia a representación dunha obra súa- xa acadou unha relevancia enorme grazas ao apoio de 33 concellos, 3 Deputacións, o CDG e tres Mostrars de Teatro. Iso supón que a obra gañadora xa parta con un mínimo de 40 representacións. O mesmo podemos dicir das composicións musicais para piano e barítono, tenor, soprano e mesosoprano que anualmente promovemos sobre os poemas do escritor. Ou o recitado público dos seus poemas, ou as composicións audiovisuais realizadas sobre os seus poemas, etc. Ademais diso, nas actividades que organizamos todos os sábados, móstranse as creacións artísticas máis diversas, desde a música ao teatro, pasando polo cinema, a maxia, a narración oral... tanto para adultos como para a rapazada. De todos os xeitos, o máis importante é que, con todo isto, temos contribuído a que a obra de Manuel María e os valores que el e Saleta defenderon sigan vivos na sociedade galega.

Vilalbesa de Gasóleos, S.L.
DISTRIBUCIÓN DE GASÓLEOS A DOMICILIO

Años de experiencia avalan nuestra GARANTÍA

TELÉFONO DE PEDIDOS
629 847 744

Polígono Industrial - Avda. do Acívro, parcela 82-B. 27900 Vilaalba (Lugo) / vilalbesadegasoleos@gmail.com

Bo Nadal!

TEXAS
MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilaalba T. 982 511 876

f Texas Moda Joven

TERRA CHÁ

Sanidade continuará cos proxectos dos centros de saúde de Meira e Outeiro

A Consellería de Sanidade adxudicará nun prazo de dous meses o proxecto de ampliación do centro de saúde de Meira e iniciará os trámites para licitar o de Outeiro de Rei. Así o anunciou no Parlamento de Galicia a xerente do Sergas, Estrella López-Pardo.

A ampliación do centro de saúde de Meira, incluída na Fase 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, poderá adxudicarse en dous meses. "Licitamos o contrato por case 160.000 euros e abrimos o prazo de presentación de ofertas, que expirou o día 8 de novembro; así que podemos anunciar que catro empresas presentaron ofertas para realizar este proxecto, e que agardamos completar o proceso de adxudicación en dous meses".

Estrella López-Pardo sinalou ademais que o Sergas comezou os trámites para licitar o proxecto do futuro centro de saúde e PAC de Outeiro de Rei, unha vez o Concello certificou a adquisición da parcela que permitirá unificar as dúas infraestruturas.

No caso do centro de saúde de Meira, as obras consistirán nunha ampliación do inmoble ata superar os 1.200 m², o que significa triplicar a superficie do actual edificio.

Isto permitirá crear novos espazos como unha unha consulta de enfermería pediátrica, unha sala polivalente, ou unha sala de técnicas na que realizar ecografías, cirurxía menor ou o programa da muller. Tamén, no PAC incorporárase un box de críticos e mellorarase a zona de recepción e a sala de espera. O centro contará por primeira vez con despacho de coordinación, sala de estar e vestiarios para o persoal

En canto ao proxecto do futuro centro de saúde e PAC de Outeiro de Rei, formulouse un plan funcional que prevé unhas novas instalacións de 334,6 m² anexas ao actual centro de saúde onde se situaría un PAC cun maior tamaño das consultas de medicina e enfermería, e da sala de observación que alberga o box de críticos. Tamén, se incorporarán novos espazos.

Petroglifos de Friol e Outeiro de Rei reciben a catalogación BIC

Uns petroglifos atopados no ano 2013 por un veciño de Friol recibiron a catalogación de Ben de Interese Cultural por parte de Patrimonio, tras a xestión realizada polo colectivo Patrimonio dos Ancares.

No ano 2013, o veciño de Friol Diego Viñas observou uns gravados realizados nunha pena granítica situada no paseo fluvial de Friol, moi preto do río Narla. Integrantes do Colectivo Patrimonio dos Ancares achegáronse ata o lugar para comprobar a tipoloxía e de cantos petroglifos se trataba, labor nada doada a simple vista debido á forte erosión das figuras. Despois de varias visitas, utilizando distintas técnicas fotográficas (luz nocturna indirecta e fotogrametrías) realizadas por Álex Negreira, verificaron que na parte superior e máis lisa da pedra hai uns 4.000 anos insculpiran varias figuras compostas por unha combinación de catro círculos concéntricos con covaña central da que parte un apéndice, unha combinación de tres círculos concéntricos con covaña central, e un círculo simple. Nas inmediacións hai outra pena con oito cazoletas e pías.



Nos anos 2016 e 2021 informaron dos achados ao Servizo do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Lugo para que procederan á súa catalogación. O día 15 de novembro de 2022 recibiron a contestación onde comunican que, despois da correspondentes comprobacións, os seus arqueólogos verificaron que, efectivamente, trátase duns petroglifos prehistóricos, asignándolle o código de catalogación GA27020347.

Ao tratarse duns gravados prehistóricos e segundo a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, pasan a ter a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), gozando dende este mo-

mento da máxima protección legal. No concello de Friol localízanse unhas 40 penas con petroglifos o que o converte nun referente na arte rupestre ao aire libre da provincia de Lugo, tanto pola cantidade como pola calidade dos motivos gravados. Tamén comunicaron a catalogación dun interesantísimo ben patrimonial en Martul (Outeiro de Rei), solicitude que realizaron no ano 2017. Trátase dunha pedra reutilizada na casa reitoral onde se ve a representación dunha figura humana de trazos ben definidos que debuxan o corpo, brazos, pernas e cabeza onde se aprecia a boca e os ollos.

Xermade licita por segunda vez o servizo de Atención Temperá

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada a tal efecto, aprobou por segunda vez a licitación do Servizo de Atención Temperá, compartido cos concellos de Guitiriz e Vilalba. A anterior licitación declarouse deserta ao non dispoñer ningún licitador dos medios persoais mínimos requiridos para a execución do contrato.

Consonte a Orde que regula a convocatoria das axudas de atención temperá por parte da administración autonómica, nesta nova licitación os medios míni-

mos requiren dun equipo de tres profesionais. Outra novidade é que agora o servizo licítase de xaneiro ao 31 de outubro de 2022, con posibilidade de prórroga ata o 31 de outubro de 2023.

O prazo de presentación de ofertas finaliza o 15 de decembro, e a mesa de contratación reunírase para a apertura do sobre A o venres 16 de decembro. O Concello de Xermade prevé ter adxudicado o servizo na segunda quincena do mes de xaneiro.

Toda a información da licitación atópase na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Realizaron manifestacións contra o espolio eólico en Meira e Xermade

O domingo 11 de decembro, o pobo galego volveuse mobilizar a prol das montañas e do rural galego e en contra da actual invasión eólica que ameaza o noso territorio.

Máis de 3000 persoas, segundo datos recollidos polos organizadores, participaron nas 19 mobilizacións convocadas en diferentes localidades galegas pola coordinadora Eólica Así Non, con motivo do Día mundial das Montañas e co gallo de reivindicar diante das administracións públicas a preservación destes ecosistemas fundamentais para a vida fronte ao actual espolio eólico, baixo o lema Na defensa das montañas. Eólica Así Non.



Temos alternativa.

Na Terra Chá houbo dúas concentracións, en Meira e en Xermade,

onde subiron á medoña da Zaipa e a Silvera, lugares onde están proxectados aeroxeradores.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516150

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60
ALÉN

Clausuran o programa integrado de emprego para oito concellos

Mondoñedo acolleu a clausura do programa integrado de emprego que durante o último ano axudou a mellorar a cualificación profesional de 100 persoas dos oito concellos participantes.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade financiou con 250.000 euros esta iniciativa, promovida pola administración local mindoniense asociada coas de Outeiro de Rei, Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei e Abadín.

Subliñou que a Xunta financia coa mesma contía -250.000 euros- unha nova edición desta acción laboral, que vén de comezar e que compararán durante outro ano os mesmos concellos, nesta ocasión con Outeiro de Rei como promotor.

Os programas integrados de emprego proporcionan formación en áreas



específicas con demanda no mercado do traballo. Neste caso ofrecéronse 31 especialidades, como desenvolvemento web, inglés profesional para o turismo ou ecoturismo, condutor de carretillas elevadoras e limpeza de instalacións e equipamentos industriais, entre outras alternativas. Tamén se incide en aspectos como a intelixencia emocional, técnicas de

motivación para a busca de emprego ou fomento da capacidade emprendedora.

A experiencia ten como obxectivo mellorar o perfil profesional dos participantes e incrementar as súas posibilidades de obter un posto de traballo, como demostra o feito de que a metade dos participantes acadarán xa unha oportunidade laboral.

Tres centros escolares da comarca súmanse á reciclaxe

Un total de 20 centros escolares de primaria das catro provincias galegas foron seleccionados para participar neste curso académico no programa Recíclate con Sogama 2022-2023, cuxo obxectivo é promover a reciclaxe nos centros educativos e propiciar a práctica da estratexia dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe). Dentro da comarca chairega o serán tres centros: CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga (Guitiriz), CEIP Ramón Falcón (Castro de Rei) e CEIP Plurilingüe de Xermade (Xermade). Cada un deles desenvolverá o seu propio proxecto de reciclaxe, contando para iso cos coñecementos e asesoramento de Sogama, ademais dos medios materiais e divulgativos.

33.000 familias luguesas do rural terán fibra óptica con Adamo

Preto de 33.000 familias que residen en zonas illadas e dispersas da provincia de Lugo terán, por fin, acceso a Internet de alta velocidade. Trátase de veciños que agora contan cun sinal de baixo rendemento ou que, directamente, carecen de conexión. Así o confirmou esta semana o Goberno, ao ratificar o resultado provisional de a segunda convocatoria do Programa ÚNICO-Banda Ancha, financiado por Next Generation EU e dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O operador Adamo, principal adxudicatario a escala nacional das subvencións comunitarias para estender fibra en áreas rurais (312.000 vivendas en 17 provincias), será a

empresa que levará a cabo o cableado na provincia. Para iso, recibirá 12,3 millóns de euros, cantidade que completará con outros 5,2 millóns de capital privado ata alcanzar os 17,5 de orzamento. Os traballos de Adamo marcarán un antes e un despois na vida desas 33.000 familias lucenses, debido a que pasarán a realizar con garantías, cunha conexión a Internet de calidade, actividades que hoxe resultan en grao sumo habitual: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas ou gozar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras. Iso sitúa a a fibra óptica como un elemento fundamental para fixar habitantes.

O GDR Terra Chá participa nun encontro para impulsar estes grupos de desenvolvemento



Os GDR son un elemento clave para o desenvolvemento económico e social no rural, que precisan máis autonomía, participación social e visibilidade para dar a coñecer a súa importante labor vertebradora dos diferentes territorios, ésta é unha das conclusións ás que se chegaron neste primeiro encontro Redes, grupos e retos para o novo Leader (2023-2027).

O xerente do GDR 2, Fernando Soto-Camino, asistiu á xornada organizada pola Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, que reuniu en Santiago a membros dos grupos de desenvolvemento rural de Galicia e representantes de direccións xerais e grupos de desenvolvemento rural de Asturias, Cantabria, Castela e León, Castela A Mancha, Andalucía, Extremadura, Madrid ou Cataluña, que debatiron o novo papel e os retos de futuro aos que se enfrentan en cada territorio.

Na ponencia inaugural, José Antonio Santiso Miramontes, presidente da Asociación de GDR de Galicia, sinalou que “un dos obxectivos deste seminario é

reforzar e manter vivas as redes de colaboración entre entidades de desenvolvemento rural de diferentes zonas de España e poñer en común as diferentes estratexias de cada territorio para adaptarse ao novo plan Leader 2023-2027”.

Neste sentido, lembrou que “non podemos esquecernos de que somos entidades fundamentais para a dinamización do rural, atendendo ás demandas das persoas, poñendo en valor o que xa se fai, sendo enlace coas administracións e co obxectivo final de dar visibilidade”.

Pola súa parte, Carlos Martínez Carrillo, representante do GDR anfitrión, Terras de Compostela, deu a benvinda e “representantes de entidades de oito autonomías diferentes que estarán presentes ao longo dunha xornada que se agarda moi interesante”.

A directora xeral de Agader, Inés Santé Riveira, referiuse a “seguiremos apoiando este tipo de encontros para poñer coñecementos e experiencias en común co obxectivo de atraer máis movemento económico e social aos entornos rurais.



O 25N deixou numerosas imaxes nos diferentes concellos da comarca



O RECUNCHO DE CANELINA



CONCELLO DE COSPEITO

Concello de Cospito

Moi felices Festas do Nadal, e que a ilusión e esperanza que traen estas datas, iluminen o noso camiño e nos den a todos moito ánimo e fortaleza para o Ano Novo 2023.

Gracias a cantos fan posible un Cospito Mellor... Unha forte aberta!

O Alcalde e Corporación Armando Castosa Alvariño

DEPUTACIÓN

A Deputación formou en 2022 a 760 empregados públicos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto ás deputadas de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Ana González Abelleira, entregou os diplomas aos empregados e empregadas públicos da propia institución e dos concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua ofrecido neste 2022 pola entidade provincial. Este ano, a Deputación organizou 19 accións, nas que participaron 760 persoas. “Trátase de algo positivo a nivel individual, para a carreira profesional dos traballadores, pero tamén a nivel colectivo, porque, coa melloira constante de coñecementos, estamos contribuíndo a mellorar o funcionamento das administracións”, sinalou o presidente.

José Tomé subliñou que o Plan Agrupado busca precisamente “avanzar cara unha administración máis moderna e eficaz, con capacidade para



utilizar con proveito as ferramentas de traballo dispoñibles en cada momento e prestar así un mellor servizo á cidadanía, que debe ser a nosa máxima aspiración como servidores e servidoras públicos”.

Neste sentido, lembrou que os traballadores e traballadoras da Administración local xogan un papel fundamental porque están na primeira liña de consulta á que acoden os veciños e veciñas para pedir infor-

mación, facer trámites ou resolver dúbidas. “Formamos parte da Administración máis próxima á cidadanía, da primeira porta á que chaman cando teñen un problema”. Por iso, engadiu, “debemos seguir traballando xuntos, dotándonos das mellores ferramentas, de recursos e de formación como a que proporciona o Plan Agrupado para ser, cada día, máis útiles ós novos conveciños, porque así tamén lle irá mellor ós concellos”

Proposta para modificar os orzamentos galegos

O Pleno acordou reclamarlle á Xunta de Galicia que modifique os orzamentos 2023 para solucionar os incumprimentos pendentes coas infraestruturas e o reforzo dos servizos públicos da provincia de Lugo, a raíz dunha moción presentada polo PSdeG que foi aprobada cos votos a favor dos socialistas e nacionalistas e en contra dos populares. Así mesmo, dende a Deputación pídeselle ao Goberno galego que inclúa tamén un Plan de Reindustrialización que faga fronte á perda de emprego industrial, nomeadamente na comarca da Mariña e que habilite medidas de axuda especiais para a flota lucense afectada pola política de peche de caladoiros á pesca de fondos da Unión Europea. Ademais, tamén se lle reclama á Xunta que amose, a través dos seus presupostos, o apoio ao sector primario, nomeadamente aos gandeiros e agricultores.

A voceira socialista do Goberno

deixou patente a “insatisfacción da provincia de Lugo” con estes orzamentos porque “non atende ás demandas reais da veciñanza”. Na defensa “Dende a Deputación de Lugo non vamos deixar de reclamarlle as medidas necesarias para a provincia do Estado e de Galicia para o avance da nosa provincia e seguiremos reivindicando os incumprimentos pendentes en novas infraestruturas e máis e mellores servizos públicos no noso territorio”, perseverou a Deputada. “Fóra das infraestruturas electoralistas, só vemos que hai menos mestres nas escolas, menos médicos, menos prazas nas residencias públicas, menos industrias, menos rural e menos Galicia, Galicia, Galicia, como anunciaban nos lemas electorais”, manifestou.

García Porto tamén puxo o foco no aumento dos orzamentos deste ano que se deben ás transferencias do Estado.



Ponse en marcha o Plan Invernal nas estradas

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, e voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, presentou na Fonsagrada o Plan de Vialidade Invernal despregado polo organismo provincial para a temporada 2022-2023. Xunto cos recursos, a institución ten contratadas 8 empresas para labores de conservación e mantemento co fin de facerlle fronte coa maior eficacia e rapidez posibles ás incidencias que poidan provocar as inclemencias meteorolóxicas nos 4.217 quilómetros de estradas provinciais.

O dispositivo está composto por 112 operarios e 48 máquinas, ademais de 12 silos que a institución provincial ten distribuídos por toda a provincia e que dispoñen dun total de 420 toneladas de sal de mina.

García Porto destacou que contar cun protocolo destas características é fundamental para atender as incidencias que se poidan producir na rede viaria provincial, a máis extensa dunha Deputación en España, e garantir así a seguridade e comodidade dos usuarios e usuarias fronte a episodios de meteoroloxía adversa.

O Plan de Vialidade Invernal da Deputación divídese en 8 zonas, todas dotadas con medios suficientes para facer fronte coas maiores garantías posibles ás emerxencias que poidan xurdir. Dos 4.217 quilómetros de estradas, a metade están situados a máis de 600 metros de altitude sobre o nivel do mar, co que iso supón de maior incidencia das inclemencias meteorolóxicas.

O Pleno urxe á Xunta que reforce a atención pediátrica na provincia

A Deputación de Lugo úrxelle á Xunta de Galicia un plan de choque que reforce a atención pediátrica na provincia de Lugo, tanto con profesionais como con medios. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no pleno ordinario do mes de novembro que saíu adiante cos votos a favor dos socialistas, nacionalistas e coa abstención do PP.

A institución tamén reclama que o Goberno galego remate coa política de recortes de persoal e adopte as medidas necesarias para repoiñar coa maior brevidade posible os cadros de persoal nos servizos de medicina de familia, pediatría e persoal sanitario; e que atenda as reclamacións dos doentes e as organizacións profesionais á hora de deseñar o modelo de atención de urxencias pediátricas, para evitar que a falla de atención nos centros de saúde se traduza logo no colapso dos centros hospitalarios.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, foi firme á hora de defender o dereito dos nenos e nenas da provincia a unha atención digna e de calidade. Puxo o foco

na chegada da gripe e da incidencia das enfermidades respiratorias infantís propias do inverno como a bronquiolite, que fixeron colapsar o sistema. “O pasado día 15 de novembro o delegado do sindicato de enfermaría SATSE, Manolo Veiga, denunciaba o colapso dos servizos das urxencias pediátricas do HULA, así como en varios centros de saúde da provincia”, denunciou. A respecto diso, indicou, “a Xunta fixo caso fixo caso omiso destas declaracións, mesmo retou importancia ás patoloxías que levaron a hospitalizar a 25 nenos en poucas semanas; e tampouco lle prestou atención á manifestación celebrada o domingo día 20 en Viveiro onde familias e nenos saíron á rúa cargados de peluches e vestindo babeiros con lemas reivindicativos para denunciar a falla de atención pediátrica para os 1.600 menores de Viveiro, O Vicedo e Ouro”.

“Estamos ante un Goberno autonómico que non cre na sanidade pública e aposta por un modelo centralizado que camiña cara unhas urxencias cun sistema saturado ou cara a sanidade privada”, dixo.

Abre o prazo para solicitar praza no programa Lugo Termal

A Deputación abriu o prazo para solicitar algunha das 1.025 prazas do programa Lugo Termal. Este ano, o incremento do coste por praza derivado da inflación o asume integramente a institución provincial, que aporta practicamente o dobre que nas pasadas edicións. O que suporá o mesmo desembolso para as persoas solicitantes: 189,5€ na modalidade con estancia e 200€ na modalidade sen estancia.

As persoas interesadas deberán cumprir cos requisitos de ter máis de 50 anos, estar empadroadado ou empadroadada nalgún dos 67 concellos da provincia, valerse por si mesma, non padecer alteracións do comportamento que afecten á convivencia e carecer de contraindicacións médicas. Poderán presentar a documentación, a través do Rexistro Xeral – a cita previa pode solicitarse a través do teléfono 982 260 030- ou tamén, na páxina web da sede electrónica da Deputación de Lugo, sede.deputacionlugo.org.

A modalidade con estancia contempla seis días e cinco noites en pensión completa e con carácter xeral haberá 15 técnicas termais, agás que por razóns médicas xustificadas se desaconsellen, e haberá un recoñecemento médico previo á aplicación das técnicas termais.

DEPORTES

Sergio Vallejo presenta o vehículo co que participará no Dakar 2023

O piloto meirego Sergio Vallejo presentou o vehículo que o levará, xunto a Mario G. Tomé como copiloto, a participar no Dakar 2023, do 31 de decembro ao 15 de xaneiro.

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo é o principal patrocinador institucional do proxecto deportivo do piloto meirego, que tras moitos anos nos rallyes de velocidade, abre unha nova etapa na súa carreira

deportiva.

Sergio Vallejo debutará no Dakar aos mandos dun buggy da categoría T1. Tras levar o proxecto en segredo durante os últimos meses, nos que se estivo preparando ao volante de distintos vehículos, o piloto de Meira confirmara que disputará o rally-raid máis duro do mundo xunto ao copiloto lucense Mario G. Tomei.

Aos seus 55 anos, a primeira

experiencia de Sergio Vallejo no Dakar susténtase nun proxecto con ingredientes sólidos. Durante o acto, no que se descubriu o aspecto do Century Racing CR6 co que disputarán o rally, lembrouse a traxectoria deste piloto, que entre moitas outras distincións, foi dúas veces campión de España de rallyes.

O deputado nacionalista Efrén Castro lembrou que “a traxecto-



ria de Sergio Vallejo creou moita afección ao automobilismo en Lugo” e sinalou que “o proxecto supón un fito para o deporte

lucense xa que por primeira vez participa no Dakar un coche con piloto e copiloto lucenses na categoría T1”.

O Troitas Bravas encabeza a táboa tras o XI Aberto da Tarta



Por Daniel Rodríguez Saavedra

A quinta xornada da LNB Norleste disputouse o sábado 26 en Mondoñedo, coa disputa do XI Aberto da Tarta e deixou moi as claras que este ano as Troitas Bravas están máis bravas que nunca e nadan cara ó título a fume de carozo. Campo de xogo en perfectas condicións e setenta e dous palanadores dando o mellor de sí en cada golpexo co palán. Foron 51 homes, 16 donas e 5 cativos. Grata nova para todos a volta dun histórico, Milio, pois de novo colle o palán logo dun retiro forzoso. Tamén vemos por primeira vez esta tempada a Xermán nas pistas e agardamos que nos acompañe máis a miúdo.

No tocante ó xogo na xornada, só

Jorge, un dos touros de Remourelle foi quen de colarse no medio das intratables Troitas Bravas que se impuxeron os Carabullo e mais os Billardeiros Musicais con dez puntos por riba deles e consolidáronse no primeiro posto da xeral.

En individuais, gañou Regueiro, e logo dun desempate, o seu compañeiro David Navallo foi segundo e Jorge terceiro.

En donas foi a estrela dos Carabullo Irea quen gañou superando as Musicais Billardeiras Aroa e Geni. En infantis, desta volta Diego gañoulle a Mateu de Madia Leva e Antía de Troitas foi terceira.

Gostaron da tarta os tres primeiros clasificados e mais o equipo vencedor, que recibiron de mans do seleccionador Manolo Flores.

Catro ouros e unha prata para o Club de Loita de Vilalba en Gijón

O Club de Loita Olímpica de Vilalba acadou unha gran actuación no Campionato Galego celebrado no pavillón Santa Isabel de Santiago con catro ouros e unha prata.

Na categoría cadete, dentro do peso de 60 kilos, Boris Resetniak se fixo co título de campión autonómico e, no mesmo grupo de idade pero en 110 kilos a prata foi para Kevin Cuba.

Novamente os sénior volveron facer un gran papel con tres ouros, que foron para José Luis Puente Seoane en 92 kilos, José Cuba en 125 en loita libre olímpica e Catriel Pehuen Muriel en 130 kilo en gcorromana. Ademais, José Cuba iniciouse no

grappling acadando o bronce no mesmo campionato galego. Trátase dunha modalidade de loita que busca ter baixo control ao opoñente sen efectuar ningún golpe, para despois gañar o combate.

GIJÓN. Un grupo de loitadores vilalbeses participou no Torneo Villa de Gijón formando parte da Selección Galega, que acadou o bronce por equipos.

Na categoría o Club de Loita de Vilalba estivo representado por Bruno Pintos, Aldán Balbona e Héctor Somoza en menos de 45 kg, categoría na que este último se fixo co bronce. Tamén contou con Enrique Seoane

en menos de 60 kg, que tamén ocupou o terceiro posto.

Na categoría escolar participou Boris Reshetniak, que tamén acadou o bronce en menos de 57 kg. A participación dos deportistas vilalbeses foi moi meritoria ao loitar todos eles nunha categoría de idade superior á súa, malia que a diferenza de idade foi evidente, todos eles fixeron unha gran actuación, e subiron ao podio. Ao equipo vilalbés acompañouno Arkadi Ilemetov, recoñecido e condecorado adestrador ucraniano que chegou a Vilalba coa súa familia como refuxiados da guerra e que se atopa colaborando coa escola vilalbesa.

200 deportistas participaron na ciclocrós de Outeiro de Rei

Outeiro de Rei acolleu o Premio de Ciclocrós Deputación de Lugo, penúltima proba da Copa Galicia da modalidade, organizada polo Team Bike Outeiro co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A competición, que se celebrou nun circuíto no polígono industrial de Outeiro, reuniu máis de 200 participantes das categorías cade-

te, junior, sub 23, élite e máster, masculina e feminina, de clubs de toda Galicia, entre eles representantes do Team Bike Outeiro, de Cidade de Lugo, do CC Chantadino, do CC Eo e do Club Ciclista Vilalba-As Pontes.

Na categoría masculina o triunfo foi para Saúl López, de Academia Postal, seguido de Luis Fernández de Porriño e Yago Pico de Vilalba. Na feminina o primeiro foi para Irene Trabazo, de Santomé de Piñeiro, acompañada no podio por María Jesús Barrios (Team Oienese) e Eva Ortega, do MTB Extol. En Sub 23 o triunfo foi para Ricardo Martín Buba; en júnior gañaron André Martínez e Sabela Conde; en ca-

dete Néstor Frías e Lorena Patiño. Ademais, en Máster 30 o triunfo foi para Miguel Porte e Iria Neto e en Máster 40 para Constantino Muñoz e Paula Blanco.

O deputado de Deportes Efrén Castro, que asistiu ao desenvolvemento da proba e a entrega de trofeos, felicitou “a organización e deportistas por unha xornada espectacular, que puxo por primeira vez a comarca de Lugo no calendario dunha Copa Galicia de Ciclocrós” e apostou pola continuidade destas probas como aliciente para consolidar esta modalidade ciclista, que ofrece unha alternativa máis para practicar deporte a todas as idades”.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



Convocan a V Carreira de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei celebrará de novo a V Carreira Popular Concello Castro de Rei. A proba será o domingo 8 de xaneiro, o primeiro do ano como é tradicional, e terá saída na Casa do Concello e percorrido por vías da Deputación ata chega á meta no Campo da Feira de Castro Riberas de Lea. A organización poñerá a disposición dos participantes na proba un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende o Pavillón municipal de Castro Riberas de Lea ata a saída na Casa do Concello de Castro de Rei.

A inscrición, que se realiza na web carreirasgalegas.com, pecharase o martes 3 de xaneiro ás 23:59 horas. Haberá unha categoría absoluta cunha distancia de 14,8 quilómetros e despois cinco grupos máis en función da idade que percorreren dende os 0,15 quilómetros dos pitufos ata os 2 quilómetros dos sub 18. As probas de menores serán na contorna do Campo da Feira de Castro Riberas de Lea.

A carreira absoluta terá a súa saída ás 10.15 horas e as outras cinco probas saíran cada cinco minutos, dende os pequenos ás 12.10 ata os sub 18 ás 12.30.

Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta e para os tres primeiros da cada categoría. En Pitufos darase medalla a todos os participantes pero non haberá trofeos para esta categoría nin se farán clasificacións.

Nas categorías dende promoción ata sub 16-18 darase medalla a todos os participantes, así como trofeo ós tres primeiros. Ademais repartirase un trofeo ao primeiro/a atleta local da carreira de adultos. A entrega de premios será na zona de meta (Carballeira) e comezará, aproximadamente, ás 12.45h.

SERVIZOS. Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira como aparcadoiro gratuito (ata ocupación das prazas existentes) nas inmediacións do pavillón municipal; baños, vestiarios e duchas no pavillón municipal de Castro Riberas de Lea, a escasos 300 m da liña de meta; roupeiro e un vehículo de transporte ata a liña de meta. Ademais haberá servizo de autobuses, avituallamento de comida e bebidas ao final de cada carreira para todos os participantes e servizo de ambulancia.

A Samurai Xtreme Race Lago das Pontes xa ten data para o 2023

A Samurai Xtreme Race Lago das Pontes xa ten data de celebración para este ano 2023 e será o 2 de xullo. Esta proba desafia aos participantes a conquistar obstáculos extremos nun terreo complicado. Será unha carreira duns 9 quilómetros de distancia coa saída e a meta na praia do Lago das Pontes.

Os obstáculos repartiranse por todo o percorrido cunha separación máxima entre eles de 500 metros, e a carreira partirá da zona sur da praia do Lago pasando pola zona cedida por Endesa ao Concello para penetrar na zona propiedade de Endesa.

Todo o percorrido será nunha contorna natural con vistas espectaculares ao Lago das Pontes. As inscricións, que xa están abertas, realizaranse a través da páxina web www.samuraxtremerrace.es.

Cada participante recibirá unha camiseta, medalla, avituallamentos e agasallos ofrecidos polos patrocinadores.



Haberá trofeo especial para os tres primeiros clasificados, así como aos tres primeiros equipos que consigan sumar o menor tempo posible. Na Samurai Xtreme Race tamén hai sitio para a diversión dos nenos e por iso os pequenos de 4 a 13 anos poderán desfrutar ao mesmo tempo que melloran a súa actividade física na Samurai Junior Race, que se realizará nas zonas verdes á beira da praia do lago.



O CB As Pontes organiza un ano máis o campus de baloncesto de Nadal



As Pontes acollerá entre o 26 e o 29 de decembro un campus de baloncesto dirixido a nenos de 8 a 16 anos organizado polo CB As Pontes en colaboración tamén co Concello a Federación Galega e a Deputación da Coruña. Traballarase en dúas canchas con horario de 10.00 a 18.00 horas con desprazamentos, locais, xantar e merendas incluídas.

O prazo de inscrición está aberto e pode facerse por mail en cbaspontes@gmail.com ou whatsapp no 639 062 068. As prazas son limitadas a 50.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COspeito Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRÍOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02			VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiros de Lea: 982 31 11 14	TELÉFONOS DE INTERESE		
	 Emerxencias: 112 Incendios Forestais: 085 Urxencias Sanitarias: 061 Garda Civil: 062 		
	+ Teléfonos: www.terrachaxa.com		

COLABORACIÓNS

Luces na escuridade

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A realidade demográfica do interior de Galicia non se pode disimular; a evolución da poboación nas últimas décadas pódese analizar a través dos distintos padróns municipais. Asistimos impasibles a unha mingua constante de veciños nas nosas aldeas, onde cada vez hai máis xente maior e menos novos.

A aparición do Covid trouxo consigo un confinamento que nunca tal se vira; as familias tiveron que ficar

nos seus propios domicilios durante semanas. Esta dura experiencia fixo reflexionar a moitos sobre a calidade de vida, xa que resultou difícil manter en apartamentos e pisos de sesenta, setenta ou noventa metros cadrados a pais e fillos xuntos as vinte e catro horas do día. Aqueles que residían nunha vivenda unifamiliar eran vistos con certa envexa, xa que mentres uns estaban apilados, os outros tiñan un prado, unha horta, ou unha simple veiga onde poder estirar as pernas e respirar. Agricultores e gandeiros seguiron coa súa actividade de maneira practicamente normal; a atención ó gando e aos cultivos tivo que seguir cos seus hábitos. A raíz dese acontecemento que

tanto nos afectou, si se observou certo aumento na poboación dalgúns concellos, coa chegada de novos veciños que se instalaron en zonas rurais, ben aproveitando que había unha casa familiar, ben alugando ou comprando, e incluso construíndo novas edificacións. É un feito este que si se constatou, coa correspondente alegría xeral, xa que sempre é motivo de satisfacción que a paisaxe humana aumente, sobre todo se hai pequenos polo medio. No entanto, esas novas incorporacións seguen sendo escasas para reverter a pirámide poboacional, que continúa a ser demasiado estreita por baixo e moi ancha por arriba.

De aí que cando un le novas nos xor-

nais, como a de dous rapaces que arrendaron unha finca en plena pandemia no lugar de Ribadeume, nas Pontes, para desenvolver un proxecto de cría de gando vacún de carne, non caiban outras reaccións que non sexan de admiración e devoción cara eles pola decisión tomada. Ambición non lles falta a Javi e Álex, que decidiron instalarse nunha aldea que leva deshabitada cen anos e á que non chega a luz –curioso, estando nas Pontes-. Xa teñen 21 vacas e a idea deles é incrementar a cabana. Emprendedores e con iniciativa, estes mozos tamén apostan pola cría de ovellas e pitas poñedoras. Ademais, esa cultura do esforzo queda certificada cando ámbolos dous combinan

esta actividade gandeira con outros traballos. Sen ningún xénero de dúbidas, Javi e Álex son verdadeiro exemplo de coraxe e valor, nunha época tan complexa como a actual e cun futuro máis cheo de incógnitas que nunca. Son unha luz no medio da escuridade, que merecen toda a sorte do mundo na súa andaina que ven de comezar. Por diante, como eles son plenamente conscientes, teñen grandes desafíos e retos, así como moito traballo para seguir medrando e poder vivir con dignidade. Existen modelos similares a estes dous amigos, que optaron por facer vida a ras de chan e que tamén iluminan esta noite escura. Para todos eles, parabéns e moito ánimo.

José Manuel Peón Peña, In Memoriam

CARTA ABERTA



Agustín Baamonde Díaz

O día 5 de decembro de 2021, ademais dun día pesado de finais de outono, foi unha xornada triste para moita xente de Vilalba. Foi o día en que finou José Manuel Peón Peña, Xose do Peón. O Xose era unha persoa singular. Amigo, coma quen di, de todo o mundo. E se tiña algún inimigo, que eu non coñezo, sería por aplicación inexorable daquel vello proverbio: “se cres que non tes inimigos porque a ninguén fixeches inxuria, non che faltarán os que o sexan por envexa”. Quizais hai quen pensa que el mesmo era o seu propio inimigo, mais iso non é certo. El era como era, porque era así: “peculiar” e auténtico, sempre consecuente e leal cos demais e coa súa propia forma de ser.

Naturalmente, eu non escribo para xulgar, nin sequera valorar, a súa traxectoria vital. Pasado un tempo, simplemente considero un deber de xustiza deixar constancia do sentimento de pesar que, creo que a moitos, nos deixou a súa perda, e facer testemuña de afecto e recordo a unha persoa que, precisamente por ser como era, foi quen de facerse co corazón de tanta xente que tivo a oportunidade de coñecelo e tratalo. Por iso escribo tratando de fuxir dos tópicos e de expresar, dende o cariño, a miña particular visión dun

home aparentemente sinxelo, mais realmente complexo.

O que a min me queda del é que era calquera cousa menos convencional. Máis ben, un espírito libre, vitalista, de moitos matices, incluso contrastes, que se movía entre un optimismo recalitante e un pesimismo impenitente, sen que iso supuxera contradición algunha porque Xose era desas raras persoas capaces de levar sobre a realidade. Namorado e virtuoso do regateo futbolístico, tiña tamén na vida real unha facilidade máxica para relear, sorteando sempre tanto as venturas como as desventuras, foran propias ou alleas. Por elo o seu sino foi sempre ir e vir...e volver.

Todo o mundo sabe que era sociable por natureza e que coñecía ben Vilalba e á súa xente. Non hai que esquecer que medrou naquel punto de encontro de vilalbeses que era o mítico BAR PEÓN, lugar de rondas inacabables de viños que, entre intensos debates políticos pola mañá, acaloradas partidas de cartas pola tarde e inesquecibles tertulias de terraza nas noites de verán, alumeou innumerables vivencias e anécdotas que o convertían en espello no que se reflectía a realidade social da vila, sendo unha escola de vida impagable para el.

Con tales antecedentes e co seu carácter afable (“tratible”, que diría seu pai), e incapaz de facer mal a ninguén, quen podía non querelo? Xose, Pi, era o que se di un auténtico crack, capaz de transmitir alegría alí onde estivera. Ocorrente e imaxi-



nativo como poucos, sempre tiña a expresión, a forma ou o xesto oportuno para dinamitar o tempo e crear un ambiente cordial e de “bo rolo” en calquera momento, en calquera lugar e con calquera xente coa que se atopara. E por iso a súa perda deixa un sorriso de nostalgia ante a lembranza dos seus chascarrillos, as ocorrencias e as historias peculiares, tantas e tan variadas que cada cal podería contar a súa sen esgotar o repertorio.

Do seu corazón aberto e xeneroso fala mellor que nada a fonda pena dos usuarios e usuarias do Centro de Formación Ocupacional, onde traballaba, cando coñeceron o seu pasamento. Pero como dicía antes, o Xose tiña outra faciana máis complexa e máis difícil de coñecer porque tan só facilitaba o acceso a ela a xente de confianza. Unha faciana que

non sempre rimaba cos convencionalismos sociais porque respondía a conviccións profundas propias dun home intelixente, de vasta cultura e alta capacidade para o razoamento e a análise. Tal vez alguén se sorprenda (quen o coñecía, non) se digo que no debate aberto era un duro polemista, difícil de rebater porque manexaba tódolos paus da baralla e podía falar de case todo: dáballo igual o deporte, que tanto amaba, como a Guerra Civil (confeso que me deixaba impresionado o coñecemento que tiña da obra de Preston, Thomas, Payne ou Pío Moa), como tamén lle daba o mesmo abordar a autores da literatura moderna que ós do Século de Ouro, o underground ou o mainstream... Xustamente esas capacidades e o seu pensamento aberto sumiano nunha loita permanente entre un mundo real que

non lle gustaba en moitos sentidos e outro ideal que sabía de difícil realización, o que o levaba a unha complicada empatía co libertarismo, sendo como era defensor acérrimo da liberdade individual fronte a calquera outra consideración, con máis inclinación realmente cara á acracia que cara á anarquía (distinguindo perfectamente a sutil diferenza que separa ambos conceptos). Certo é que vivía nun mundo de contrastes e matices que o levaban a voar sobre a realidade, ás veces baixando dela, ás veces sacando un punto de rebeldía que o facía resignadamente inconformista... Podía ir e vir, pero sempre volvía, e precisamente esa capacidade para moverse no fio da navalla, soñador e fatalista ao mesmo tempo, á vez que alegre, bondadoso e volcado cos máis, era o que o convertía nun suxeito orixinal, único e irrepitible, deses que o seu recordo sempre resulta emotivo.

A súa devoción por figura icónicas como Garrincha, Camarón ou Los Enemigos, persoeiros de vida complexa no persoal pero xenios indiscutibles cada un no seu, e idolatrados por moita xente, axuda a comprender, sequera en parte, a personalidade de Xose.

El foise, pero a súa memoria e recordos permanecen indelebles. Alí, no lugar da eternidade en que se atope, aínda o imaxino tanto tirándolle un penalti ó Demo ó estilo Panenka como facéndolle un caño a San Pedro para entrar triunfante no Ceo; ríndose e sen perder a flemma en ningún caso. D.E.P.

Prisciliano no Obradoiro

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Tiveron que pasar máis de dezaseis séculos para que acontecese. E por fin sucedeu. Prisciliano regresaba a Compostela hai poucos días, chegando ata a mesma praza do Obradoiro, para reclamar o papel que legalmente lle corresponde na Historia de Galicia. Interpretado polo ourensán Paco Boluda, fixo a súa aparición herética atravesando a cidade vella a bordo do vehículo oficial de Amigos de Prisciliano, que o recolleu na Selva Negra, o maior parque forestal da capital galega. Coincidindo co décimo aniversario da fundación de Amigos de Prisciliano, hai varias semanas comezaba a rodaxe de 'O camiño de Prisciliano', documental inspirado na obra homónima de Ramón Chao. Un proxecto multimedia promovido por Arraianos Producións, coa colaboración do departamento de Cultura da Deputación da Coruña. Contará coa banda sonora de Manu Chao e coa participación do seu irmán Antoine, xunto con outros amigos, como Ignacio Ramonet, Perfecto Conde

Muruais e Victorino Pérez Prieto. Os múltiples escenarios discorren dende Tréveris a París e de Bourdeaux a Fisterra, pasando por Reigada e rematando en Compostela.

A principal finalidade desta aventura cultural é xerar unha reacción harmónica no público, en ocasións coa axuda da improvisación e do sentido da estética. A temática está vencellada ao proceso vital do protagonista, xunto á necesidade de denuncia ou crítica social e sempre cun espírito de transformación. Lembremos que Prisciliano (340-385) foi o primeiro sentenciado a morte acusado de herexía e executado polo goberno secular en Tréveris, en nome da Igrexa católica. Tras a súa desaparición xurdiu o priscilianismo, un movemento que dominou Galicia durante máis de douscentos anos. A forza de Prisciliano reside na dimensión popular do seu discurso, que incorpora a natureza e os seus elementos, e non distingue entre xerarquías ao concederlle aos laicos postos activos na Igrexa. Outro importante aspecto desa dimensión é o arraigo que o seu pensamento adquiriu en círculos femininos; tanto, que no seu día foi acusado de licencioso.

En pleno século XXI, o escepticismo ábrese paso entre a xente, e cada vez

hai máis persoas que non asumen como verídica a lenda de que na catedral de Compostela están soterrados os restos do apóstolo Santiago, transportados dende Haifa (Palestina) ata Iria Flavia (Padrón) nunha barca de pedra. Esta historia non ten aquí o mesmo valor mítico que noutros países europeos ou americanos, como Brasil. Na actualidade Santiago identifícase cun "santo turístico", cunha idea vencellada a unha necesidade política, social e militar dos cristiáns durante a chamada Reconquista. Pola súa banda, o herexe galego é herdeiro dun certo panteísmo céltico e tamén un líder evanxélico distanciados dos poderes terreales. Así o consideran autores como Méndez Ferrín, que se suman a recoñecidos historiadores como o profesor Henry Chadwick, de Oxford, convencidos de que a urna de prata da catedral encerra as reliquias de Prisciliano, e non as do apóstolo. Menéndez Pelayo xa falaba deste personaxe na 'Historia dos heterodoxos españois', e o propio Miguel de Unamuno mencionou en moitas ocasións a posibilidade de que a historia de Prisciliano estivese solapada coa lenda de Santiago. Considerado un símbolo da intolerancia política e relixiosa, Prisciliano fundou unha escola ascética, rigoris-

ta, de talante libertario, precursora do movemento monacal e oposta á crecente opulencia da xerarquía eclesiástica imperante no século IV. Os aspectos máis polémicos, en cuestións formais, eran o nomeamento de «mestres» ou «doutores» laicos, a presenza de mulleres nas reunións de lectura e o seu marcado carácter ascético.

En sintonía coa reivindicación da súa figura, Amigos de Prisciliano instalaba hai dez anos en Compostela unha escultura itinerante, concibida en terracota por obra e graza do artista mallorquino Eduardo Servera. Durante seis meses estivo exposta ao público na academia de arte dirixida por Xurxo Martiño e Luz Varela. Posteriormente -en agosto de 2015- instalouse de maneira definitiva na sede social de Compostela, situada no barrio de San Lázaro e xestionada por María Mata Pereiro e familia.

O primeiro presidente de honra dos Amigos de Prisciliano foi Jean-Claude Carrière, finado en febreiro de 2021 en París, quen interpretara o papel do herexe na película A Vía Láctea, de Luís Buñuel. No seu lugar foi nomeado o xornalista Ignacio Ramonet. Da presidencia fíxose cargo quen escribe esta crónica, en substitución de Ramón Chao e por desexo

do fundador. O vicepresidente actual é Antoine Chao e a secretaria xeral recaeu na catedrática Yolanda Novo Villaverde, especializada na obra de Alejo Carpentier e ponte cultural con Cuba. As delegacións organizáronse por provincias e comarcas. Na Coruña, Alicia Castro Barreda; en Lugo, Gabriel Núñez Chao; en Ourense, Xosé Manuel Saburido Forneiro; en Pontevedra, Afonso Ribas Fraga; na comarca da Terra Chá, Pilar Maseda Barrio; na Ribeira Sacra, Iria Fernández Crespo; e no Bierzo, Jesús Arias Jato, propietario do albergue Ave Fénix. Da coordinación de vogalías encargárase Fermín Galindo Arranz, e da acción propagandística, Xosé Manuel Ledo Casebio. Por outra banda, nomeáronse uns embaixadores para difundir a actividade priscilianista polo mundo adiante. Así, o representante diplomático en Francia é Jaime Chao; no Xapón, Tadashi Yamamoto; en Estados Unidos, Kirmen Uribe; en Catalunya, Marta Pérez; en Euskadi, Luís Sala e en Madrid, Miguel Barrera. Como tarefa aprazada debido á pandemia, quedou pendente o nomeamento dun alto comisionado en Roma, tendo como primeiro obxectivo organizar un acto masivo nas catacumbas de San Calisto. Seguiremos informando.

Don Juan de la Coba Gómez (e II)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

A invención do trampitán tamén deu pé a exacerbar o maximalismo español a persoas como o periodista Juan Soto, que o 20 de marzo de 2011 escribía no diario ABC madrileño barbaridades e insultos deste tipo: "También estos pollos se han sacado de la manga un idioma tan artificial y exclusivo como el trampitán. Pero don Juan era persona seria: no se lucró de su invento", coa intención de ridiculizar o noso idioma nacional, que supliu ao latín na corte de Castela, cando, segundo o abade Papebroch o español era "unha lingua non traballada", que estaba en cueiros e non válida como literaria, polo que o único rei Sabio que tiveron os españois era galego e escribía no idioma do noso país, que foi "inventado" ao longo de moitos séculos por todos os nosos antepasados bastante antes de que os seus inventaran o español. Pero, si el é feliz así pode seguir insultando e desacreditándose a si mesmo. O caso é que Don Juan fíxose moi fa-



moso e popular entre nós debido aos seus inventos, pois ademais de escultor, dramaturgo, poeta, periodista e inventor desa lingua, tamén inventou outras cousas moi interesantes, como xa verá o lector a continuación, polo que cento vinte e catro anos despois do seu pasamento foron moitos os escritores contemporáneos que se ocuparon deste home tan singular, como Curros Enríquez no "O divino sainete", que ao referirse aos poetas novos, puxo nos labios da condesa Pardo Bazán o seguinte verso: "Cantan como Xan da Coba", porque á condesa non lle gustaban os nosos poetas galegos

do Rexurdimento e tiñalle xenreira a Curros.

Como perito agrimensor que era, sabía da necesidade dun clima adecuado para un mellor crecemento dos produtos do campo; sabía que necesitaban da auga e do sol e que tanto o exceso como a escaseza dunha cousa ou da outra era prexudicial. Así que para controlar o tema, inventou o que el chamou "Paraugas Universal", unha especie de paraugas que se poñía no Polo Norte e cando xa tiña a terra a humidade suficiente abríase o paraugas e xa non chovía máis, pois sabía que habendo humidade o sol xa faría o seu traballo facendo medrar as plantas.

Penso que este invento non debeu ter moita aceptación, nin entre os personaxes literarios nin tampouco entre os nosos labregos, porque poucos falan del e, que eu saiba, tampouco se probou a súa eficacia. Pero o que si tivo moita sona foi "O Pirandárgallo", que é como o bautizou el en trampitán. Outro invento deste curioso personaxe que seica servía para viaxar. Tratábase dun aparello que consistía nun globo que se elevaba na atmosfera e utilizando uns complexos trebellos ancorábase no espazo por medio de

rodas dentadas, parafusos e hélices, e si querías ir á China non tiñas mais que agardar que a terra dera a volta e cando a China pasara por debaixo, baixabas e xa estabas nela. Despois, para volver inchabas o globo de novo, subías e ancorábalo no espazo, e cando pasara Ourense por debaixo, baixabas outra vez e xa estabas na capital auriense. Así de doado e divertido, pois vía pasar o mundo por debaixo dos seus pés.

Este medio de viaxar foi o que utilizou o personaxe da preciosa novela de Lois Dieguez, "Galou, Z28" (que foi Premio de Novela na Casa de Galicia de Bilbao no ano 1975), na que Arxemiro, ou Z28, que falaba o trampitán e dicía ser discípulo de Don Juan de la Coba, construíu ese aparato para escapar das rodas dentadas, onde o tiñan traballando coma un escravo.

Don Juan foi moi famoso debido a estes inventos e non foron poucos os escritores que o quixeron arremedar inventando verbas e idiomas, pero din os intelectuais que ninguén o fixo coa perfección de Don Juan, pois Vicente Risco afirma que "inventando o trampitán alcanzou a gloria" e incluso Sargadelos creou esa bonita botella de porcelana coa súa figura, que pode-

des ver aquí e, como di Carlos Casares na súa biografía, aínda segue interesando a escritores, artistas e curiosos. O mesmo Carlos Casares lémbraunos que o idioma inventado por José Bastida na novela "Saga/fuga de JB", de Gonzalo Torrente Ballester, está inspirado no trampitán.

A Xosé Ánxel Valente inspiroulle o poema "El hombre que tiene un ángel en la boca", que incluíu no libro "Nueve enunciaciones", publicado en 1982, pero ademais dos xa nomeados, faláron del personaxes tan importantes como Vicente Risco, Filgueira Valverde, o gran Valentín Lamas Carvajal, Manuel Leiras Pulpeiro, e outros moitos, aínda que quen mellor o definiu, coa súa característica ironía, foi o seu amigo Enrique Labarta Pose:

Quién es don Juan de la Coba?
Un vate en perito injerto
que usa con igual acierto
la pluma, el metro y la escoba.
Y un hombre que mide además,
aunque parezca mentira,
los terrenos con la lira,
los versos con el compás.
El, de todo entiende un poco:
porque es perito, escultor,
vate insigne, agricultor...
y hasta hay quien dice que es loco!

DE RUTA EN RUTA

Pol: Ruta polo corazón polense

A paisaxe é o primeiro valor do Concello, distinto e multiforme, ás veces sorprendente

Este roteiro foi creado e sinalizado con motivo do V Encontro Astur-Galaico e que tratou de amosar aos participantes unha pequena mostra dos encantos que ten o Concello de Pol.

O roteiro ten un trazado sen complicacións, optima para desfrutar relajadamente dos monumentos polos que se pasa e da paisaxe rural do municipio.

Unha descripción máis pormenorizada atópase no tríptico editado para a ocasión.

A primeira parada da ruta é a Santiña de Xerbolés, un monumento na honra a nosa Señora do Carmen e que se considera o escudo protector do propio Concello. Seguindo o paseo poderase admirar o escudo en granito e de forma ovalada da Casa de Dourado ou Pallín, que é de estilo barroco e que contén as armas heráldicas. Máis adiante atópase a capela de Xerbolés situada nunha fermosa e frondosa paisaxe entre o silencio das chousas, carballos e bidueiras. Seguindo o camiño ata Suegos está a capela das Neves, que se considera do século XVII, e des-

pois a fonte de Sambade que é de augas férreas.

Xa en Lea está o muíño de Páxaro, o escudo en granito cun emblema sagrado da Casa Vilar, o cruceiro de 1793 incrustado nunha parede formando parte do muro da Casa de Carballo, a igrexa de San Bartolomeu que data do primeiro terzo do século XIX e a Casa de Teixeira ou Abogado que conta con dous escudos. Un, cunha árbore e unha aguia coroada e o outro, de labra máis fina, ademais dos motivos do anterior, presenta catro estrelas sobre o plano refundido e a M dos Montenegro coa O na parte superior. Tamén presenta inscricións nas súas columnas. Ten un corredor, con escaleiras exteriores sobre piares de pedra.

Na parroquia de Cirio poderase admirar o Pazo de Fondón ou Trigo que conta cunha capela na honra a San Vicente, e da fonte de Fondón de 1818 e situada na parte exterior do pazo.

En Arcos de Frades atoparase a igrexa de finais do século XVIII e no seu interior un reloxo de sol que é replica do orixinal do ano 1902. Ao pasar por Silva estará o cruceiro de Ventín, e máis adiante xa asomará a área recreativa e o muíño do Pacio en Mosteiro, coa súa Carballeira. Nesta frondosa praza celébrase a finais do mes de agosto a Festa do Emigrante e hai un pequeno templete de música con pracas conmemorativas, tradición que se leva facendo dende 1984. Así mesmo poderase admirar a escultura ao cazados, feita por Puchades, e a escultura do Emigrante, en honra aos emigrantes do Concello.



DATOS



5 horas



20 km.



Dificultade
Fácil



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05